Estados Unidos	3,86
México	2,40
Nicaragua	0,13
O Salvador	0,13
Panamá	0,27
Paraguai	0,27
Perú	1,60
Uruguai	0,13
Venezuela	0,27
OCEANÍA	0,80
Australia	0,93
ASIA	1,86
Bangladesh	0,13
Casaquistán	0,13
Catar	0,27
China	0,27
Emirados Árabes Unidos	0,13
India	0,13
Indonesia	0,13
Singapur	0,40
Tailandia	0,13
Xapón	0,13

Constátase máis dispersión tanto por continentes como por países. Así sendo, Europa é o continente que acolle á maioría (76,4%) de persoas tituladas, seguido por América (20,0%), Asia (1,9%), Oceanía (0,9%) e África (0,8%).

Por países, o Reino Unido (21,4%) e a Alemaña (16,4%) son os principais lugares de residencia no momento actual, seguido por Portugal (8,1%), Francia (7,3%), Suíza (4,3%), Estados Unidos de América (3,9%), Irlanda (3,3%) e Países Baixos (3,1%). Entre os países americanos tamén destacan Brasil, México e a Arxentina, Australia en Oceanía, Singapur, Catar e China entre os asiáticos e a Tunisia entre os africanos.

1.2.2.4 Cidades e municipios

Reparando nas dez principais cidades onde residen actualmente as persoas tituladas durante o período 1990-2015 temos, por orde de importancia decrecente, as seguintes: Vigo (33,7%), Ourense (11,6%), Pontevedra (6,9%), A Coruña (4,0%), Madrid (3,5%), Santiago de Compostela (2,6%), O Porriño (1,8%), Cangas (1,7%), Redondela e Barcelona (1,4% ambas). Por outra parte, con porcentaxes menores de 0,5%, están Londres (0,5%), Berlín e París (0,2% ambas), Porto e Bruxelas (0,1% ambas).

Si limitarmos a análise ao ámbito galego, os municipios citados anteriormente, xunto con Ponteareas (1,3%), Vilagarcía de Arousa e Moaña (1,2% ambos) agrupan o 67,4% das persoas tituladas con residencia actual en Galicia⁵³.

1.3 Mobilidade xeográfica

Para analizar a emigración ou a mobilidade xeográfica das persoas tituladas que responderon á enquisa, este fenómeno é encarado desde dúas perspectivas. En primeiro lugar, como un balanço de mobilidade xeográfica, isto é, a partir da diferenza existente entre o lugar de residencia no momento actual e durante os estudos. En segundo lugar, a mobilidade xeográfica virá representada como a evolución da proporción de persoas que viven en tres áreas xeográficas: Galicia, outras Comunidades Autónomas e resto do mundo.

1.3.1 Balanzo da mobilidade xeográfica

A seguir é analizada a mobilidade xeográfica a partir da diferenza existente entre o lugar de residencia no momento actual e o existente durante os estudos por Comunidades Autónomas, provincias e países estranxeiros.

⁵³) A columna sombreada do Anexo 40 mostra a distribución porcentual do lugar de residencia actual das persoas tituladas nos municipios galegos.

1.3.1.1 Balanzo por Comunidades Autónomas

Por Comunidades Autónomas, os saldos positivos máis altos prodúcense na Comunidade de Madrid (+3,97), seguida de Cataluña (+1,83), Illas Canarias (+0,29) e Andalucía (+0,25). Galicia experimenta unha perda de 14,50 puntos, seguida polas perdas producidas en Asturias (-0,10), Castela e León (-0,03) e Extremadura (-0,01).

Cadro nº16: Balanzo da mobilidade xeográfica por Comunidades Autónomas

Comunidade Autónoma	Residencia durante os estudos	Residencia actual	Saldo
A Ríoxa	0,07	0,08	0,01
Andalucía	0,12	0,37	0,25
Aragón	0,05	0,12	0,07
Asturias	0,55	0,45	-0,10
Cantabria	0,08	0,15	0,07
Castela e León	0,82	0,79	-0,03
Castela-A Mancha	0,13	0,23	0,10
Cataluña	0,13	1,96	1,83
Ceuta	0,00	0,01	0,01
Comunidade de Madrid	0,50	4,47	3,97
Extremadura	0,07	0,06	-0,01
Galicia	96,75	82,25	-14,50
Illas Baleares	0,06	0,29	0,23
Illas Canarias	0,13	0,42	0,29
Navarra	0,04	0,17	0,13
País Basco	0,26	0,42	0,16
País Valenciano	0,17	0,38	0,21
Rexión de Murcia	0,04	0,13	0,09

1.3.1.2 Balanzo por provincias

A mobilidade xeográfica presenta un saldo negativo en todas as provincias galegas, sendo máis acusado en Pontevedra (-6,90 puntos) e Ourense (-4,66) contra Lugo (-1,56) e A Coruña (-0,38).

Entre as provincias non galegas, cun balanzo positivo, destacan os saldos experimentados por Madrid (+3,97), Barcelona (+1,66), Illas Baleares (+0,23), As Palmas e Valladolid (+0,15 ambas), Tarragona (+0,14), Navarra (+0,13), Santa Cruz de Tenerife (+0,12), Alacante e Sevilla (+0,11 ambas) e Valencia (+0,09). Polo contrario, presentan un balanzo negativo as provincias de León (-0,20), Asturias (-0,10), Burgos (-0,03), Cidade Real (-0,02) e o grupo Almería, Avila, Huesca, Xaén, Teruel e Zamora (-0,01 cada unha).

Cadro nº17: Balanzo da mobilidade xeográfica por provincias

Provincia	Residencia durante os estudos	Residencia actual	Saldo
A Coruña	11,30	10,92	-0,38
A Ríoxa	0,07	0,08	0,01
Alaba	0,04	0,07	0,03

Provincia	Residencia durante os estudos	Residencia actual	Saldo
Alacante	0,03	0,14	0,11
Albacete	0,04	0,04	0,00
Almería	0,03	0,02	-0,01
As Palmas	0,08	0,23	0,15
Asturias	0,55	0,45	-0,10
Avila	0,01	0,00	-0,01
Badaxoz	0,06	0,04	-0,02
Barcelona	0,13	1,79	1,66
Biscaia	0,11	0,16	0,05
Burgos	0,16	0,13	-0,03
Cáceres	0,01	0,02	0,01
Cádiz	0,01	0,09	0,08
Cantabria	0,08	0,15	0,07
Castellón	0,05	0,06	0,01
Ceuta	0,00	0,01	0,01
Cidade Real	0,03	0,01	-0,02
Córdoba	0,01	0,01	0,00
Cuenca	0,02	0,03	0,01
Granada	0,02	0,05	0,03
Guadalaxara	0,02	0,06	0,04
Guipúscoa	0,10	0,18	0,08
Huelva	0,00	0,01	0,01
Huesca	0,01	0,00	-0,01
Illas Baleares	0,06	0,29	0,23
León	0,43	0,23	-0,20
Lugo	4,50	2,94	-1,56
Madrid	0,50	4,47	3,97
Málaga	0,02	0,06	0,04
Navarra	0,04	0,17	0,13
Ourense	19,89	15,23	-4,66
Palencia	0,07	0,03	-0,04
Pontevedra	60,06	53,16	-6,90
Rexión de Murcia	0,04	0,13	0,09
Salamanca	0,01	0,07	0,06
Santa Cruz de Tenerife	0,06	0,18	0,12
Segovia	0,01	0,02	0,01
Sevilla	0,02	0,13	0,11
Soria	0,00	0,03	0,03
Tarragona	0,00	0,14	0,14
Teruel	0,01	0,00	-0,01
Toledo	0,03	0,10	0,07
Valencia	0,09	0,18	0,09
Valladolid	0,08	0,23	0,15
Xaén	0,02	0,01	-0,01
Xirona	0,00	0,04	0,04
Zamora	0,07	0,06	-0,01
Zaragoza	0,03	0,12	0,09

1.3.1.3 Balanzo por países estranxeiros

Por continentes, a Europa, cun saldo positivo de 5,1 puntos, acolle 76,3% das persoas tituladas que residen no estranxeiro, seguido pola América (20,0%) e, a máis distancia, pola Asia (1,9%), Oceanía (1,0%) e África (0,8%).

Cadro nº18: Balanzo da mobilidade xeográfica por países estranxeiros

País	Residencia durante os estudos	Residencia actual	Saldo
ÁFRICA	0,02	0,06	0,05
África do Sul	0,00	0,01	0,01
Gana	0,00	0,01	0,01
Guiné Bissau	0,00	0,01	0,01
Marrocos	0,01	0,00	-0,01
Namibia	0,00	0,01	0,01
Tunisia	0,01	0,02	0,01
EUROPA	0,46	5,56	5,10
Alemaña	0,06	1,19	1,13
Andorra	0,00	0,02	0,02
Austria	0,00	0,07	0,07
Bélxica	0,00	0,21	0,21
Bulgaria	0,00	0,01	0,01
Dinamarca	0,00	0,10	0,10
Eslovaquia	0,00	0,02	0,02
Estonia	0,00	0,01	0,01
Finlandia	0,00	0,02	0,02
Francia	0,04	0,53	0,49
Grecia	0,01	0,03	0,02
Irlanda	0,00	0,24	0,24
Islandia	0,00	0,01	0,01
Italia	0,02	0,09	0,07
Lituania	0,00	0,01	0,01
Luxemburgo	0,01	0,02	0,01
Malta	0,00	0,01	0,01
Noruega	0,00	0,09	0,09
Países Baixos	0,00	0,22	0,22
Polonia	0,00	0,11	0,11
Portugal	0,29	0,59	0,30
Reino Unido	0,03	1,56	1,53
República Checa	0,00	0,05	0,05
Romanía	0,00	0,01	0,01
Rusia	0,00	0,01	0,01
Suecia	0,00	0,03	0,03
Suíza	0,00	0,31	0,31
AMÉRICA	0,56	1,46	0,90
Arxentina	0,02	0,15	0,12

País	Residencia durante os estudos	Residencia actual	Saldo
Barbados	0,00	0,01	0,01
Bolivia	0,01	0,03	0,02
Brasil	0,12	0,19	0,07
Canadá	0,00	0,08	0,08
Chile	0,03	0,13	0,10
Colombia	0,10	0,14	0,04
Cuba	0,03	0,01	-0,02
Ecuador	0,04	0,07	0,03
Estados Unidos	0,03	0,28	0,25
México	0,05	0,17	0,12
Nicaragua	0,01	0,01	0,00
O Salvador	0,00	0,01	0,01
Panamá	0,00	0,02	0,02
Paraguay	0,02	0,02	0,00
Perú	0,09	0,12	0,03
Uruguai	0,00	0,01	0,01
Venezuela	0,01	0,02	0,01
OCEANÍA	0,00	0,07	0,07
Australia	0,00	0,07	0,07
ASIA	0,01	0,14	0,13
Bangladesh	0,00	0,01	0,01
Catar	0,00	0,02	0,02
Casaquistán	0,01	0,01	0,00
China	0,00	0,02	0,02
Emirados Árabes Unidos	0,00	0,01	0,01
India	0,00	0,01	0,01
Indonesia	0,00	0,01	0,01
Singapur	0,00	0,03	0,03
Tailandia	0,00	0,01	0,01
Xapón	0,00	0,01	0,01

A partir do cadro nº18 pódese constatar que os países con máis saldo positivo son o Reino Unido (+1,52 puntos), Alemaña (+1,13), Francia (+0,49), Suíza (+0,31), Portugal (+0,30), EUA (+0,25), Irlanda (+0,24) e Bélxica (+0,21). O único país estranxeiro que presenta un saldo negativo é Cuba (-0,02).


En función dos datos anteriores, pódese concluír que a diminución da proporción de persoas que residen en Galicia no momento actual tradúcese nun aumento (saldos positivos) experimentados por outras Comunidades Autónomas e países estranxeiros.

1.3.2 Evolución da mobilidade xeográfica

1.3.2.1 Global

Tal como mostra a gráfica nº3, entre o momento de realizar os estudos e o actual prodúcese unha diminución de Galicia como lugar de residencia, que pasa do 95,8% a 82,2%, a custa dun incremento de residentes noutras Comunidades Autónomas (de 3,2% a 10,6%) e no resto do mundo (de 1,0% a 7,2%).

Gráfica nº3: Evolución da mobilidade xeográfica




1.3.2.2 Evolución quinquenal

Ao longo de todo o período analizado Galicia presenta unha tendencia global decrecente, pasando de ser o lugar de residencia de 88,5% das persoas tituladas no quinquenio 1990-95 a 79,2% entre 2011-15. A residencia noutras Comunidades Autónomas experimenta unha tendencia crecente nos catro primeiros quinquenios, oscilando entre un mínimo de 8,8% no primeiro a un máximo de 11,9% entre 2006-10, cun leve descenso no último até chegar a 10,2%. A residencia no resto do mundo experimenta unha tendencia crecente en todo o período analizado, pasando dun mínimo de 2,6% en 1996-00 até un máximo de 10,6% en 2011-15, período en que pola primeira vez o número de persoas tituladas da UVIGO residentes nun país estranxeiro supera aos residentes en calquera outra Comunidade Autónoma.

A proporción de persoas tituladas con residencia fóra da Galicia segue unha tendencia crecente en todo o período avaliado, pasando dun mínimo de 11,5% no quinquenio 1990-95, 12,5% en 1996-00, 16,2% en 2001-05 até os máximos de 20,8% en 2011-15 e 20,3% en 2006-10.

Gráfica nº4: Evolución quinquenal da mobilidade xeográfica (%)




1.3.2.3 Evolución anual

O Anexo 7 mostra o cadro de datos da evolución anual da mobilidade xeográfica no período 1990-2015.

1.3.2.4 Análise por xénero

Globalmente, a porcentaxe de homes titulados da Universidade de Vigo que residen no resto do mundo e noutras Comunidades Autónomas (20,5%) superan á das mulleres (15,8%), tal como se mostra na gráfica nº5. Os homes manifestan igualmente máis propensión a emigrar para países estranxeiros que as mulleres (43,4% contra 38,0%).

Gráfica nº5: Mobilidade xeográfica por xéneros




1.3.2.5 Análise por ámbitos académicos

A partir da gráfica nº6 pódese constatar que o ámbito académico con máis porcentaxe de persoas tituladas residentes fóra da Galicia é o Científico (27,9%), que presenta o máximo de persoas residentes noutras Comunidades Autónomas (15,1%) e o segundo das residentes no resto do mundo (12,8%). En segundo e terceiro lugar áchanse as persoas tituladas do ámbito de Arte e Humanidades (23,4%) e Tecnolóxico (22,0%). A menor proporción de mobilidade xeográfica rexístrase nos ámbitos Xurídico-Social (12,1%) e das Ciencias da Saúde (14,1%).

En todas as ramas académicas, salvo na Multidisciplinar, a proporción de persoas residentes noutras Comunidades Autónomas supera á de residentes no resto do mundo.


Gráfica nº6: Mobilidade xeográfica por ámbitos académicos



1.3.2.6 Análise por Campus

En función do campus en que as persoas tituladas da mostra obtida completaron a súa titulación universitaria, os titulados/as do Campus de Vigo presentan unha taxa de emigración (20,6%) superior á de Pontevedra (15,4%) e Ourense (11,7%).


Gráfica nº7: Mobilidade xeográfica por Campus



1.3.2.7 Análise por tipoloxía de estudos

A partir dunha análise da gráfica nº8 pódese concluír que as titulacións de ciclo longo presentan unha mobilidade xeográfica superior ás de ciclo curto. Así sendo, a residencia fóra da Galicia entre os titulados/as das Enxeñaría Superior (27,8%) duplica á das Enxeñaría Técnica (13,4%) e a das Licenciaturas (19,3%) ás Diplomaturas (8,3%). O 31,3% dos titulados/as en Mestrados da Universidade de Vigo, na súa maioría procedentes doutras universidades, teñen residencia fóra da Galicia e máis no resto do mundo (19,1%) que noutras Comunidades Autónomas (12,2%). As persoas tituladas en Graos, tipoloxía de estudos de recente implantación, mostran unha mobilidade do 17,2%.

Gráfica nº8: Mobilidade xeográfica por tipoloxía de estudos



1.3.2.8 Análise por titulacións

1.3.2.8.1 Taxas de mobilidade xeográfica

As persoas tituladas que presentan unha máxima mobilidade xeográfica son os graduados/as en Comercio (45,5%), licenciados/as e graduados/as en Ciencias do Mar (41,9% e 40,0%, respectivamente), graduados/as en Enxeñaría da Enerxía (40,0%), enxeñeiros/as de Telecomunicación (35,3%), licenciados/as en Física (34,2%), enxeñeiros/as de Minas (32,9%), graduados/as en Publicidade e Relacións Públicas e licenciados/as en Tradución e Interpretación (31,8% ambos), ben como os graduados/as en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (30,0%).

Polo contrario, as titulacións cuxas persoas tituladas aínda non manifestaron ningún tipo de movemento migratorio corresponden aos graos en Ciencias Ambientais, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría Forestal, Estudos de Galego e Español, Relacións Laborais e Recursos Humanos e Xeografía e Historia.

As proporcións de mobilidade xeográfica máis baixas teñen lugar na Diplomatura de Traballo Social (1,8%), licenciaturas en Historia (3,8%) e Filoloxía Galega (4,5%), graos en Educación Primaria (4,6%) e Educación Infantil (4,7%), Enxeñaría Técnica Forestal (5,0%), Licenciatura en Psicopedag

goxía (6,2%), diplomaturas en Mestre/a (6,3%) e en Graduado Social (6,6%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (6,7%), Diplomatura en Relacións Laborais (6,9%), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (7,6%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (7,9%), Grao e Diplomatura en Educación Social (8,0% e 10,3%, respectivamente) e Diplomatura en Ciencias Empresariais (9,6%).

En termos da media global de mobilidade xeográfica encóntranse as persoas tituladas nos graos de Enfermaría (16,1%), Administración e Dirección de Empresas (16,5%), Turismo (16,7%), Fisioterapia (16,9%), Bioloxía (17,6%), Enxeñaría en Informática (17,7%), Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (18,1%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (18,8%), Grao en Consultoría e Xestión da Información e Licenciatura en Filoloxía Inglesa (20,0% ambos).

Por outro lado, presentan unha mobilidade xeográfica a un país estranxeiro superior a outras Comunidades Autónomas as persoas da mostra tituladas na Licenciatura en Filoloxía Galega, Grao en Educación Primaria, Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Diplomatura e Grao en Turismo, Grao en Dirección e Xestión Pública, Licenciatura en Filoloxía Hispánica, Grao en Linguas Estranxeiras, Grao en Enfermaría, Licenciatura en Filoloxía Inglesa, Licenciatura en Bioloxía, Licenciatura en Filoloxía Xermánica, grao en Comunicación Audiovisual, Licenciatura en Tradución e Interpretación, Enxeñaría de Minas e Grao en Comercio.

Máis detalladamente, o Anexo 8 mostra a mobilidade xeográfica por titulacións.

1.3.2.8.2 Principais destinos de emigración

Os cadros nº19 e nº20 resumen, por Comunidades Autónomas e países, os principais destinos de emigración aos que se encamiñaron as persoas tituladas da mostra en función das titulacións realizadas na Universidade de Vigo.

Outras Comunidades Autónomas

Cadro nº19: Principais Comunidades Autónomas destino segundo titulación realizada na UVIGO

Destino	Titulación	%
Comunidade de Madrid	Grao en Consultoría e Xestión da Información Grao en Enxeñaría en Organización Industrial Grao en Enxeñaría Informática Grao en Turismo	100,0
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas	75,0
	Enxeñaría de Telecomunicación	70,5
	Enxeñaría Técnica Agrícola Diplomatura en Xestión e Administración Pública	66,7
	Enxeñaría Informática	61,5
	Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	60,5
	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	60,0
	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	59,2
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais Licenciatura en Física	57,1
	Licenciatura en Psicopedagogía	54,2
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	53,8
	Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión Grao en Administración e Dirección de Empresas	52,9
	Diplomatura en Traballo Social Graos en Comercio, Comunicación Audiovisual, Dereito, Economía e Educación Infantil	50,0
Cataluña	Grao en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar Grao en Educación Primaria Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	100,0
	Grao en Tecnoloxías de Telecomunicación	80,0
	Grao en Enxeñaría da Enerxía	60,0
	Grao en Tradución e Interpretación	57,1
	Licenciatura en Comunicación Audiovisual	55,6
	Grao en Comunicación Audiovisual	50,0
	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	42,9
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	38,5
	Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial	29,2
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais	28,6
	Diplomatura en Relacións Laborais	27,3
	Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	25,6
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas Licenciatura en Filoloxía Inglesa	25,0

Destino	Titulación	%
Castela e León	Grao en Enfermaría	100,0
	Grao en Dereito	50,0
	Grao en Química	
	Enxeñaría Técnica Forestal	
	Licenciatura en Historia	
	Diplomatura en Fisioterapia	33,3
	Grao en Bioloxía	
	Grao en Ciencias do Mar	28,6
	Diplomatura en Educación Social	25,0
	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	
	Licenciatura en Belas Artes	21,7
	Licenciatura en Psicopedagogía	20,0
	Diplomatura en Relacións Laborais	18,2
	Licenciatura en Dereito	15,8
	Licenciatura en Física	14,3
Asturias	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	40,0
	Diplomatura en Fisioterapia	33,3
	Enxeñaría Técnica Forestal	25,0
	Licenciatura en Belas Artes	21,7
	Grao en Enxeñaría Química	20,0
	Grao en Ciencias do Mar	14,3
	Grao en Tradución e Interpretación	
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais	
	Licenciatura en Ciencias do Mar	
	Enxeñaría de Minas	12,5
País Basco	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	100,0
	Grao en Ciencias do Mar	28,6
	Enxeñaría Técnica Forestal	25,0
	Licenciatura en Física	14,3
	Licenciatura en Ciencias do Mar	11,1
	Licenciatura en Química	8,7
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	8,3
Illas Canarias	Grao en Educación Infantil	50,0
	Diplomatura en Graduado Social	20,0
	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	
	Diplomatura en Enfermaría	17,9
	Diplomatura en Ciencias Empresariais	9,3
	Enxeñaría Técnica Industrial	
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	8,3

Destino	Titulación	%
País Valenciano	Licenciatura en Historia	50,0
	Grao en Comercio	
	Diplomatura en Traballo Social	
	Grao en Traballo Social	33,3
	Grao en Enxeñaría Mecánica	25,0
	Enxeñaría Informática	23,1
	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	20,0
	Licenciatura en Psicopedagogía	
	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	8,2
	Diplomatura en Ciencias Empresariais	7,0

Países estranxeiros

Cadro nº20: Principais países destino segundo titulación realizada na UVIGO

Destino	Titulación	%
Reino Unido	Grao en Educación Infantil	100,0
	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	
	Licenciatura en Filoloxía Galega	
	Grao en Enfermaría	77,8
	Grao en Educación Primaria	50,0
	Grao en Enxeñaría Mecánica	
	Grao en Turismo	
	Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas	
	Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas	46,7
	Diplomatura en Mestre/a	46,2
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	44,4
	Licenciatura en Dereito	40,0
	Licenciatura en Psicopedagogía	40,0
Alemaña	Diplomatura en Enfermaría	35,3
	Enxeñaría Técnica Industrial	34,9
	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	100,0
	Grao en Ciencias do Mar	
	Diplomatura en Educación Social	66,7
	Grao en Linguas Estranxeiras	50,0
	Licenciatura en Física	42,9
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	40,0
	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	37,5
	Enxeñaría Industrial	35,1
	Enxeñaría Técnica Agrícola	33,3
	Grao en Administración e Dirección de Empresas	
	Grao en Traballo Social	
	Grao en Tradución e Interpretación	
	Diplomatura en Ciencias Empresariais	27,3
	Enxeñaría en Informática	
	Licenciatura en Tradución e Interpretación	
	Diplomatura en Enfermaría	23,5

Destino	Titulación	%
Portugal	Grao en Química	50,0
	Licenciatura en Psicopedagogía	40,0
	Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	33,3
	Grao en Traballo Social	
	Licenciatura en Física	28,6
	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	25,0
	Diplomatura en Enfermaría	17,6
	Licenciatura en Química	15,8
	Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	
	Grao en Belas Artes	12,5
	Licenciatura en Bioloxía	10,3
Francia	Grao en Fisioterapia	75,0
	Diplomatura en Fisioterapia	66,7
	Grao en Economía	
	Grao en Turismo	50,0
	Licenciatura en Filoloxía Xermánica	
	Licenciatura en Dereito Económico	25,0
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	20,0
	Enxeñaría de Telecomunicación	14,5
	Licenciatura en Bioloxía	13,8
	Enxeñaría de Minas	13,3
	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	12,5
Suíza	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	11,1
	Licenciatura en Química	10,5
	Grao en Química	50,0
	Grao en Comercio	33,3
	Enxeñaría en Informática	27,3
	Licenciatura en Belas Artes	16,7
	Enxeñaría de Minas	13,3
	Diplomatura en Mestre/a	7,7
	Enxeñaría Técnica Industrial	7,0
Estados Unidos	Grao en Enxeñaría Informática	100,0
	Diplomatura en Educación Social	
	Grao en Administración e Dirección de Empresas	33,3
	Licenciatura en Bioloxía	13,8
	Diplomatura en Enfermaría	11,8
	Enxeñaría de Telecomunicación	8,7
	Licenciatura en Belas Artes	8,3
Irlanda	Diplomatura en Fisioterapia	
	Grao en Comunicación Audiovisual	33,3
	Diplomatura en Relacións Laborais	
	Enxeñaría Técnica de Telecomunicación	20,0
	Grao en Tradución e Interpretación	16,7
	Licenciatura en Física	14,3
	Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	12,5
	Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial	
	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	9,5
	Enxeñaría Informática	9,1

Destino	Titulación	%
Países Baixos	Grao en Linguas Estranxeiras	50,0
	Grao en Belas Artes	25,0
	Licenciatura en Química	15,8
	Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	12,5
	Licenciatura en Filoloxía Hispánica	
	Enxeñaría de Telecomunicación	11,6
	Enxeñaría en Informática	9,1

Con máis detalle, os Anexos 9 e 10 mostran, respectivamente, as Comunidades Autónomas e os países estranxeiros que son destino da emigración en función das titulacións completadas na Universidade de Vigo.

2. DATOS ACADÉMICOS

2.1 Titulación obtida

Durante o período avaliado, as titulacións que concentraron máis titulados/as na mostra foron a Diplomatura de Mestre/a⁵⁴ (8,10%), Enxeñaría Técnica Industrial (7,13%), Enxeñaría Industrial (6,28%), Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas⁵⁵ (5,91%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (5,43%), Enxeñaría de Telecomunicación (5,27%). A máis distancia sitúase a Diplomatura en Enfermaría (3,26%), Diplomatura en Relacións Laborais⁵⁶ (3,06%), Licenciatura en Tradución e Interpretación (2,83%) e Licenciatura en Economía⁵⁷ (2,77%). As persoas que completaron estes dez estudos representan metade (50,04%) da mostra avaliada.

Cadro nº21: Dez titulacións con máis persoas tituladas no período 1990-2015

Titulación	%
Diplomatura en Mestre/a	8,10
Enxeñaría Técnica Industrial	7,13
Enxeñaría Industrial	6,28
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	5,91
Diplomatura en Ciencias Empresariais	5,43
Enxeñaría de Telecomunicación	5,27
Diplomatura en Enfermaría	3,26
Diplomatura en Relacións Laborais	3,06
Licenciatura en Tradución e Interpretación	2,83
Licenciatura en Economía	2,77

54) Suma das diplomaturas de Mestre/a (7,44%) e de Formación de Profesorado de EXB (0,66%)

55) Suma de Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (4,52%) e Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (1,39%).

56) Suma de Diplomatura en Relacións Laborais (2,35%) e Diplomatura en Graduado Social (0,71%).

57) Suma de Licenciatura en Economía (1,64%) e Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (1,13%).

2.1.1 Número de títulos obtidos por tipoloxía de estudos

Neste apartado realízase unha análise máis detallada, clasificando as titulacións segundo a súa tipoloxía (Diplomaturas, Enxeñarías Superiores, Enxeñarías Técnicas, Licenciaturas, Graos, Títulos Propios e Mestrados Universitarios). Comprende tanto as titulacións académicas viventes como as que xa se extinguiron, con indicación, neste caso, do curso en que tivo lugar a súa extinción. As porcentaxes dos seguintes cadros son referidos ao peso relativo de cada titulación sobre o global.

2.1.1.1 Diplomaturas

Por orde decrecente, destacan os diplomados/as en Mestre/a (7,4%), Ciencias Empresariais (5,4%), Enfermaría (3,3%) e Relacións Laborais (2,4%).

O cadro nº22 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás diplomaturas.

Cadro nº22: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Diplomaturas

Titulación	%
Ciencias Empresariais	5,43
Educación Social	1,01
Enfermaría	3,26
Fisioterapia ⁵⁸	0,46
Xestión e Administración Pública ⁵⁹	0,36
Graduado Social ⁶⁰	0,71
Mestre/a ⁶¹	7,44
Profesorado de EXB ⁶²	0,66
Relacións Laborais ⁶³	2,35
Traballo Social ⁶⁴	1,06
Turismo ⁶⁵	0,46

2.1.1.2 Licenciaturas

Segundo indica a mostra, as licenciaturas con máis número de persoas tituladas son Administración e Dirección de Empresas/Ciencias Económicas e Empresariais -Sección Empresariais (5,9%), Tradución e Interpretación (2,8%), Economía/Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (2,8%), Ciencias do Mar (2,5%), Bioloxía (2,5%), Publicidade e Relacións Públicas (2,3%), Dereito (2,1%) e Dereito Económico-Empresarial (1,7%).

58) Titulación extinguida no curso 2012/13.

59) Titulación extinguida no curso 2013/14.

60) Titulación extinguida no curso 1996/97.

61) Titulación extinguida no curso 2013/14.

62) Titulación extinguida no curso 1998/99.

63) Titulación extinguida no curso 2013/14.

64) Titulación extinguida no curso 2013/14.

65) Titulación extinguida no curso 2013/14.

O cadro nº23 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás licenciaturas.

Cadro nº23: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Licenciaturas

Titulación	%
Administración e Dirección de Empresas	4,52
Belas Artes	1,60
Bioloxía	2,48
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,50
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	1,12
Ciencias do Mar	2,49
Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas ⁶⁶	1,13
Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais ⁶⁷	1,39
Comunicación Audiovisual	0,50
Dereito	2,11
Dereito Económico-Empresarial	1,67
Economía	1,64
Filoloxía Galega	0,22
Filoloxía Hispánica ⁶⁸	0,89
Filoloxía Inglesa	1,44
Filoloxía Xermánica (1º ciclo) ⁶⁹	0,08
Física	0,39
Historia	0,47
Pedagogía (1º ciclo) ⁷⁰	0,01
Psicoloxía (1º ciclo) ⁷¹	0,05
Psicopedagogía	1,46
Publicidade e Relacións Públicas	2,30
Química	1,68
Tradución e Interpretación	2,83
Xeografía e Historia (Sección Historia) ⁷²	0,05

2.1.1.3 Enxeñarías Superiores

No ámbito das Enxeñarías Superiores, as titulacións con máis persoas tituladas son Enxeñaría Industrial (6,3%), Enxeñaría de Telecomunicación (5,3%) e Enxeñaría de Minas (1,6%).

O cadro nº24 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Superiores.

66) Titulación extinguida no curso 2002/03.

67) Titulación extinguida no curso 2002/03.

68) Titulación extinguida no curso 2012/13.

69) Titulación extinguida no curso 1995/96.

70) Titulación extinguida no curso 1994/95.

71) Titulación extinguida no curso 1995/96.

72) Titulación extinguida no curso 1999/2000.

Cadro nº24: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Superiores

Titulación	%
Enxeñaría de Minas	1,59
Enxeñaría de Organización Industrial	0,14
Enxeñaría de Telecomunicación	5,27
Enxeñaría en Automática e Electrónica Industrial	0,03
Enxeñaría en Informática	1,28
Enxeñaría Industrial	6,28

2.1.1.4 Enxeñarías Técnicas

Con relación ás Enxeñarías Técnicas, a Industrial representa o 7,1% da mostra, seguida a moita distancia por Informática de Xestión (1,3%), Forestal (1,1%) e Agrícola (1,0%).

O cadro nº25 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Técnicas.

Cadro nº25: Frecuencia dos títulos correspondentes ás Enxeñarías Técnicas

Titulación	%
Enxeñaría Técnica Agrícola	1,00
Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión	1,28
Enxeñaría Técnica Forestal	1,14
Enxeñaría Técnica Industrial	7,13
Enxeñaría Técnica Telecomunicación	0,65

2.1.1.5 Graos

Segundo a mostra, os graos con máis persoas tituladas foron o Grao en Administración e Dirección de Empresas e en Belas Artes (1,2% ambos), Educación Infantil, Educación Primaria e en Enfermaría (0,7% cada un) e Fisioterapia (0,5%).

O cadro nº26 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos graos.

Cadro nº26: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Graos

Titulación	%
Administración e Dirección de Empresas	1,22
Belas Artes	1,19
Bioloxía	0,41
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,04
Ciencias Ambientais	0,17
Ciencias da Actividade Física e do Deporte	0,26
Ciencias do Mar	0,20
Comercio	0,11
Comunicación Audiovisual	0,20
Consultoría e Xestión da Información	0,05
Dereito	0,33
Dirección e Xestión Pública	0,29

Titulación	%
Economía	0,23
Educación Infantil	0,67
Educación Primaria	0,69
Educación Social	0,23
Enfermería	0,65
Enxeñaría Agraria	0,05
Enxeñaría da Enerxía	0,17
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	0,21
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,03
Enxeñaría Eléctrica	0,07
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	0,08
Enxeñaría en Organización Industrial	0,07
Enxeñaría en Química Industrial	0,12
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	0,10
Enxeñaría Forestal	0,18
Enxeñaría Informática	0,17
Enxeñaría Mecánica	0,30
Estudos de Galego e Español	0,12
Fisioterapia	0,51
Linguas Estranxeiras	0,20
Publicidade e Relacións Públicas	0,44
Química	0,18
Relacións Laborais e Recursos Humanos	0,20
Traballo Social	0,23
Tradución e Interpretación	0,65
Turismo	0,17
Xeografía e Historia	0,12

2.1.1.6 Títulos propios

Aínda que estatisticamente irrelevantes, o Sénior, na súa tipoloxía de Graduado Superior e Graduado Universitario, alcanza 0,30%, seguido polo Graduado Universitario en Ciencias Policiais (0,1%).

O cadro nº27 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos títulos propios.

Cadro nº27: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Títulos Propios

Titulación	%
Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental ⁷³	0,01
Graduado Superior en Información Técnica do Medicamento ⁷⁴	0,01
Graduado Superior Sénior	0,04
Graduado Universitario en Ciencias Policiais ⁷⁵	0,10
Graduado Universitario en Deseño Téxtil e Moda ⁷⁶	0,08
Graduado Universitario en Detective Privado ⁷⁷	0,04
Graduado Universitario en Información Técnica do Medicamento ⁷⁸	0,02
Graduado Universitario Sénior	0,26

73) Título extinguido no curso 2013/14.

74) Título extinguido no curso 2009/10.

75) Título extinguido no curso 2010/11.

76) Título extinguido no curso 2014/15.

77) Título extinguido no curso 2013/14.

78) Título extinguido no curso 2010/11.

2.1.1.7 Mestrados universitarios

Ocupan un lugar destacado, non tanto polas súas porcentaxes globais das persoas tituladas mais polo elevado número que se foron dando ao longo dos 25 anos analizados. Na mostra, os Mestrados con máis persoas tituladas foron o de Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas (0,74%), Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel (0,26%), Prevención de Riscos Laborais (0,24%), Dereito Urbanístico e do Ambiente (0,19%), Teatro e Artes Escénicas (0,17%), Comercio Internacional, Enerxía e Sustentabilidade e Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial (0,15% cada un).

O cadro nº28 mostra a distribución porcentual dos títulos correspondentes aos Mestrados Universitarios.

Cadro nº28: Frecuencia dos títulos correspondentes aos Mestrados Universitarios

Titulación	%
Acuicultura	0,06
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	0,03
Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Ambiente ⁷⁹	0,01
Avogacía	0,06
Aplicacións de Procesado Dixital de Sinal en Comunicacions ⁸⁰	0,02
Arte Contemporáneo, Creación e Investigación	0,07
Artes Escénicas ⁸¹	0,01
Biodiversidade e Ecosistemas ⁸²	0,09
Bioloxía Mariña	0,02
Bioteecnoloxía Avanzada	0,05
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar ⁸³	0,14
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar e Ambiental	0,03
Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases ⁸⁴	0,04
Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca	0,05
Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Cambio Climático ⁸⁵	0,05
Comercio Internacional	0,15
Consultoría de Software Libre ⁸⁶	0,01
Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control	0,11
Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais ⁸⁷	0,07
Creación, Dirección e Innovación na Empresa	0,04
Dereito Urbanístico e do Ambiente ⁸⁸	0,19
Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	0,07
Dirección de Arte en Publicidade	0,06
Dirección de PEMES	0,03
Dirección e Administración de Empresas	0,13
Dirección e Planeamento do Turismo ⁸⁹	0,04
Dirección e Planeamento do Turismo Interior e de Saúde	0,07
Dirección e Xestión da Loxística e da Cadea de Subministración ⁹⁰	0,06
Dirección Integrada de Proxectos	0,05
Dirección Pública e Lideranza Institucional	0,07
Economía ⁹¹	0,02
Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros ⁹²	0,01
Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais ⁹³	0,05

Titulación	%
Edición ⁹⁴	0,02
Enerxía e Sustentabilidade	0,15
Enxeñaría da Automoción	0,02
Enxeñaría da Construción	0,07
Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais ⁹⁵	0,14
Enxeñaría da Soldadura ⁹⁶	0,10
Enxeñaría Matemática ⁹⁷	0,06
Enxeñaría Telemática ⁹⁸	0,07
Enxeñaría Térmica	0,01
Estudos de Xénero ⁹⁹	0,05
Estudos Ingleses Avanzados e as súas aplicacións	0,01
Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas ¹⁰⁰	0,07
Física Aplicada ¹⁰¹	0,04
Fotónica e Tecnoloxías do Láser	0,07
Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais ¹⁰²	0,04
Información Técnica do Medicamento ¹⁰³	0,06
Innovación Industrial e Optimización de Procesos	0,08
Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos	0,07
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	0,12
Investigación en Comunicación ¹⁰⁴	0,09
Investigación en Contabilidade e Finanzas ¹⁰⁵	0,01
Investigación en Química e Química Industrial	0,01
Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria ¹⁰⁶	0,01
Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares ¹⁰⁷	0,05
Libro Ilustrado e Animación Audiovisual	0,07
Lingua e Comunicación nos Negocios ¹⁰⁸	0,06
Lingüística Aplicada	0,02
Lingüística e as súas aplicacións ¹⁰⁹	0,01
Mecatrónica	0,01
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social	0,14
Metodoloxía e Aplicacións en Bioloxía Molecular ¹¹⁰	0,04
Necesidades Específicas de Apoio Educativo	0,07
Neurociencia	0,02
Nutrición	0,07
Oceanografía	0,06
Ordenamento Xurídico do Mercado ¹¹¹	0,03
Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial	0,15
Prevención de Riscos Laborais	0,24
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica	0,12
Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	0,74
Química Avanzada ¹¹²	0,02
Sistemas Software Intelixentes e Adaptábeis ¹¹³	0,01
Teatro e Artes Escénicas	0,17
Técnicas Estatísticas	0,04
Tecnoloxía Ambiental ¹¹⁴	0,07
Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica ¹¹⁵	0,08
Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil ¹¹⁶	0,08
Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel ¹¹⁷	0,26
Tradución e Paratradución ¹¹⁸	0,07
Tradución Multimedia	0,07
Tradución para a Comunicación Internacional	0,01

Titulación	%
Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	0,02
Xestión do Desenvolvemento Sustentábel	0,08
Xestión e Dirección Laboral	0,01
Xestión Empresarial do Deporte	0,05

2.1.2 Evolución quinquenal

Unha análise quinquenal das dez titulacións máis frecuentes que fan parte da mostra obtida permite concluír que a Diplomatura de Mestre/a, tal como mostra o cadro nº29, é a que presenta o nivel máis alto ao longo da secuencia histórica: 16,8% entre 1990-95, 10,5% entre 1996-00 (segunda posición), 9,3% entre 2001-05, 9,5% entre 2006-10 e 4,0% entre 2011-15 (terceira posición).

79) Título extinguido no curso 2013/14.

80) Título extinguido no curso 2014/15.

81) Título extinguido no curso 2014/15.

82) Título extinguido no curso 2012/13.

83) Título extinguido no curso 2014/15.

84) Título extinguido no curso 2012/13.

85) Título extinguido no curso 2013/14.

86) Título extinguido no curso 2011/12.

87) Título extinguido no curso 2011/12.

88) Título extinguido no curso 2012/13.

89) Título extinguido no curso 2013/14.

90) Título extinguido no curso 2014/15.

91) Título extinguido no curso 2014/15.

92) Título extinguido no curso 2011/12.

93) Título extinguido no curso 2013/14.

94) Título extinguido no curso 2011/12.

95) Título extinguido no curso 2013/14.

96) Título extinguido no curso 2012/13.

97) Título extinguido no curso 2014/15.

98) Título extinguido no curso 2014/15.

99) Título extinguido no curso 2012/13.

100) Título extinguido no curso 2014/15.

101) Título extinguido no curso 2013/14.

102) Título extinguido no curso 2014/15.

103) Título extinguido no curso 2014/15.

104) Título extinguido no curso 2012/13.

105) Título extinguido no curso 2013/14.

106) Título extinguido no curso 2014/15.

107) Título extinguido no curso 2014/15.

108) Título extinguido no curso 2014/15.

109) Título extinguido no curso 2014/15.

110) Título extinguido no curso 2012/13.

111) Título extinguido no curso 2012/13.

112) Título extinguido no curso 2013/14.

113) Título extinguido no curso 2014/15.

114) Título extinguido no curso 2014/15.

115) Título extinguido no curso 2013/14.

116) Título extinguido no curso 2013/14.

117) Título extinguido no curso 2013/14.

118) Título extinguido no curso 2012/13.

Os estudos de Enxeñaría Técnica Industrial, se ben constitúen a segunda titulación con máis persoas tituladas, progresou desde unha quinta posición no primeiro quinquenio (8,6%), cuarta entre 1996-00 e 2006-10 (aprox. 6%), segunda entre 2001-05 (8,8%) até a primeira entre 2011-15 (6,7%).

Tamén a titulación de Enxeñaría Industrial ascende desde unha discreta posición inicial entre 1990-95 (4,5%) até a segunda posición nos períodos 2006-10 (9,2%) e 2011-15 (6,5%).

A posición da Diplomatura en Ciencias Empresariais desce progresivamente e pasa da primeira entre 1996-00 (10,6%) e segunda entre 1990-95 (13,1%) a un discreto nono lugar entre 2011-15 (2,2%).

Salvo a terceira posición alcanzada entre 1996-00 (8,1%), a titulación en Enxeñaría de Telecomunicación ocupa unha quinta posición na mostra a partir de 2001.

A transformación da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección de Empresariais en Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, aínda que conserva similares proporcións, contribuíu para mellorar a súa posición na mostra analizada, pasando do sexto lugar entre 1990-2000 ao terceiro entre 2001-10.

A posición da Diplomatura en Enfermaría foi diminuindo ao longo dos quinquenios, pasando dun cuarto lugar entre 1990-95 (8,8%), oitavo entre 1996-00 (4,2%) e nono entre 2001-10 ao décimo sétimo entre 2011-15 (1,6%).

Cadro nº29: Distribución e posición das dez principais titulacións da mostra por quinquenios

Titulación	1990-95	1996-00	2001-05	2006-10	2011-15
Diplomatura en Mestre/a	1º (16,8%)	2º (10,5%)	1º (9,3%)	1º (9,5%)	3º (4,0%)
Enxeñaría Técnica Industrial	5º (8,6%)	4º (6,2%)	2º (8,8%)	4º (6,1%)	1º (6,7%)
Enxeñaría Industrial	9º (4,5%)	7º (5,1%)	6º (5,1%)	2º (9,2%)	2º (6,5%)
Diplomatura en Ciencias Empresariais	2º (13,1%)	1º (10,6%)	4º (6,3%)	6º (4,2%)	9º (2,2%)
Enxeñaría de Telecomunicación	8º (7,0%)	3º (8,1%)	5º (5,8%)	5º (5,0%)	5º (3,7%)
Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas	6º (7,6%)	6º (5,4%)	3º (6,3%)	3º (7,2%)	4º (3,8%)
Diplomatura en Enfermaría	4º (8,8%)	8º (4,2%)	9º (3,4%)	9º (3,6%)	17º (1,6%)
Licenciatura en Tradución e Interpretación	-	19 (1,6%)	11º (3,4%)	8º (3,8%)	8º (2,9%)
Licenciatura en Ciencias do Mar	22º (0,5%)	12º (3,6%)	8º (3,5%)	11º (3,0%)	19º (1,5%)
Licenciatura en Bioloxía	11º (2,1%)	11º (3,7%)	15º (2,6%)	10º (3,1%)	15º (1,6%)

En xeral obsérvase que durante a implantación progresiva da Reforma de Boloña prodúcese unha diminución paralela do peso das titulacións de ciclo curto e longo en proceso de extinción. Por estas razóns, a Diplomatura en Ciencias Empresariais pasa de 13,1% a 1,6%, a de Enfermaría de 8,8% a 1,6% a Enxeñaría de Telecomunicación de 7,0% a 3,6% mentres que os Graos aumentan progresivamente o seu peso na mostra, fundamentalmente desde a súa implantación a partir do 4º quinquenio (2006-10) xa que non se impartiran nos tres primeiros.

Máis concretamente, o Anexo 11 mostra a evolución quinquenal das titulacións por orde alfabética.

2.1.3 Análise por xénero

Unha análise da presenza feminina nas diferentes titulacións presentes na mostra permite observar a existencia de diferenzas estatisticamente significativas. Portanto, para realizar a análise de xénero diferenciárase entre titulacións de perfil feminino, as que posúen un marcadamente masculino e as que teñen unha proporción equilibrada ou paritaria¹¹⁹ entre ambos xéneros. O Anexo 12 presenta a distribución global das titulacións representadas na mostra por xénero segundo unha orde decrecente de presenza feminina.

2.1.3.1 Titulacións de perfil feminino

Unha análise da distribución de xéneros das titulacións permite concluír que ao longo do período avaliado as titulacións relacionadas co ensino (excluídos o deporte e a actividade física) e aquelas de contidos sociais, a saúde, as linguas e filoloxías, as artísticas e científicas son eminentemente femininas e presentan as seguintes porcentaxes:

- Ensino: Grao en Educación Infantil (91,7%), Licenciatura en Psicopedagogía (83,4%), Diplomatura de Mestre/a (80,3%) e Grao en Educación Primaria (74,3%). Mestrados universitarios en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos (100,0%), Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos e en Necesidades Específicas de Apoio Educativo (87,5% ambos) e Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares (80,0%).
- Contidos sociais: Diplomatura en Educación Social (92,6%), graos en Educación Social (92,0%) e en Traballo Social (88,0%) e Diplomatura en Traballo Social (87,7%). Mestrado Universitario en Estudos de Xénero (100,0%).
- Saúde: Diplomatura en Enfermaría (84,0%), Grao en Enfermaría (79,7%), Diplomatura en Fisioterapia (75,5%). O Grao en Fisioterapia desce até o 70,0%. Mestrado en Nutrición (62,5%).
- Linguas e filoloxías: graos en Estudos de Galego e Español (92,3%) e en Linguas Estranxeiras (90,5%), licenciaturas en Filoloxía Xermánica (88,9%), e en Tradución e Interpretación (87,7%), Grao en Tradución e Interpretación (84,3%) e Licenciatura en Filoloxía Inglesa (80,6%). Mestrados universitarios en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións e en Lingüística e as súas Aplicacións (100,0% ambos), Estudos Ingleses Avanzados, Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas (85,7%), Lingua e Comunicación nos Negocios (83,3%), Tradución e Paratradución e en Tradución Multimedia (75,0% ambos).
- Arte: Grao e Licenciatura en Belas Artes (78,9% e 72,7%, respectivamente). Graduado Universitario en Deseño Têxtil e Moda (88,9%), Mestrados en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual e en Arte Contemporánea, Creación e Investigación (87,5% ambos).

¹¹⁹⁾ Titulacións nas que, segundo os criterios da Lei de Paridade, a proporción entre homes e mulleres non son inferiores a 40% nen superiores a 60%.

- Científicas: Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (79,6%), Grao en Ciencias Ambientais (77,8%), Licenciatura en Química (71,8%, caíndo ao 57,9% en caso do grao homólogo), Licenciatura en Bioloxía (70,3% contra 56,8% do grao homólogo). Graduado Superior en Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Mestrado Universitario en Investigación en Química e Química Industrial e en Química Avanzada (100,0% ambos), Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca (80,0%), Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfaces e en Metodoloxía e Aplicacións en Bioloxía Molecular (75,0%).
- Outras titulacións pertencentes á rama Xurídico-Social presentan unha elevada presenza feminina, entre elas, os graos en Comercio (83,3%) e en Consultoría e Xestión da Información (80,0%), Diplomatura en Turismo (79,6%), Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (78,5%), graos en Turismo (77,8%), Comunicación Audiovisual e en Relacións Laborais e Recursos Humanos (76,2% ambos)

2.1.3.2 Titulacións de perfil masculino

En xeral, as titulacións do ámbito tecnolóxico ligadas á Enxeñaría presentan un perfil marcadamente masculino, en especial os campos industrial, enerxético, informático e de telecomunicacións coas seguintes porcentaxes:

- Informática: Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (75,0%), Enxeñaría en Informática (68,1%), Grao en Enxeñaría Informática (66,7%); Mestrado Universitario en Sistemas Software Intelixentes e Adaptábeis (100,0%)
- Industria: Graos en Electrónica Industrial e Automática (100,0%) e en Enxeñaría Eléctrica (85,7%), Enxeñaría Técnica Industrial (79,5%), Grao en Enxeñaría Mecánica (78,1%), Enxeñaría Industrial (76,6%), graos en Enxeñaría en Organización Industrial (75,0%) e en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (63,6%); Mestrados universitarios en Mecatrónica, en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Enxeñaría da Automoción (100,0% cada un), Tecnoloxías Avanzadas de Proceso de Deseño e Fabricación Mecánica (88,9%), Fotónica e Tecnoloxías do Láser (87,5%), Enxeñaría da Soldadura (81,8%), Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais (80,0%), Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil e en Innovación Industrial e Optimización de Procesos (77,8% ambos).
- Enerxía/ambiente: Grao en Enxeñaría da Enerxía (72,2%), Enxeñaría de Minas (67,3%); Mestrados Universitarios en Enxeñaría Térmica (100,0%) e en Enerxía e Sustentabilidade (81,3%).
- Telecomunicacións: Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (78,3%), Enxeñaría de Telecomunicación (73,9%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (66,2%); Mestrado Universitario en Enxeñaría Telemática (85,7%).

A presenza masculina tamén é maioritaria no ámbito do deporte e da actividade física. Así, os homes representan o 78,6% da mostra de persoas tituladas no Grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte e o 66,7% da Licenciatura homónima, o 80,0% no mestrado universitario en Xestión Empresarial do Deporte e o 69,2% no de Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde.

2.1.3.3 Titulacións paritarias

Aínda que presentan un leve predominio feminino, existe en equilibrio inter-xénero nos graos en Economía (60,0%) e en Ciencias do Mar (59,1%), Enxeñaría Técnica Agrícola (59,1%, pasando ao 40,0% no Grao en Enxeñaría Agraria), graos en Química (57,9%) e en Bioloxía (56,8%), licenciaturas en Historia (54,5%), Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (54,4%) e en Filoloxía Galega (54,2%).

As persoas tituladas nos graos en Enxeñaría Agraria (60,0%) e en Enxeñaría Forestal (57,9%) presentan un leve predominio masculino

Polo contrario, existe unha paridade case absoluta no Grao de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, nas licenciaturas en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (52,9% de mulleres), Física (52,4% de homes) e en Economía (53,4% de homes) e no Grao en Enxeñaría en Química Industrial (53,8% de homes).

En relación aos Mestrados Universitarios, cun leve predominio masculino, manifestan un equilibrio de xénero as mostras obtidas en Dirección Integrada de Proxectos (60,0%), Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control (58,3%) e en Prevención de Riscos Laborais (53,8%). Polo contrario, cun leve predominio feminino, áchanse os Mestrados Universitarios en Biodiversidade e Ecosistemas, en Dereito Urbanístico e do Ambiente, en Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais (60,0% cada un), en Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais e en Enxeñaría da Construción (57,1% ambos).

2.1.4 Ámbitos académicos de coñecemento

2.1.4.1 Global

A distribución porcentual por ámbitos académicos indícanos que os estudos con máis representación na mostra obtida son os do ámbito Xurídico-Social co 44,9% das respostas. En segundo lugar, cunha porcentaxe inferior mais tamén importante, están as respostas das persoas tituladas da rama Tecnolóxica (29,1%). A máis distancia sitúanse as titulacións pertencentes ás ramas de Arte e Humanidades (10,6%) e Científica (9,2%). Finalmente, os estudos das ramas das Ciencias da Saúde (4,9%) e Multidisciplinar (1,2%) ofrecen unhas porcentaxes máis baixas e pouco representativas.

2.1.4.2 Evolución quinquenal

Unha análise da existencia de relacións de dependencia estatística entre a evolución quinquenal e a rama de coñecemento, dado que $p\text{-valor} \leq 0,05$, permite concluír que existen diferenzas significativas.

Por ámbitos académicos, destaca a elevada proporción de persoas tituladas da rama Científica que completaron un doutoramento (22,6%) contra o mínimo de 1,7% das Ciencias da Saúde.

Gráfica nº27: Doutoramentos por ámbitos académicos (%)



2.4.5 Análise por tipoloxía de estudos

Por tipoloxía de estudos, as porcentaxes máis elevadas de persoas tituladas da enquisa que completaron un programa de doutoramento áchanse nas titulacións de ciclo longo, sendo superior a existente nas Licenciaturas (9,5%) á das Enxeñarías Superiores (6,6%). Entre as persoas que completaron un Grao universitario a proporción de titulados/as cun doutoramento ascende a 0,3%.

No caso das titulacións de ciclo curto¹²¹, a presenza de doutoramentos ascende ao 1,8% nas Enxeñarías Técnicas e a 1,0% nas Diplomaturas. Finalmente cabe referir a notábel proporción de persoas tituladas nun Mestrado Universitario que posúen este título (8,0%).

2.4.6 Análise por titulación

As titulacións con máis proporción de persoas tituladas que completaron un doutoramento pertencen ao ámbito Científico e, entre as cales, destacan as licenciaturas en Química (29,3%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (27,8%), Bioloxía (25,2%), Ciencias do Mar (24,3%) e Física (19,0%). A seguir sitúanse titulacións da rama de Arte e Humanidades que alcanzan valores de 12,5% no caso das licenciaturas en Filoloxía Galega, 12,2% Belas Artes, 11,1% Filoloxía Xermánica e 10,4% en Filoloxía Hispánica. Entre as titulacións da rama Tecnolóxica destaca a proporción de enxeñeiros/as de Telecomunicación (10,1%) e de Minas (7,0%) cun doutoramento e, entre as das Ciencias da Saúde, os diplomados/as en Fisioterapia (8,2%).

A presenza de graduados/as cun doutoramento somente é notábel no caso dos graduados/as en Ciencias Ambientais (5,6%), Tradución e Interpretación (2,9%) e en Enfermaría (1,4%). O resto de graos carece de persoas tituladas con este tipo de titulación.

As persoas tituladas en ciclos curtos presentan unha proporción de doutoramentos inferiores a 1%. Así sendo, en Ciencias Empresariais é de 0,5%, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (0,7%), Relacións Laborais (0,8%), Enxeñaría Técnica Industrial (0,9%), Mestre/a e Educación Social (0,9% ambos).

Máis detalladamente, o Anexo 29 mostra a distribución, por titulacións, da porcentaxe de persoas tituladas que completaron un doutoramento.

2.4.7 Universidade na que se completou o doutoramento

En termos xerais, a maioría de persoas tituladas (73,9%) realizaron o seu doutoramento na Universidade de Vigo, seguida por unha universidade española (12,8%), outra universidade galega (7,4%) e unha universidade estranxeira (5,8%). Entre as universidades galegas, destaca a Universidade de Santiago (73,0%) contra a da Coruña (27,0%).


121) A existencia de persoas tituladas en ciclos curtos con títulos de doutoramento é debida á realización, a posteriori, dunha titulación adicional de ciclo longo.

2.4.7.1 Evolución quinquenal

Unha análise da evolución quinquenal (ver gráfica nº28) mostra un acusado incremento da Universidade de Vigo como fornecedora de formación de estudos de terceiro ciclo entre as persoas tituladas, pasando dun 58,3% no primeiro quinquenio a 83,8% no último (valor máximo da secuencia histórica). As universidades estranxeiras, aínda que menos significativamente, tamén presentan unha tendencia crecente e pasan de 4,2% a 6,1% no último quinquenio, cun máximo de 10,5% entre 2006-10.

Polo contrario, as universidades españolas e galegas presentan unha tendencia decrecente, máis acusada no caso das galegas que pasan de 22,9% dos títulos de doutoramento no primeiro quinquenio a un valor mínimo de 2,0% no último. As universidades españolas tamén presentan un mínimo de 8,1% no último quinquenio.

Gráfica nº28: Evolución quinquenal da universidade en que se realizou o doutoramento (%)




2.4.7.2 Evolución anual

O Anexo 30 contén o cadro de datos da distribución porcentual da evolución anual da universidade en que se realizou o doutoramento.

2.4.7.3 Análise por xénero

Como se pode observar na gráfica nº29, non existen relacións de dependencia estatística entre o xénero e a universidade en que se completou o doutoramento.

Gráfica nº29: Distribución porcentual da universidade en que se completou o doutoramento por xéneros



2.4.7.4 Análise por ámbitos académicos


A escolla da Universidade de Vigo como institución académica para completar os estudos de doutoramento, aínda sendo maioritaria, presenta unha proporción desigual segundo os ámbitos: Xurídico-Social (80,4%), Arte e Humanidades (77,2%), Científico (74,1%) e Tecnolóxico (70,0%), todas eles netamente superiores á das Ciencias da Saúde (50,0%) e Multidisciplinar (50,0%).

O papel dunha universidade española como institución fornecedora deste tipo de formación académica mostra unha porcentaxe de 37,5% na rama das Ciencias da Saúde, moi superior a 8,8% da rama de Arte e Humanidades, 11,8% da Xurídico-Social, 12,5% da Científica ou 14,3% da Tecnolóxica.

Outra universidade galega presenta só porcentaxes notábeis no ámbito Multidisciplinar (33,3%) e no das Ciencias da Saúde (12,5%).

O ámbito de Arte e Humanidades alcanza un 10,5% noutras universidades estranxeiras, proporción moito superior ao Xurídico-Social (3,9%), Científico (4,9%) ou Tecnolóxico (7,1%) ou á nula presenza no das Ciencias da Saúde e Multidisciplinar.

Gráfica nº30: Distribución porcentual da universidade en que se completou o doutoramento por ámbitos académicos



2.4.7.5 Análise por titulacións

Realizaron os seus estudos de doutoramento na Universidade de Vigo a totalidade dos diplomados/as en Ciencias Empresariais, Educación Social, Relacións Laborais, Traballo Social, Turismo, enxeñeiros/as técnicos/as Agrícolas e en Informática de Xestión, os licenciados/as en Comunicación Audiovisual, Dereito Económico-Empresarial, Filoloxía Galega, Física e Historia ben como os graduados/as en Ciencias Ambientais e en Tradución e Interpretación. Igualmente, escolleu a Universidade de Vigo máis de 80% dos licenciados/as en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (93,3%), Belas Artes (90,5%), Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (90,0%), Administración e Dirección de Empresas e en Publicidade e Relacións Públicas (87,5% ambas), diplomados/as en Mestre/a e licenciados/as en Psicopedagogía (85,7% ambos), ben como os enxeñeiros/as técnicos/as Forestais e licenciados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (83,3% ambos).

Polo contrario, as titulacións que en menor proporción recorreron á Universidade de Vigo para completar o seu doutoramento foron os licenciados/as en Filoloxía Xermánica (0,0%), Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (25,0%), enxeñaría técnica de Telecomunicación e Industrial (33,3% ambas), os diplomados/as en Enfermaría e Fisioterapia (50,0% ambos) e os licenciados/as en Tradución e Interpretación (50,0%).

A realización do doutoramento nunha universidade española alcanza porcentaxes notábeis na Diplomatura de Fisioterapia (50,0%), Enxeñaría de Minas (41,7%), licenciaturas de Economía (40,0%) e de Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas (37,5%) e en Enxeñaría Técnica Industrial (33,3%).

Outra universidade galega alcanza proporcións notábeis entre os enxeñeiros/as técnicos/as Industriais (33,3%), diplomados/as en Enfermaría (25,0%), enxeñeiros/as en Informática (22,2%) e licenciados/as en Filoloxía Hispánica (20,0%).

Finalmente, unha universidade estranxeira presenta valores superiores entre a totalidade dos licenciados/as en Filoloxía Xermánica, enxeñeiros/as técnicos/as de Telecomunicación (66,7%), licenciados/as en Filoloxía Inglesa (37,5%), en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Económicas e en Tradución e Interpretación (25,0% ambos).

O Anexo 31 mostra máis detalladamente a distribución porcentual e por titulacións da universidade en que se completou o doutoramento.

2.5 Persoas tituladas en mestrados universitarios da UVIGO

Neste apartado é abordado o perfil das persoas que completaron Mestrados da Universidade de Vigo como titulación principal de referencia.

A este perfil responde o 6,2% da mostra (55,1% de mulleres contra 44,9% de homes), e na súa integridade trátase de persoas tituladas en Mestrados da UVIGO que obtiveron previamente titulacións noutras universidades.

Por Campus, un 67,8% cursou os Mestrados ofertados pola UVIGO no Campus de Vigo, un 19,3% no de Ourense e o 12,8% no de Pontevedra.

2.5.1 Universidade de procedencia

Este colectivo procede case na súa maioría (49,4%) doutra universidade galega, dunha universidade española (27,3%), dunha estranxeira (20,8%) e doutra entidade académica (2,5%).

Proceden doutra universidade galega a totalidade das persoas que completaron os Mestrados Universitarios en Artes Escénicas; Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar; Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca; Consultoría de Software Libre; Dirección Integrada de Proxectos; Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros; Investigación en Química e Química Industrial; Ordenamento Xurídico do Mercado e en Técnicas Estáticas.

Con procedencia exclusiva dunha universidade española están os que completaron os Mestrados Universitarios en Bioloxía Mariña; Edición; Enxeñaría Térmica; Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións; Mecatrónica; Tradución Multimedia e en Xestión e Dirección Laboral.

A totalidade das persoas tituladas que realizaron os Mestrados Universitarios en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa; Aplicacións de Procesado Dixital

en Comunicacións; Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases; Dirección de Pemes; Economía; Enxeñaría Telemática; Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e en Lingüística Aplicada, Lingüística e as súas Aplicacións procedían de universidades estranxeiras.

Finalmente, presentan unha proporción notábel as persoas tituladas procedentes doutra entidade que completaron os Mestrados Universitarios en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel (29,2%), Dirección de Arte en Publicidade e en Teatro e Artes Escénicas (25,0% ambos), Investigación en Comunicación e en Innovación Industrial e Optimización de Procesos (14,3% ambos).

O Anexo 32 mostra, para cada Mestrado Universitario da UVIGO, a universidade de procedencia das persoas tituladas que accederon a ese título.

2.5.2 Titulación e universidade de procedencia en función do mestrado realizado na Universidade de Vigo

Neste apartado son detallados os principais Mestrados Universitarios obtidos na Universidade de Vigo por persoas que completaron previamente titulacións noutras universidades. Por outra parte, refírese a titulación previamente obtida, a porcentaxe a ela asociada e a procedencia universitaria.

- Acuicultura: 75% Licenciatura en Bioloxía (universidade española).
- Avogacía: 67% Licenciatura en Dereito (universidade galega)
- Arte Contemporánea, Creación, Investigación: 67% Licenciatura en Belas Artes (universidade española).
- Biodiversidade e Ecosistemas: 63% Licenciatura en Bioloxía (universidade española)
- Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentar: 33% Licenciatura en Bioloxía (universidade galega).
- Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca: 40% Licenciatura en Veterinaria (universidade española).
- Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía, Física e Cambio climático: 60% Licenciatura en Física (universidade española)
- Comercio Internacional: 27% Licenciatura ADE (universidade española) e 13% Licenciatura en Economía (universidade galega).
- Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control: 50% Enxeñaría Química (universidade galega)
- Creación, Desenvolvemento e Comercialización de Contidos Audiovisuais: 57% Licenciatura en Comunicación Audiovisual (universidade galega).
- Dereito Urbanístico e do Ambiente: 47% Arquitectura (universidade galega) e 37% Licenciatura en Dereito (universidade galega).
- Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos: 50% Diplomatura en Mestre/a (universidade galega).
- Dirección de Arte en Publicidade: 50% Licenciatura en Comunicación Audiovisual (universidade galega).

- Dirección e Administración de Empresas: 50% Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas (universidade galega).
- Dirección e Planeamento do Turismo: 50% Diplomatura en Turismo (universidade galega).
- Dirección Integrada de Proxectos: 60% Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (universidade galega).
- Dirección Pública e Lideranza Institucional: 29% Licenciatura en Dereito (universidade galega).
- Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentábel e Implicacións Ambientais: 50% Licenciatura en Ciencias Ambientais (universidade española).
- Enerxía e Sustentabilidade: 40% Enxeñaría Técnica Industrial (universidade galega).
- Enxeñaría da Construción: 43% Arquitectura (universidade galega).
- Enxeñaría da Edificación e Construcións Industriais: 36% Arquitectura Técnica (universidade galega).
- Enxeñaría da Soldadura: 27% Enxeñaría Industrial (universidade española).
- Enxeñaría Telemática: 33% Enxeñaría de Sistemas e 32% Enxeñaría Electrónica (ambas de universidade estranxeira).
- Fotónica e Tecnoloxía do Láser: 43% Grao en Física (universidade galega).
- Información Técnica do Medicamento: 67% Licenciatura en Química (universidade española).
- Innovación Industrial e Optimización de Procesos: 29% Enxeñaría Agrónoma: (universidade galega).
- Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos: 40% Diplomatura en Mestre/a (universidade galega).
- Investigación en Comunicación: 29% Licenciatura en Xeografía e Historia (universidade galega).
- Lingua e Comunicación nos Negocios: 60% Licenciatura en Xornalismo (universidade galega).
- Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social: 50% Licenciatura en Dereito (universidade estranxeira).
- Necesidades Específicas de Apoio Educativo: 43% Diplomatura en Mestre/a (universidade galega).
- Nutrición: 43% Licenciatura en Medicina (universidade galega).
- Políticas Comunitarias e Cooperación Territorial: 29% Licenciatura en Dereito (universidade galega).
- Prevención de Riscos Laborais: 27% Arquitectura Técnica (universidade galega).
- Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica: 17% Arquitectura (universidade española) e 17% Grao de Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto (universidade galega).
- Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas: 8% Licenciatura en Psicoloxía (universidade galega), 8% Arquitectura (universidade galega), 5% Arquitectura Técnica (universidade galega) e 5% Licenciatura en Dereito (universidade galega).
- Teatro e Artes Escénicas: 22% Licenciatura en Arte Dramática (outras institucións académicas), 22% Licenciatura en Xornalismo (universidade galega).

- Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil: 43% Enxeñaría Industrial e Enxeñaría Técnica Industrial (universidade galega ambas).
- Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel: 21% Licenciatura en Historia (universidade galega), 29% Arquitectura (universidade galega) e 29% Diplomatura en Conservación e Restauración de Bens Culturais (outras institucións académicas).
- Tradución e Paratradución: 33% Licenciatura en Filoloxía Inglesa (universidade galega).
- Tradución Multimedia: 63% Licenciatura en Tradución e Interpretación (universidade galega).
- Xestión do Desenvolvemento Sustentábel: 29% Licenciatura en Ciencias Ambientais (universidade española).

A partir destes datos pódese concluír que a maioría (nunha proporción de 3 a 1) das persoas que completaron Mestrados da Universidade de Vigo cursaran previamente os seus estudos nas outras dúas universidades galegas, porcentaxe moito superior á das universidades españolas e doutras institucións académicas.

O Anexo 33 mostra, para cada título de Mestrado Universitario da Universidade de Vigo, a proporción de titulacións completadas con indicación, ao mesmo tempo, da distribución da universidade de procedencia.

3. SITUACIÓN SOCIO-LABORAL ACTUAL

Neste apartado as persoas tituladas da Universidade de Vigo que responderon á enquisa realizan unha valoración sobre a súa actividade actual.

3.1 Actividade das persoas tituladas

Para avaliar os aspectos ligados a súa actividade, as persoas inquiridas tiveron de escoller a categoría socio-laboral que preferentemente definise a súa situación actual.

Así sendo, as opcións propostas foron:

- Empregado/a nunha empresa privada: Define o estado das persoas que, traballando por conta allea, desenvolven a súa actividade como empregadas nunha empresa/organización privada ou sen fin lucrativo (fundación, ONG, asociación, etc.).
- Funcionario/a que traballa para a administración pública: Categoría profesional que abarca ás persoas que traballan por conta allea na función pública.
- Autoemprego/autónomo: Modalidade de aqueles que exercen a súa profesión por conta propia no rexime especial de traballadores autónomos.
- Empresario/a titular dunha empresa: Abranxe as persoas tituladas que traballan por conta propia como propietarios dunha empresa.

- Estudante: Opción contemplada para rexistrar ás persoas tituladas que continúan a súa formación universitaria realizando estudos de mestrado, de grao, de doutoramento ou que están matriculados en estudos en proceso de extinción (diplomatura, licenciatura, enxeñaría técnica ou enxeñaría superior),
- Desempregado/a procurando emprego: Persoas tituladas que non traballan no momento actual e que están á procura de emprego.
- Xubilado/pensionista: Esta categoría abarca dúas situacións. Por un lado, aquelas persoas xubiladas do mundo profesional por teren chegado á idade de xubilación e, por outro, aquelas que reciben algún tipo de pensión por causa dalgunha continxencia (deficiencia, etc.).
- Outras situacións: Categoría aberta para dar cabida a outras situacións non contempladas nas opcións anteriores.

Relativamente ás persoas que traballan, para simplificar a análise e tal como mostra o cadro nº33, as persoas que traballan por conta allea agrega as categorías “emprego nunha empresa privada” e “funcionario/a que traballa para a administración pública” e as modalidades “autoemprego/autónomo” e “empresario/a titular dunha empresa” son agrupadas como traballo por conta propia.


Cadro nº33: Categorías de modalidades de contratación

Traballo por conta allea	Empregado/a nunha empresa/organización privada
	Funcionario/a, traballo para a administración
Traballo por conta propia	Autoemprego/autónomo
	Empresario/a titular dunha empresa

3.1.1 Global

No momento da realización da enquisa (entre abril de 2016 e xaneiro de 2017), o 74,1% das persoas tituladas traballaban por conta allea contra un 9,4% que o facían por conta propia. A situación de desempregado/a na procura de traballo ascende a 12,1% das persoas inquiridas.

Gráfica nº31: Actividade das persoas tituladas



Máis pormenorizadamente, o cadro nº34 reflicte, de forma desagregada, todas as categorías contempladas no estudo.

Cadro nº34: Distribución porcentual das modalidades de contratación

Actividade	%	%	
Empregado/a por conta allea nunha empresa/ organización privada	50,8	74,1	Traballo por conta allea
Funcionario/a, traballo para a administración pública	23,3		
Desempregado/a procurando emprego	12,1		Desempregado/a procurando emprego
Autoemprego/autónomo	6,7	9,4	Traballo por conta propia
Empresario/a titular dunha empresa	2,7		
Estudante	3,3		Estudante
Xubilado/pensionista	0,5		Xubilado/pensionista
Outras situacións	0,6		Outras situacións

Como mostra o cadro, dentro do traballo por conta allea, predomina o realizado nunha empresa/ organización privada (50,8%) contra o realizado para a administración pública (23,3%). No caso do traballo por conta propia a proporción do autoemprego (6,7%) duplica á do empresariado titular dunha empresa (2,7%). A proporción de titulados/as que proseguen cos estudos ascende a 3,3%, a de xubilados/pensionistas a 0,5% e un 0,6% áchanse noutras situacións.

En nivel global, a epígrafe “outras situacións” comprende principalmente as persoas que se dedican en exclusivo a preparar oposicións (0,22%), ao coidado doméstico dalgún familiar (0,09%), en situación de excedencia profesional (0,04%) ou ano sabático (0,01%) ben como aquelas persoas en baixa profesional (0,03%),

3.1.2 Evolución quinquenal

Entre as categorías analizadas, tal como mostra a gráfica nº32, só dúas experimentan unha tendencia crecente en todo o período avaliado. Por un lado, o emprego por conta allea nunha empresa/organización privada (que pasa de 40,1% entre 1990-95 a 50,7% entre 2011-15, cun máximo de 55,3% entre 2006-10) e, por outro, o desemprego (que evolúe dun mínimo de 6,2% no primeiro quinquenio até un máximo de 17,3% no último).


As categorías de estudante e “outras situacións” tamén mostran unha tendencia crecente, pasando a primeira delas do 0,0% entre 1990-95 até un máximo de 7,8% entre 2011-15.

Polo contrario, o traballo para a administración pública, que pasa do máximo de 41,2% entre 1990-95 até un mínimo de 15,5% entre 2011-15, presenta unha tendencia decrecente en todo o período avaliado.

As dúas subcategorías que integran o traballo por conta propia tamén diminúen entre 1990 e 2015. O traballo autónomo/autoemprego evolúe desde un 6,8% no primeiro quinquenio até un mínimo de 5,5% entre 2011-15, despois de se estabilizar por volta do 7% entre 1996-10. No caso da titularidade dunha empresa, prodúcese unha evolución desde un máximo de 4,5% entre 1990-95 e de 4,4% entre 1996-00 até o mínimo de 1,4% entre 2011-15.

A proporción de persoas xubiladas o pensionistas oscila entre un máximo de 0,9% no primeiro quinquenio a un mínimo de 0,2% entre 2001-05.

Gráfica nº32: Evolución quinquenal da actividade (%)



3.1.3 Evolución anual

O Anexo 34 mostra o cadro de datos da evolución anual da situación laboral das persoas tituladas.


3.1.4 Análise por xénero

3.1.4.1 Global

Por xéneros, tal como mostran as gráficas nº33 e nº34, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) na actividade actual. Así sendo, a proporción de homes que traballan por conta allea (77,6%) como por conta propia (10,4%) é superior á das mulleres (71,5% e 8,7%, respectivamente). O desemprego afecta máis ás mulleres (14,8%) que aos homes (8,5%).

A porcentaxe de mulleres que continúan cos estudos (3,9%) é levemente superior á de homes (2,4%) ben como outra situación (0,7% contra 0,5%). Os homes presentan unha proporción de xubilados/pensionistas (0,6%) levemente superior á das mulleres (0,4%).


Gráfica nº33: Distribución porcentual da actividade por xéneros (agregada)



Como mostra a gráfica nº34, se desagregarmos o traballo por conta allea e por conta propia nas súas respectivas categorías, obsérvase que o traballo por conta allea nunha empresa ou organización privada é a situación maioritaria entre os homes (58,0%) contra o 45,5% das mulleres. Polo contrario, a proporción de mulleres que traballan para a administración pública (26,0%) é superior á dos homes (19,6%).

No caso do traballo por conta propia, é mais alta a proporción de homes que traballan tanto como autónomos (6,9% contra 6,6% de mulleres) como de empresarios titulares dunha empresa (3,5% contra 2,1% de mulleres).

Gráfica nº34: Distribución porcentual da actividade por xéneros (desagregada)




3.1.4.2 Evolución quinquenal

Traballo por conta propia

En ambos xéneros a modalidade de traballo por conta propia, tal como mostra a gráfica nº35, manifesta unha tendencia decrecente en todo o período avaliado, reducíndose á metade entre o primeiro quinquenio (15,4%) e o último (7,6%) no caso dos homes. Porén, esta descida é menos acusada no caso das mulleres, que pasa dun 8,3% entre 1990-95 a 6,4% entre 2011-15, cun máximo de 10,8% entre 2001-05.


Gráfica nº35: Evolución quinquenal do traballo por conta propia (%)



Autoemprego/autónomo

Homes e mulleres manifestan tendencias diferentes no período analizado. Así sendo, mentres que a dos homes é decrecente (de 8,4% entre os que completaron os seus estudos no primeiro quinquenio pásase a un 5,6% no último), no caso das mulleres é levemente crecente e non existen grandes diferenzas entre o primeiro quinquenio (5,7%) e o último (5,5%). Salvo no quinquenio 2001-05, a porcentaxe de homes nesta situación é superior á das mulleres.


Gráfica nº36: Evolución quinquenal do autoemprego por xéneros (%)



Empresario/a titular dunha empresa

A porcentaxe de ambos xéneros que responde a este perfil de actividade descende coa pasaxe do tempo, de modo que os valores superiores para os homes teñen lugar no primeiro quinquenio (7,0%) e para as mulleres no segundo e terceiro (3,4% entre 1996-00 e 2001-05). Polo contrario, os valores mínimos prodúcense no quinquenio máis recente (2,0% de homes contra o 0,9% de mulleres).


Gráfica nº37: Evolución quinquenal de empresario/a titular dunha empresa por xéneros (%)



Traballo por conta allea

O traballo por conta allea, tal como mostra a gráfica nº38, experimenta un descenso continuado no período analizado, isto é, os valores superiores nos primeiros quinquenios diminúen nos máis recentes. Aínda que esta evolución é paralela para ambos os xéneros, o descenso é máis acusado nas mulleres que nos homes, de modo que a partir dunha posición similar nos dous primeiros quinquenios do ±81%, cai até o 71,8% no caso dos homes e ao 61,9% no das mulleres.


Gráfica nº38: Evolución quinquenal do traballo por conta allea por xéneros (%)



Emprego nunha empresa ou organización privada

Tal como se observa na gráfica nº39, o traballo como empregado/a nunha empresa ou organización privada experimenta unha tendencia clara de crecemento para ambos os xéneros até 2011. No caso dos homes pásase dun 46,7% entre 1990-95 a un 61,8% entre 2006-10 e do 35,4% a 51,1% nas mulleres nos mesmos quinquenios. Ao longo de todo o período avaliado a proporción de homes supera á de mulleres, manifestando ambos os xéneros un descenso similar, algo máis agudo para as mulleres, no último quinquenio (2011-15).


Gráfica nº39: Evolución quinquenal do traballo por conta allea nunha empresa ou organización privada por xéneros (%)



Traballo para a administración pública

O traballo funcional para a administración pública, tal como mostra a gráfica nº40, manifesta en ambos os xéneros un descenso espectacular no período avaliado. A partir das moito altas porcentaxes iniciais, onde alcanza os valores máximos (45,8% de mulleres contra 34,8% de homes), a tendencia á baixa é moito aguda nos quinquenios máis recentes (16,6% de mulleres e 14,0% de homes entre 2011-15). En toda a secuencia histórica a proporción de mulleres que traballan para a administración supera sempre á dos homes.

Gráfica nº40: Evolución quinquenal do traballo para a administración pública por xéneros (%)




Desempregado/a procurando emprego

En ambos os xéneros, tal como mostra a gráfica nº41, a situación de desemprego experimenta unha tendencia crecente, con valores superiores de persoas desempregadas nos quinquenios máis recentes (13,5% de homes contra 20,2% de mulleres entre 2011-15) e valores inferiores entre as persoas tituladas nos quinquenios iniciais (2,4% de homes contra 9,1% de mulleres entre 1990-95).

O desemprego entre as mulleres supera ao masculino en toda a secuencia histórica, chegando a triplicalo entre 1990-95 e duplicalo entre 1996-2005. A maior distancia en puntos entre a taxa de desemprego entre xéneros ten lugar entre 2001-05 (7,7) e entre 1990-95 e 2011-15 (6,7 en ambos os casos).


Gráfica nº41: Evolución quinquenal do desemprego por xéneros (%)



Estudante

A porcentaxe de persoas tituladas que proseguían cos seus estudos universitarios no momento de responder a enquisa manifesta un claro aumento, especialmente a partir do período 2001-05. Así sendo, a proporción de estudantes é máxima no quinquenio máis recente (9,5% de mulleres contra 5,5% de homes), diminuíndo nos períodos máis antigos cando representaba o 0,0% en ambos os xéneros entre 1990-95. En todos os casos, a proporción de mulleres supera á de homes.


Gráfica nº42: Evolución quinquenal de persoas que estudan por xéneros (%)



Xubilado/pensionista

A proporción de persoas xubiladas ou que reciben unha pensión manifesta os valores máis elevados nos primeiros quinquenios. Como mostra a gráfica nº43, nos tres primeiros quinquenios os rexistros femininos superan aos masculinos.

Gráfica nº43: Evolución quinquenal de persoas xubiladas/pensionistas por xéneros (%)



3.1.4.3 Evolución anual

Máis detalladamente, o Anexo 35 mostra o cadro de datos da evolución anual da actividade actual por xéneros.

3.1.5 Análise por ámbitos académicos

3.1.5.1 Global

Por ámbitos académicos, tal como mostra a gráfica nº44, existen diferenzas estatisticamente significativas. En primeiro lugar, a situación de empregado por conta allea nunha empresa/organización privada só é maioritaria entre as persoas tituladas do ámbito Tecnolóxico (68,6%), seguida a máis distancia polas do Xurídico-Social (48,3%). Os valores inferiores desta tipoloxía de traballo prodúcense nos ámbitos de Ciencias da Saúde e Multidisciplinar (30,5% ambos).

O traballo para a administración pública, cunha media global de 23,3%, tan só é maioritario (52,1%) entre as persoas tituladas do ámbito das Ciencias da Saúde, seguido polo Científico (36,0%), Xurídico-Social (24,6%) e Arte e Humanidades (21,4%). O valor mínimo rexístrase entre os titulados/as do Tecnolóxico (13,4%).

O traballo autónomo ou autoemprego, cun valor global de 6,7%, presenta proporcións considerábeis entre as persoas tituladas do ámbito Multidisciplinar (14,8%) e de Arte e Humanidades (14,7%) contra o mínimo de 3,5% do Científico e 4,5% do Tecnolóxico.


A proporción de empresariado titular dunha empresa entre as persoas tituladas polos ámbitos Tecnolóxico (3,1%) e Xurídico-Social (3,0%) supera á existente no Científico (1,4%), Multidisciplinar (1,6%), Ciencias da Saúde (1,7%) e de Arte e Humanidades (1,8%).

A proporción de persoas tituladas desempregadas dos ámbitos de Arte e Humanidades (16,9%) e Científico (16,2%) duplica á existente no Tecnolóxico (8,0%) ou das Ciencias da Saúde (8,5%). Nunha posición intermedia áchanse os do Xurídico-Social e Multidisciplinar (13,3% ambos)

A porcentaxe de persoas tituladas que aínda estudaban no momento de responder a enquisa só é significativa no Científico (7,1%) e en Arte e Humanidades (6,6%) mentres que as Ciencias da Saúde e o Tecnolóxico presentan mínimos de 1,5% e 2,0% respectivamente.

A elevada proporción de persoas xubiladas ou pensionistas entre os titulados/a do ámbito Multidisciplinar (19,5%) é debida a que este ámbito está constituído principalmente por persoas que completaron os Títulos Propios de Sénior, tanto no seu formato de Graduado Superior como de Graduado Universitario.

Gráfica nº44: Distribución porcentual da actividade segundo ámbitos académicos



3.1.5.2 Evolución quinquenal

Arte e Humanidades


O traballo como funcionario/a para a administración pública constitúe a situación maioritaria (50,0%) no primeiro quinquenio, reducíndose progresivamente até se situar por volta do 14% nos dous últimos quinquenios.

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada experimenta, porén, unha tendencia crecente, evoluíndo desde o 22,7% no primeiro quinquenio até un máximo de 47,2% entre 2006-10. Entre 2011-15 alcanza unha proporción (37,2%) similar ao inicio da década anterior (36,4%).

O valor máximo de persoas desempregadas prodúcese no último quinquenio (23,4%) contra un mínimo de 9,4% entre 1996-00, altura a partir da que aumenta de forma evidente a evolución do desemprego.

A porcentaxe de estudantes só é significativa no último quinquenio avaliado (13,4%).

Gráfica nº45: Evolución quinquenal da actividade no ámbito de Arte e Humanidades (%)



Ciencias da Saúde

A situación de actividade preponderante en todos os períodos avaliados é a de funcionario/a, traballo para a administración que experimenta unha tendencia decrecente ao longo da secuencia histórica, pasando dun máximo de 78,0% entre 1990-95 e 72,9% entre 1996-00, 65,4% entre 2005-05, 40,4% entre 2006-10 e o mínimo de 35,2% no último quinquenio.


O traballo nunha empresa/organización privada, co 43,4%, tórnase na situación predominante no quinquenio 2011-15. Esta categoría experimenta un crecemento en todo o período avaliado, cun mínimo de 15,7% entre 1996-00.

A proporción de persoas tituladas que desenvolven a súa actividade profesional como traballadores autónomos oscila entre un mínimo do 0,0% entre 1990-95 e un máximo de 6,5% entre 2001-05 e 4,4% entre 2011-15.

A porcentaxe de propietarios/as de empresas oscila entre un valor máximo de 4,3% entre 1996-00 e un mínimo de 0,0% no primeiro quinquenio e de 1,1% no último.

O desemprego experimenta unha evolución crecente até 2010, pasando de 1,7% entre 1990-95 a 17,5% entre 2006-10. Porén, no último quinquenio prodúcese un descenso da porcentaxe do desemprego até o 11,0%.

Gráfica nº46: Evolución quinquenal da actividade no ámbito das Ciencias da Saúde (%)



Científico

O traballo como funcionario/a para a administración pública, salvo entre 2001-10, é a situación predominante e alcanza unha proporción maioritaria (61,5%) no primeiro quinquenio. No resto de quinquenios experimenta unha evolución decrecente, pasando de 43,3% entre 1996-00 até o mínimo de 28,9% entre 2006-10 para subir a 32,6% entre 2011-15.


O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada, co 41,9% e 37,2%, é a opción predominante nos períodos 2001-05 e 2006-10, respectivamente. A súa evolución segue unha tendencia crecente até 2001-05, decrecendo até alcanzar o 27,9% entre 2011-15.

O traballo autónomo mostra unha progresión decrecente ao longo de todo o período avaliado, pasando dun máximo de 7,7% entre 1990-95 até un mínimo de 2,4% entre 2011-15.

A proporción de empresariado ou titular de empresa presenta o seu valor máximo en 1996-00 (4,0%). Polo contrario, é nula tanto no primeiro quinquenio como no último.

A proporción de estudantes é notábel entre as persoas tituladas no cuarto e quinto quinquenios, con porcentaxes de 6,0% e 16,5%, respectivamente.


Gráfica nº47: Evolución quinquenal da actividade no ámbito Científico (%)



Multidisciplinar

Este ámbito de coñecemento apenas ten implantación entre o cuarto e quinto quinquenio, abarcando o período comprendido entre 2006-15. Tal como mostra a gráfica nº48, as categorías de desemprego (de 7,7% a 15,2%) e traballo nunha empresa/organización privada (de 15,4% a 33,3%) presentan unha evolución crecente perante a tendencia decrecente que presentan traballadores autónomos (de 26,9% a 12,1%), empresariado (de 7,7% a 0,0%), traballo para a administración pública (de 19,2% a 16,2%) e persoas xubiladas ou pensionistas (de 23,1% a 19,2%).

Gráfica nº48: Evolución quinquenal da actividade no ámbito Multidisciplinar (%)



Tecnolóxico

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada constitúe a opción predominante e maioritaria das persoas tituladas, con valores máximos de 74,8% entre 2006-10 e de 69,5% entre 2001-05 e mínimos de 58,6% entre 1990-95 e 64,6% entre 1996-00.


O traballo como funcionario/a para a administración pública presenta unha tendencia decrecente en todo o período avaliado, pasando dun máximo de 26,4% entre 1990-95 a un mínimo de 10,1% entre 2006-10 e de 10,5% entre 2011-15.

Tanto a porcentaxe de persoas que exercen a súa profesión como traballadores autónomos como a proporción de empresarios/as titulares dunha empresa experimenta unha tendencia decrecente no período avaliado. No caso do traballo autónomo, a proporción pasa do máximo de 6,4% entre 1990-95 ao mínimo de 4,0% entre 2011-15. A proporción de empresarios/as, a partir dun máximo de 7,1% entre as persoas tituladas entre 1990-95, pasa a un mínimo de 1,8% entre 2006-10 e 2011-15.

O desemprego, ao contrario, presenta unha evolución crecente no período avaliado, pasando dunha taxa de 1,4% entre os titulados/as entre 1990-95 a un 11,6% entre os titulados/as durante o último quinquenio avaliado.

A proporción de estudantes neste ámbito académico só é significativa nos quinquenios 2006-10 (0,7%) e 2011-15 (4,7%).

Gráfica nº49: Evolución quinquenal da actividade no ámbito Tecnolóxico (%)



Xurídico-Social

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada, que experimenta unha evolución crecente no período avaliado, pasa de 39,5% entre os titulados/as no primeiro quinquenio até un máximo de 51,0% entre 2006-10.

O traballo para a administración pública, cunha evolución decrecente na secuencia histórica, pasa dun máximo de 38,5% entre os titulados/as no primeiro quinquenio até un mínimo de 13,8% entre 2011-15.


A proporción de persoas tituladas neste ámbito que exercen a súa profesión como autónomos presenta un máximo de 8,2% entre 2006-10 e un mínimo de 5,9% entre 2011-15.

A porcentaxe de empresarios ou titulares de empresas segue unha evolución decrecente, desde un máximo de 4,8% entre 1990-95 até o mínimo de 1,5% entre 2011-15.

As persoas desempregadas aumentan desde un 8,0% nos tres primeiros quinquenios até alcanzar un máximo de 20,4% no último.

As persoas que aínda continuaban a estudar no momento de realizar a enquisa representan o 2,5% e 7,4% da mostra nos quinquenios 2006-10 e 2011-15, respectivamente.

Gráfica nº50: Evolución quinquenal da actividade no ámbito Xurídico-Social (%)



3.1.5.3 Evolución anual

O Anexo 36 mostra os cadros de datos da evolución anual da situación no momento actual da mostra obtida por ámbitos académicos.

3.1.6 Análise por tipoloxía de estudos

3.1.6.1 Global

O traballo por conta allea como empregado/a dunha empresa/organización privada, tal como se tira da gráfica nº51, só é maioritario nas Enxeñarías Superiores (72,4%) e Enxeñarías Técnicas (68,3%) contra as Licenciaturas (46,0%), Graos (44,4%) e Diplomaturas (42,2%).

O traballo na función pública presenta valores considerábeis entre os titulados/as en Diplomaturas (34,8%), Licenciaturas (26,5%) e Mestrados (25,5%) contra os valores inferiores detectados nas Enxeñarías Técnicas (11,6%) e Graos (13,2%).

O traballo como profesional autónomo entre as persoas tituladas en Mestrados (11,2%) e Licenciaturas (9,8%) duplica ao das Enxeñarías Técnicas (5,7%), e Graos (5,3%). Os valores inferiores teñen lugar entre os titulados/as en Enxeñarías Superiores (3,5%) e Diplomaturas (4,4%).


O traballo como empresarios ou titulares dunha empresa oscila entre un máximo de 3,7% nos titulados/as en Enxeñarías Técnicas e un mínimo de 0,8% entre os que completaron un Grao. A menor porcentaxe experimentada por estes últimos é debida á recente implantación desta tipoloxía de estudos.

A taxa de desemprego é máis elevada entre os titulados/as en Graos (19,1%) e Mestrados (16,3%) que entre as Enxeñarías Superiores (5,7%), Enxeñarías Técnicas (9,4%), Licenciaturas (12,0%) ou Diplomaturas (13,2%).

As persoas tituladas en Graos presentan a máxima proporción de estudantes (15,4%) contra os valores inferiores detectados entre os titulados/as en Enxeñarías Técnicas (0,7%), Enxeñarías Superiores (1,1%) ou Diplomaturas (1,4%). Como indicado no parágrafo anterior, a razón desta desproporción está na recente implantación deste tipo de titulación e no consecuente menor tempo de permanencia no mercado de traballo.

Por tipoloxía de estudos, a presenza de persoas xubiladas ou receptoras dunha pensión só é notábel entre os Graduados Superiores (66,7%) e Universitarios (38,9%) debido á inclusión da categoría "sénior" nestes Títulos Propios.

Gráfica nº51: Distribución porcentual da actividade segundo tipoloxía de estudos



3.1.6.2 Evolución quinquenal


Diplomaturas

O traballo por conta allea nunha empresa/organización privada experimenta unha tendencia crecente no período avaliado, pasando de 34,3% entre 1990-05 a 46,2% entre 2011-15. Esta

evolución tamén se dá na situación de desemprego, pasando de 8,7% a 25,7% e na proporción de estudantes, que pasa de 0,0% a 3,9% en ambos os períodos.

Porén, nese mesmo período presenta unha redución o traballo autónomo ou autoemprego (que pasa de 6,3% entre 1990-95 a 2,6% en 2011-15), das persoas titulares de empresas (de 4,2% a 0,8%), e do traballo para a administración pública, que ve reducidos as súas porcentaxes á metade (de 44,6% a 18,4%), ben como o de persoas xubiladas ou pensionistas.

Gráfica nº52: Evolución quinquenal da actividade nas Diplomaturas




Enxeñarías Técnicas

No caso das Enxeñarías Técnicas é crecente a taxa de desemprego (que pasa de 1,6% entre as persoas tituladas no primeiro quinquenio avaliado até 14,9% do último), ben como a de estudantes, que alcanza un valor superior do 1,9% entre 2011-15. Algo similar acontece co traballo por conta allea nunha empresa/organización privada que, logo de experimentar unha tendencia crecente entre 1990-95 e 2006-10 (de 57,1% a 76,2%), baixa ao 69,8% entre 2011-15.

A proporción de persoas tituladas que traballan por conta propia, tanto autónomos como empresarios, experimenta unha evolución paralela: decrecente entre o primeiro e cuarto quinquenio e crecente no último. Así sendo, a porcentaxe de traballadores autónomos pasa de 7,9% a 4,0%, alcanzando o 5,6% entre 2011-15; no caso do empresariado, pasa de 11,1% a un mínimo de 0,8%, alcanzando o 2,9% no último quinquenio.

O traballo na función pública segue unha tendencia decrecente en todo o período, pasando de 22,2% entre 1990-95 a 4,5% entre 2011-15. Os titulados que aínda estudaban no momento de responder a enquisa representaban o 1,9% das persoas tituladas entre 2011-15.

Gráfica nº53: Evolución quinquenal da actividade nas Enxeñarías Técnicas



Licenciaturas

A proporción de persoas que traballan nunha empresa/organización privada por conta allea é crecente desde o primeiro quinquenio (37,4%) até alcanzar un valor superior de 51,6% entre 2006-10, mais baixan tamén até o 45,7% entre 2011-15.


Igualmente, a evolución do traballo para a administración pública é decrecente en todo o período, pasando dun máximo de 45,6% entre 1990-95 a un mínimo de 19,1% entre 2011-15. Tamén é decrecente a porcentaxe de empresarios titulares dunha empresa, que pasa de 3,1% entre 1990-95 a 1,6% nos dous últimos quinquenios.

A evolución das persoas que desenvolven a súa profesión como autónomos presenta unha proporción inicial e final de 7,7%, situándose por volta do 11% entre 1996-2010.

A evolución da taxa de desemprego responde a unha tendencia crecente, pasando de 5,6% no primeiro quinquenio a 18,1% entre as persoas que completaron os seus estudos entre 2011-15.

Para estes titulados/as, a porcentaxe máxima de estudantes (6,4%) ten lugar entre 2011-15.

Gráfica nº54: Evolución quinquenal da actividade nas Licenciaturas




Enxeñaría Superiores

A porcentaxe de persoas que traballan por conta allea nunha empresa/organización privada é maioritaria e presenta unha tendencia crecente no período avaliado, pasando de 59,7% entre 1990-95 a 76,3% entre 2005-10, cunha queda até o 73,1% entre 2011-15. As persoas que traballan na función pública pasan dun máximo de 29,9% entre 1990-95 a un valor mínimo de 9,0% entre 2006-10, experimentando un crecemento até o 12,2% entre os titulados/as no período 2011-15.

O traballo por conta propia diminúe durante toda a secuencia histórica, pasando o traballo autónomo do 5,2% entre 1990-95 a 2,6% entre 2011-15 e a proporción de empresarios do 3,9% entre o primeiro e ao 1,2% no último quinquenio.

A taxa de persoas desempregadas é crecente, cun mínimo de 1,3% entre 1990-95 a un máximo de 8,2% entre 2011-15. A proporción de estudantes no último quinquenio ascende a 2,6%.

Gráfica nº55: Evolución quinquenal da actividade nas Enxeñarías Superiores




Graos

A análise da evolución quinquenal da situación laboral das persoas tituladas en Graos limitáase aos períodos 2006-10 e 2011-15, xa que a primeira promoción de persoas tituladas en Graos tivo lugar no curso académico 2009/10.

Neste período presenta unha tendencia crecente tanto a taxa de desemprego (de 11,4% a 19,4%) como os empregados/as por conta allea nunha empresa/organización privada (de 38,6% a 44,6%) e as persoas que seguen a estudar na altura de responder a enquisa (de 4,5% a 15,8%).

Coa mesma explicación, baixa a tendencia experimentada polas persoas que exercen a súa profesión como profesionais autónomos (de 25,0% a 4,5%), empresarios (de 2,3% a 0,8%) ou na función pública (de 15,9% a 13,1%).

Gráfica nº56: Evolución quinquenal da actividade nos Graos




Mestrados Universitarios

A análise da evolución quinquenal da situación profesional actual das persoas tituladas en Mestrados Universitarios tamén non abranxe todos os períodos contemplados neste estudo, xa que a primeira promoción de titulados/as nesta tipoloxía de estudos completouse no curso 2006-07.

Así sendo, presenta unha evolución crecente a proporción de persoas empregadas por conta allea nunha empresa/organización privada (de 26,8% a 42,7%) e as que seguen a estudar (de 2,7% a 4,4%).

Polo contrario, é decrecente a proporción de persoas que traballan por conta propia como autónomos (de 19,6% a 9,5%) ou como empresarios (de 3,6% a 2,0%) e os que o fan para a administración pública como funcionarios/as (de 31,3% a 24,4%). A taxa de desempregados mantense constante no período avaliado por volta do 16%.

Gráfica nº57: Evolución quinquenal da actividade nos Mestrados Universitarios



3.1.6.3 Evolución anual

O Anexo 37 mostra os cadros de datos da evolución anual da situación no momento actual da mostra obtida por ámbitos académicos.

3.1.7 Análise por titulacións

3.1.7.1 Traballo por conta propia

As titulacións que presentan a proporción máis alta de persoas tituladas que desenvolven un traballo por conta propia son a Licenciatura en Dereito (32,3%), Diplomatura en Fisioterapia (28,6%), licenciaturas en Tradución e Interpretación (25,2%) e en Belas Artes (25,0%), graos en Fisioterapia (21,8%) e en Consultoría de Xestión da Información (20,0%), Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (19,7%), graos en Comunicación Audiovisual (19,0%), Enxeñaría Forestal (15,8%) e en Belas Artes (15,6%).

Os valores máis baixos prodúcense entre as persoas tituladas na Diplomatura de Traballo Social (0,9%), Grao en Enfermaría (1,4%), Licenciatura en Filoloxía Hispánica (2,1%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (2,2%), diplomaturas en Enfermaría (2,3%) e en Xestión e Administración Pública (2,6%), Grao en Educación Infantil (2,8%), Licenciatura en Ciencias do Mar (3,0%), Grao en Administración e Dirección de Empresas, Licenciatura en Psicopedagogía (3,1% ambas), Enxeñaría en Informática (3,6%), Grao en Traballo Social (4,0%), Diplomatura en Mestre/a (4,6%), Licenciatura en Bioloxía (5,3%), Grao en Educación Primaria (5,4%), Grao en Turismo, Grao en Ciencias Ambientais e Diplomatura en Educación Social (5,6% cada unha), Licenciatura en Economía e Grao en Tradución e Interpretación (5,7% ambas), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (5,9%) e Enxeñaría de Telecomunicación (6,0%).

Porén, segundo a mostra obtida, nengunha persoa realiza este tipo de actividades entre os graduados/as en Bioloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias da Actividade Física e do Deporte, Ciencias do Mar, Economía, Enxeñaría Agraria, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Eléctrica, Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría en Química Industrial, Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Mecánica, Linguas Estranxeiras, Química, Relacións Laborais e Recursos Humanos e en Xeografía e Historia.

3.1.7.1.1 Autoemprego/autónomo

A porcentaxe máis alta de persoas tituladas que traballan como autónomas prodúcese na Licenciatura de Dereito (27,9%), Diplomatura en Fisioterapia (26,5%), licenciaturas en Belas Artes (24,4%) e en Tradución e Interpretación (23,6%), graos en Comunicación Audiovisual (19,0%), Fisioterapia (18,2%) e en Estudos de Galego e Español (15,4%).

Polo contrario, os valores máis baixos detéctanse nas diplomaturas de Enfermaría e Traballo Social (0,9% ambas), Licenciatura en Filoloxía Hispánica (1,0%), Grao en Educación Infantil (1,4%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (1,5%), Licenciatura en Ciencias do Mar (1,9%), Enxeñaría en Informática (2,2%), Enxeñaría de Telecomunicación (2,3%), Licenciatura en Psicopedagogía (2,5%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (2,6%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (2,9%), Grao en Administración e Dirección de Empresas e Diplomatura en Mestre/a (3,1% ambas), ben como nas licenciaturas de Bioloxía e Economía (3,4% ambas).

3.1.7.1.2 Empresario/a titular dunha empresa

As titulacións con máis porcentaxe de persoas tituladas empresarias ou titulares dunha empresa son o Grao en Consultoría e Xestión da Información (20,0%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (8,7%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (7,2%), licenciaturas en Dereito Económico-Empresarial (6,2%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (5,6%) e en Historia (5,5%).

Polo contrario, as titulacións con menos presenza de empresariado na mostra son as licenciaturas en Belas Artes (0,6%), Psicopedagogía (0,7%), Filoloxía Hispánica (1,0%) e en Ciencias do Mar (1,1%), Grao en Educación Infantil, Diplomatura e Grao en Enfermaría ben como Enxeñaría en Informática (1,4% cada unha), Diplomatura en Mestre/a (1,5%), licenciaturas en Química e Tradución e Interpretación (1,7% ambas), Licenciatura en Bioloxía (1,9%) e Diplomatura en Fisioterapia (2,0%).

3.1.7.2 Traballo por conta allea

As porcentaxes de persoas que traballan en entidades non lucrativas en Galicia (6,2%) e no resto do mundo (5,8%) duplican á doutras Comunidades Autónomas (2,9%).

Gráfica nº161: Rama de actividade segundo o lugar de traballo



4.4.8.1 Persoas que traballan en Galicia


4.4.8.1.1 Provincias

Por provincias, o traballo na empresa privada é superior na Coruña (70,8%) e Pontevedra (64,7%) que en Ourense (54,7%) e Lugo (61,7%).

As persoas tituladas que traballan nas provincias do interior de Galicia rexistran a máxima proporción de traballo tanto no ámbito público (37,4% en Ourense e 31,1% en Lugo) como en entidades non lucrativas (7,9% en Ourense e 7,3% en Lugo).

Polo contrario, son inferiores á media galega (29,1%) as porcentaxes de traballo no ámbito público das persoas cuxo traballo se acha nas provincias da Coruña (25,0%) e Pontevedra (27,8%).

Gráfica n°162: Distribución porcentual da rama de actividade nas provincias galegas




4.4.8.1.2 Cidades

A Coruña (81,3%) e Vigo (71,1%) rexistran os valores superiores de traballo na empresa privada contra os mínimos de Ferrol (43,6%) e Pontevedra (52,0%).

As persoas tituladas da UVIGO que traballan no ámbito público son maioría en Ferrol (52,7%), seguido por Pontevedra (45,6%) e, a máis distancia, A Coruña (15,0%) e Vigo (23,9%).

O traballo en entidades de tipo non lucrativo presenta porcentaxes notábeis nas cidades de Ourense (8,2%) e Lugo (7,4%).

Gráfica nº163: Distribución porcentual da rama de actividade nas cidades galegas



Máis pormenorizadamente, o Anexo 103 mostra, a nivel dos municipios galegos, o cadro de datos coa distribución porcentual do lugar de traballo por rama de actividade.

4.4.8.2 Persoas que traballan no resto de España


4.4.8.2.1 Comunidades Autónomas

Por Comunidades Autónomas, tal como mostra a gráfica nº164, os titulados/as que traballan na Cataluña (82,6%), Asturias (76,9%), Comunidade de Madrid (74,7%) presentan a máxima proporción de traballo na empresa privada contra os mínimos de Ceuta (0,0%), Rexión de Murcia (33,3%), Illas Canarias (44,7%) e Cantabria (46,7%).

Traballan en organizacións ou institucións pertencentes ao ámbito público a totalidade das persoas emigradas a Ceuta, ben como á Rexión de Murcia (58,3%), Illas Canarias (52,6%), Castela-A Mancha (43,5%), Andalucía (39,5%), Extremadura (37,5%) e Illas Baleares (37,0%) contra os mínimos rexistrados entre os titulados/as que traballan na Cataluña (15,5%), Asturias (20,5%), Comunidade de Madrid (23,7%), A Rioxa (25,0%) e País Basco (26,5%).

O traballo en entidades de tipo non lucrativo manifesta niveis significativos entre os emigrados/as na Rioxa (25,0%), Cantabria (20,0%), País Basco (10,2%) e Aragón (10,0%) contra as Illas Baleares, Extremadura, Castela-A Mancha e Ceuta (0,0% en cada unha).

Gráfica nº164: Distribución porcentual da rama de actividade nas Comunidades Autónomas



4.4.8.2.2 Provincias

Por provincias, traballan na empresa privada a totalidade dos emigrados/as en Cidade Real, Cuenca, Huelva, Xaén, Lleida, Palencia e Segovia, seguidos por Tarragona (90,9%), Barcelona (83,5%), Badaxoz e Guadalaxara (80,0% ambas), Alaba (77,8%), Asturias (76,9%), Biscaia, Valencia e Zaragoza (75,0% cada unha) contra os valores inferiores de Ceuta, Huesca, Soria e Teruel (0,0% cada unha), Zamora (16,7%) e Santa Cruz de Tenerife (26,3%).

O traballo en entidades de ámbito público alcanza á totalidade dos que traballan nas provincias de Ceuta, Huesca e Teruel, seguidos por Zamora (83,3%), Santa Cruz de Tenerife (73,7%), Cáceres e Cádiz (66,7% ambas), Toledo (61,5%), Murcia (58,3%) e Avila (57,1%) e, con porcentaxes moito inferiores, Tarragona (9,1%), Zaragoza (12,5%), Barcelona e Biscaia (15,0% ambas), Granada (16,7%) e Valencia (18,8%) ou nulas en Cidade Real, Cuenca, Huelva, Xaén, Lleida, Palencia e Segovia.

O traballo en entidades non lucrativas é significativo entre as persoas que traballan nas provincias de Soria (50,0%), A Rioxa (25,0%), Cantabria (20,0%), Granada (16,7%), Guipúscoa (15,8%), Xirona e Málaga (14,3% ambas), Zaragoza (12,5%) e Biscaia (10,0%).

O Anexo 104 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da rama de actividade nas provincias españolas.


4.4.8.2.3 Cidades representativas

Tal como reflicte a gráfica nº 165, o traballo na empresa privada presenta valores superiores entre os titulados/as que traballan en Barcelona (83,3%), Bilbao (81,8%), Xixón (80,0%), Valencia (78,6%), Ponferrada (76,9%) e Madrid (75,4%) contra os mínimos rexistrados en Donostia/San Sebastián (16,7%), Santa Cruz de Tenerife (30,0%) e Palma de Maiorca (56,3%).

O traballo no ámbito público presenta valores superiores entre os titulados/as que traballan en Santa Cruz de Tenerife (70,0%), Donostia/San Sebastián (66,7%), Palma de Maiorca (43,8%), Sevilla (42,9%) e As Palmas de Gran Canaria (41,7%) contra os mínimos de Bilbao (9,1%), Valencia (14,3%) e Barcelona (14,9%).

Finalmente, o traballo en entidades non lucrativas é notábel entre as persoas que traballan en Donostia/San Sebastián (16,7%), Xetafe (15,4%), Oviedo e Bilbao (9,1% ambas).

Gráfica nº 165: Distribución porcentual da rama de actividade nas cidades representativas españolas



4.4.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

4.4.8.3.1 Países estranxeiros

Por países, están empregados na empresa privada a totalidade dos titulados/as que traballan en Andorra, Arxelia, Bangladesh, Barbados, Bulgaria, Catar, O Salvador, Eslovaquia, Estonia, Finlandia, Xeorxia, Indonesia, Islandia, Marrocos, Namibia, Nicaragua, República Dominicana, Tailandia

e o 83,3% dos que o fan na China, Polonia e República Checa, seguido por Chile (77,8%), Irlanda (76,0%), Emirados Árabes Unidos (75,0%), Alemaña (74,6%) e Reino Unido (72,0%).

O traballo no ámbito público abarca á totalidade das persoas que traballan en Croacia, Cuba, Gana, Guiné Bissau, Illa de Reunión (Francia), Lituania, Malta, Paraguai, Romanía, Rusia, Territorio das Illas Wallis e Futuna (Francia) e Uruguai, seguidos por Grecia (75,0%), África do Sul, Luxemburgo e Bélxica (66,7% cada unha), Australia (57,1%), Hungría, Tunisia e India (50,0% cada unha), Noruega (44,4%), Portugal (41,5%), Arxentina e Suecia (40,0% ambas).

Finalmente, o traballo en entidades non lucrativas presenta porcentaxes significativas entre os titulados/as que traballan en Casaquistán e Papúa Nova Guiné (100,0% ambos), India e Panamá (50,0% ambos), Bolivia e Singapur (33,3% ambos), Suíza (28,2%), Suecia (20,0%), Italia (18,2%), Irlanda (12,0%) e Canadá, Estados Unidos e Chile (11,1% cada un).


O Anexo 105 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da rama de actividade por países.

4.4.8.3.2 Cidades representativas

O traballo na empresa privada é maioritario en todas elas, salvo en Xenebra (23,1%) e Bruxelas (15,8%), cidades caracterizadas por albergar a sede de organismos internacionais, o que explica a elevada proporción de persoas que en Bruxelas traballan en organizacións de ámbito público (84,2%) ou, no caso de Xenebra, en entidades sen ánimo de lucro (61,5%).

Os valores superiores de traballo en empresas privadas rexístranse en Dublín (78,6%), Londres (78,3%), Munique (76,9%) e París (72,7%).

Gráfica nº166: Rama de actividade nas cidades representativas estranxeiras (%)



4.4.9 Análise por tempo de antigüidade no posto de traballo

4.4.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

O tempo medio de antigüidade no posto de traballo das persoas tituladas que traballan no ámbito público (89,908 meses) é superior ao existente na empresa privada (74,208 meses) e en entidades sen ánimo de lucro (63,341 meses).

Cadro nº54: Tempo medio de antigüidade segundo a rama de actividade

	Tm(meses)	tm(anos)	Desviación típica
Ámbito público	89,908	7,492	80,751
Empresa privada	74,208	6,184	74,712
Entidade non lucrativa	63,341	5,278	63,909


4.4.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

O traballo na empresa privada é maioritario en todos os intervalos de tempo de antigüidade avaliados, oscilando entre un máximo de 73,6% entre os titulados/as cun tempo de permanencia entre 1 e 2 anos e un mínimo de 52,9% entre os que teñen unha antigüidade no posto superior a 20 anos.

O tempo de permanencia no posto de traballo no ámbito público segue unha tendencia crecente, de maneira que a súa frecuencia aumenta desde os intervalos máis recentes aos máis antigos (media de 23,4% con antigüidade inferior a 5 anos, 32,6% entre 5 e 20 anos e 44,8% con máis de 20 anos).

Finalmente, o traballo en entidades non lucrativas presenta frecuencias superiores entre os tempos de antigüidade máis recentes (7,9% entre 6 e 12 meses e 7,3% en menos de 6 meses contra o mínimo de 2,3% con máis de 20 anos).

Gráfica nº167: Rama de actividade segundo o tempo de antigüidade no posto de traballo por intervalos




4.4.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

4.4.10.1 Modalidade de contratación

Tal como mostra a gráfica nº168, a modalidade de contratación por conta allea é maioritaria en todas as categorías avaliadas e rexistra no ámbito público (98,5%) e entidades non lucrativas (95,9%) unha porcentaxe superior á existente na empresa privada (84,1%).

Gráfica nº168: Rama de actividade segundo a modalidade de contratación (%)




4.4.10.2 Tipo de contrato

Por tipoloxía de contrato, os indefinidos presentan na empresa privada unha proporción (61,9%) superior á existente no ámbito público (57,9%) e nas entidades non lucrativas (55,2%), diferenza que se corresponde coa maior proporción de eventuais no ámbito público (33,5%) e nas entidades non lucrativas (30,1%) contra a empresa privada (17,0%).

No tocante a outros tipos de contrato, as bolsas presentan no ámbito público (5,8%) e entidades de tipo non lucrativo (5,2%) máis porcentaxe que na empresa privada (1,7%). Os contratos en prácticas das entidades non lucrativas (4,1%) e empresas privadas (3,3%) superan aos existentes no ámbito público (0,8%). Finalmente, os titulados/as que carecen de contrato apenas teñen lugar nas entidades non lucrativas (0,2%) e na empresa privada (0,1%).


Gráfica nº169: Rama de actividade segundo o tipo de contrato (%)



4.4.11 Análise segundo a realización de doutoramento

A maioría de persoas inquiridas que completaron un programa de doutoramento traballan para a administración pública (71,9% contra 26,3%), diferenza que se corresponde coa menor porcentaxe de doutoramentos que traballan nunha empresa/organización privada (22,1% contra 68,0%). Polo contrario, non é significativa a proporción de persoas posuidoras deste título que traballan nunha entidade sen ánimo de lucro (6,0% contra 5,7%).

Gráfica nº170: Rama de actividade segundo a realización de doutoramento



4.5 Sector económico

4.5.1 Global

Como se pode comprobar no cadro nº55, o sector económico que concentra máis persoas tituladas entre 1990-2015 é o público (27,9%), seguido a máis distancia polo dos servizos a empresas (13,9%), educación privada (7,5%), automoción (5,6%) e servizos informáticos (5,4%).

A seguir, cunha proporción de ocupación comprendida entre 3 e 5%, áchase o sector metalúrxico e eléctrico (4,2%), financeiro e o doutras actividades sociais (3,4% ambos), enerxía/ambiente (3,1%) e o de alimentación (3,0%).

O resto de sectores económicos, aínda que de forma agregada representen o 22,7% das persoas que traballan na actualidade, separadamente presentan unha porcentaxe inferior a 3%.

Cadro nº55: Distribución porcentual da mostra por sectores económicos

Sector económico	%
Público	27,9
Servizos a empresas	13,9
Educación privada	7,5
Automoción	5,6
Servizos informáticos	5,4
Metalúrxico e eléctrico	4,2
Finanzas	3,4
Outras actividades sociais	3,4
Enerxía/ambiente	3,1
Alimentación	3,0
Construción	2,7
Téxtil-confección	2,0
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	2,0
Sanidade privada	2,0
Química, plástico, vidro, envases	1,9
Turístico	1,7
Transporte, loxística	1,4
Telecomunicacións	1,3
Deporte/lecer/cultura	1,2
Distribución	1,1
Xurídico	1,1
Papel, gráficas, edición, reprodución	0,8
Aseguradoras	0,8
Comunicación audiovisual	0,7
Minaría	0,6
Madeira	0,6
Aeronáutica	0,5
Arte	0,2
Cerámica	0,0
Outros	0,1

4.5.2 Evolución quinquenal

O Anexo 106 mostra o cadro de datos da evolución quinquenal da distribución porcentual dos sectores económicos.

4.5.3 Evolución anual

O cadro nº56 mostra os valores máximos e mínimos de cada sector económico, ben como o ano da secuencia histórica en que se alcanzaron esas cotas.

Cadro nº56: Evolución anual do sector económico

Sector económico	Valor máximo (ano)	Valor mínimo (ano)
Aeronáutica	1,2 (2013)	0,0
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	3,0 (2000, 2002)	0,0 (1990-92)
Alimentación	5,6 (1990)	1,0 (1994)
Arte	1,0 (2009)	0,0
Aseguradoras	3,4 (1991)	0,0
Automoción	8,8 (2015)	0,0 (1990-91)
Cerámica	0,4 (1997)	0,0
Comunicación audiovisual	1,6 (2011)	0,0
Construción	4,9 (1997)	0,0 (1990, 1994)
Deporte/lecer/cultura	2,8 (2014)	0,0 (1991, 1993-94, 2001)
Distribución	3,4 (1991)	0,0 (1990, 1992, 1994)
Educación privada	11,5 (2007)	5,1 (1991)
Enerxía/ambiente	5,2 (2008)	0,5 (1996)
Finanzas	9,3 (1990)	0,0 (1991)
Madeira	1,5 (1995, 2009)	
Metalúrxico e eléctrico	5,8 (2009, 2012)	1,7 (1998)
Minaría	1,6 (2006)	0,0
Outras actividades sociais	4,9 (2008)	0,9 (1993)
Papel, gráficas, edición e reprodución	3,7 (1990)	0,0
Público	54,2 (1991)	19,7 (2009)
Química, plástico, vidro, envases	3,8 (1994)	0,0 (1990)
Sanidade privada	5,6 (1990)	0,0 (1996)
Servizos a empresas	17,1 (2009)	1,9 (1990)
Servizos informáticos	8,1 (2007)	0,0 (1990-91)
Telecomunicacións	2,9 (1996)	0,0 (1990, 1992)
Téxtil, confección	3,6 (2011)	0,0 (1990-92, 1994)
Transporte, loxística	3,7 (1990)	0,0 (1991)
Turístico	3,5 (2015)	0,0 (1990, 1992-94, 1996)
Xurídico	2,6 (2009)	0,0

O Anexo 107 mostra o cadro de datos da evolución anual da distribución porcentual dos sectores económicos

4.5.4 Análise por xénero

Por xéneros, é significativo o predominio da presenza feminina en sectores como a educación privada, outras actividades sociais, téxtil-confección, sanidade privada e turismo. Polo contrario, a presenza masculina é superior en automoción, servizos informáticos, metalúrxico e eléctrico, enerxía/ambiente, construción, telecomunicacións, finanzas e transporte/loxística.

Non existen diferenzas significativas en relación á presenza de ambos os xéneros en sectores como agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal; cerámica; distribución; arte; servizos a empresas; xurídico; comunicación audiovisual; papel, gráficas, edición e reprodución ou no mineiro.

Cadro nº57: Distribución porcentual dos sectores económicos segundo os xéneros

Sector económico	Home	Muller
Aeronáutica	0,8	0,2
Agricultura, gandaría, caza, pesca, silvicultura e forestal	2,0	2,0
Alimentación	2,6	3,4
Arte	0,2	0,3
Aseguradoras	1,0	0,6
Automoción	8,4	3,3
Cerámica	0,0	0,1
Comunicación audiovisual	0,6	0,9
Construción	3,8	1,8
Deporte/lecer/cultura	1,6	0,9
Distribución	1,0	1,1
Educación privada	4,8	9,7
Enerxía/ambiente	4,5	1,9
Finanzas	4,1	2,9
Madeira	0,9	0,3
Metalúrxico e eléctrico	6,3	2,4
Minaría	0,8	0,5
Outras actividades sociais	1,9	4,6
Papel, gráficas, edición e reprodución	0,6	1,0
Público	22,2	32,5
Química, plástico, vidro, envases	2,3	1,6
Sanidade privada	1,1	2,7
Servizos a empresas	13,8	13,9
Servizos informáticos	7,6	3,6
Telecomunicacións	2,0	0,8
Téxtil, confección	1,1	2,7
Transporte, loxística	2,0	0,9
Turístico	1,0	2,3
Xurídico	0,9	1,2
Outros	0,1	0,1

4.5.5. Análise por ámbitos académicos

Por ámbitos académicos constátase a existencia de relacións de dependencia estatística (p -valor $\leq 0,05$).

4.5.5.1 Distribución porcentual de ámbitos académicos segundo o sector económico

O cadro nº58 mostra, para cada ámbito académico, o sector económico que concentra máis porcentaxe de persoas tituladas.

Cadro nº58: Principais sectores económicos segundo o ámbito académico

Ámbito	Sector económico
Arte e humanidades	Arte (81,8%) Cerámica (25,0%) Educación Privada (24,0%) Papel, gráficas, edición e reprodución (41,7%) Turístico (22,3%)
Ciencias da Saúde	Sanidade privada (59,9%) Público (11,7%)
Científico	Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (26,6%) Cerámica (25,0%) Química, plástico, vidro e envases (31,8%)
Tecnolóxico	Aeronáutica (85,7%) Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (34,1%) Alimentación (27,9%) Automoción (78,6%) Construción (56,5%) Distribución (24,2%) Energía/ambiente (71,4%) Madeira (67,3%) Metalúrxico e eléctrico (72,4%) Minaría (60,7%) Público (16,9%) Química, plástico, vidro e envases (31,2%) Servizos a empresas (30,5%) Servizos informáticos (77,4%) Telecomunicacións (81,4%) Transporte e loxística (36,9%)
Xurídico-Social	Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (35,3%) Alimentación (47,2%) Aseguradoras (62,3%) Cerámica (25,0%) Comunicación Audiovisual (76,6%) Construción (34,6%) Deporte/lecer/cultura (72,9%) Distribución (61,1%) Educación privada (58,3%) Finanzas (86,1%) Xurídico (98,9%) Madeira (30,6%) Metalúrxico e eléctrico (22,4%) Minaría (30,4%) Outras actividades sociais (73,8%) Papel, gráficas, edición e reprodución (43,1%) Público (47,2%) Química, plástico, vidro e envases (28,2%) Sanidade privada (20,3%) Servizos a empresas (50,3%) Téxtil e confección (58,3%) Transporte e loxística (49,2%) Turístico (62,2%)

Más detalladamente o Anexo 108 mostra, para cada sector económico, a distribución porcentual de ámbitos académicos.

4.5.5.2 Distribución porcentual de sectores económicos segundo o ámbito académico

A seguir son analizados, para cada ámbito académico, os principais sectores económicos.

Entre as persoas tituladas do ámbito de Arte e Humanidades predomina o sector público (29,0%), seguido pola educación privada (19,4%) e servizos a empresas (16,0%).

No caso das Ciencias da Saúde, o sector público é maioritario (61,6%), seguido a máis distancia pola sanidade privada (22,2%), servizos a empresas (5,6%) e outras actividades sociais (5,0%).

Entre os titulados/as do ámbito Científico, que presenta máis dispersión, o sector público é predominante (45,2%) seguido, en orde decrecente, polos servizos a empresas (9,7%); química, plástico, vidro e envases (7,2%); alimentación (7,0%); agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (6,2%); educación privada (6,0%) e enerxía/ambiente (5,1%).

No ámbito Tecnolóxico constátase o predominio dos sectores público (14,9%); automoción (13,9%); servizos a empresas (13,4%) e servizos informáticos (13,2%), seguidos, a máis distancia, polo metalúrxico e eléctrico (9,6%) e enerxía/ambiente (6,9%).

No Xurídico-Social, o sector público (29,6%) é seguido polos servizos a empresas (15,7%); educación privada (9,9%); finanzas (6,6%) e outras actividades sociais (5,6%).

Finalmente, no Multidisciplinar destacan o sector público (26,6%) e a educación privada (22,8%) contra a construción (7,6%); servizos a empresas (6,3%) e automoción (5,1%).

Cadro n°59: Distribución porcentual dos sectores económicos segundo os ámbitos académicos

	Arte e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Aeronáutica	0,2	0,0	0,3	0,0	1,3	0,1
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	0,5	0,2	6,2	2,5	2,1	1,6
Alimentación	1,3	0,2	7,0	2,5	2,7	3,2
Arte	2,2	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
Aseguradoras	0,1	0,4	0,0	1,3	0,8	1,1
Automoción	1,2	0,4	0,9	5,1	13,9	2,1
Cerámica	0,1	0,0	0,1	1,3	0,0	0,0
Comunicación audiovisual	1,5	0,0	0,0	0,0	0,1	1,3
Construción	0,5	0,0	1,5	7,6	4,8	2,1

	Arte e Humanidades	Ciencias da Saúde	Científico	Multidisciplinar	Tecnolóxico	Xurídico-Social
Deporte/lecer/cultura	1,9	0,2	0,5	2,5	0,2	2,0
Distribución	1,1	0,2	0,5	0,0	0,8	1,5
Educación privada	19,4	1,9	6,0	22,8	1,6	9,9
Enerxía/ambiente	0,6	0,0	5,1	1,3	6,9	0,8
Finanzas	0,2	0,0	0,1	2,5	1,3	6,6
Madeira	0,0	0,0	0,1	0,0	1,2	0,4
Metalúrxico e eléctrico	0,9	0,0	1,5	1,3	9,6	2,1
Minaría	0,4	0,0	0,3	0,0	1,2	0,4
Outras actividades sociais	2,7	5,0	2,1	3,8	0,5	5,6
Papel, gráficas, edición e reprodución	3,7	0,0	0,1	0,0	0,4	0,8
Público	29,0	61,6	45,2	26,6	14,9	29,6
Química, plástico, vidro, envases	1,2	0,6	7,2	2,5	1,9	1,2
Sanidade privada	1,0	22,2	1,6	2,5	0,4	0,9
Servizos a empresas	16,0	5,6	9,7	6,3	13,4	15,7
Servizos informáticos	4,0	0,2	1,3	0,0	13,2	1,6
Telecomunicacións	0,4	0,0	0,0	1,3	3,5	0,5
Téxtil, confección	4,0	0,0	1,1	2,5	1,1	2,6
Transporte, loxística	1,6	0,4	0,1	1,3	1,6	1,5
Turístico	4,0	0,4	1,2	2,5	0,4	2,3
Xurídico	0,0	0,2	0,0	0,0	0,0	2,4
Outros	0,4	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1

4.5.6 Análise por tipoloxía de estudos

Entre as persoas tituladas en Diplomaturas predomina o sector público (41,2%), seguido pola educación privada (11,4%); servizos a empresas (11,2%) e, a máis distancia, outras actividades sociais (6,8%).

Entre as Enxeñarías Superiores destacan os servizos informáticos (16,3%); sector público (14,8%); servizos a empresas (14,5%) e automoción (12,4%) seguidos de sectores como o metalúrxico e eléctrico (8,3%); enerxía/ambiente (7,7%) e telecomunicacións (5,7%).

Nas Enxeñarías Técnicas presentan porcentaxes máis elevadas a automoción (16,3%); sector público (13,1%); servizos a empresas (12,2%); metalúrxico e eléctrico (11,4%) e servizos informáticos (10,5%) contra a enerxía/ambiente (5,8%) e construción (5,6%).

Nas Licenciaturas destacan as porcentaxes do sector público (31,0%) seguido, a máis distancia, por servizos a empresas (15,9%); educación privada (9,3%) e finanzas (6,6%).

Entre as persoas que completaron Graos destacan o sector público (22,9%) e servizos a empresas (17,0%) contra a educación privada (8,2%); sanidade privada (6,6%) e outras actividades sociais (5,7%).

Nos titulados/as que realizaron Mestrados da Universidade de Vigo, o sector público (31,0%) é seguido polos servizos a empresas (11,2%) e educación privada (10,3%) e, a máis distancia, sectores como a construción (6,9%).

Finalmente, entre as persoas que completaron Títulos Propios destacan, por orde decrecente, o sector público (41,7%); téxtil e confección (29,2%), seguidos por química, plástico, vidro e envases e outras actividades sociais (8,3% ambos).

Cadro nº60: Distribución porcentual dos sectores económicos segundo a tipoloxía de estudos

	Diplomatura	Enxeñaría Superior	Enxeñaría Técnica	Grao	Títulos Propios	Licenciatura	Mestrado
Aeronáutica	0,1	2,1	0,3	0,3	0,0	0,1	0,2
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	1,5	0,4	4,6	1,3	0,0	2,3	2,2
Alimentación	3,0	2,0	4,0	2,7	0,0	3,4	2,6
Arte	0,1	0,0	0,0	0,5	0,0	0,5	0,0
Aseguradoras	0,9	0,4	1,4	0,4	0,0	0,8	0,6
Automoción	2,1	12,4	16,3	4,1	0,0	1,5	3,7
Cerámica	0,0	0,0	0,0	0,1	0,0	0,1	0,2
Comunicación audiovisual	0,1	0,1	0,1	1,3	0,0	1,6	0,2
Construción	1,9	3,2	5,6	1,2	0,0	1,6	6,9
Deporte/lecer/cultura	1,0	0,1	0,2	2,8	0,0	1,7	2,4
Distribución	1,3	0,6	1,1	1,1	0,0	1,1	1,4
Educación privada	11,4	1,2	2,0	8,2	4,2	9,3	10,3
Energía/ambiente	0,7	7,7	5,8	2,0	0,0	1,8	2,6
Finanzas	2,4	1,6	1,1	2,0	0,0	6,6	1,2
Madeira	0,4	0,7	1,9	0,4	0,0	0,2	0,4
Metalúrxico e eléctrico	1,8	8,3	11,4	2,0	0,0	1,7	4,1
Minaría	0,3	1,8	0,3	0,4	0,0	0,4	1,0
Outras actividades sociais	6,8	0,3	0,8	5,7	8,3	2,8	3,0
Papel, gráficas, edición e reprodución	0,4	0,3	0,6	1,2	0,0	1,4	0,6
Público	41,2	14,8	13,1	22,9	41,7	31,0	31,0
Química, plástico, vidro, envases	0,8	1,4	2,4	2,0	8,3	2,5	3,6
Sanidade privada	3,5	0,2	0,8	6,6	4,2	1,1	1,4
Servizos a empresas	11,2	14,5	12,2	17,0	0,0	15,9	11,2
Servizos informáticos	0,8	16,3	10,5	3,6	0,0	2,4	2,2
Telecomunicacións	0,2	5,7	1,2	0,3	0,0	0,5	0,4
Téxtil, confección	1,8	1,6	0,6	3,5	29,2	2,3	1,8
Transporte, loxística	1,7	1,9	1,1	0,7	0,0	1,2	1,4
Turístico	2,0	0,1	0,7	4,7	4,2	1,7	2,0
Xurídico	0,2	0,0	0,0	0,9	0,0	2,5	1,8
Outros	0,1	0,1	0,1	0,1	0,0	0,1	0,0

4.5.7 Análise por titulación

O cadro nº61 mostra as titulacións con máis porcentaxe de persoas tituladas para cada sector económico.

Cadro nº61: Titulacións máis representativas de cada sector económico

Sector económico	Titulación
Sector público	Diplomatura de Enfermaría (73,8%) Licenciatura en Filoloxía Xermánica (71,4%) Grao en Química (70,0%) Grao en Dirección e Xestión Pública (65,0%) Grao en Enfermaría (60,3%) Diplomatura en Mestre/a (55,0%) Diplomatura en Xestión e Administración Pública (51,6%) Licenciatura en Física (50,0%) Grao en Xeografía e Historia (50,0%) Grao en Enxeñaría Forestal (50,0%) Grao en Ciencias do Mar (50,0%).
Servizos a empresas	Grao en Enxeñaría en Recursos Mineiros e Enerxéticos (100,0%) Grao en Enxeñaría Agraria (50,0%) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (46,2%) Grao en Publicidade e Relacións Públicas (44,4%) Grao en Enxeñaría Eléctrica (40,0%) Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (33,3%) Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (33,3%) Diplomatura en Relacións Laborais (32,2%) Grao en Administración e Dirección de Empresas (30,9%) Grao en Tradución e Interpretación (28,6%) Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (27,6%) Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías de Telecomunicación (25,0%).
Educación privada	Grao en Estudos de Galego e Español (80,0%) Grao en Educación Primaria (51,3%) Grao en Linguas Estranxeiras (41,7%) Licenciatura en Filoloxía Inglesa (34,4%) Grao en Educación Infantil (31,4%) Licenciatura en Filoloxía Galega (29,4%) Licenciatura en Filoloxía Hispánica (28,4%) Diplomatura en Mestre/a (26,7%).
Automoción	Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (50,0%) Grao en Enxeñaría Mecánica (31,8%) Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (25,0%) Enxeñaría Técnica Industrial (23,4%) Enxeñaría Industrial (21,7%) Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (16,7%) Grao en Comercio (11,8%) Grao en Enxeñaría en Química Industrial (10,0%)

Sector económico	Titulación
Servizos informáticos	Grao en Enxeñaría Informática (53,8%) Enxeñaría Informática (46,2%) Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (44,7%) Grao en Consultoría e Xestión da Información (40,0%) Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (39,7%) Enxeñaría de Telecomunicación (27,7%) Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (16,7%) Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5%) Grao en Comercio (12,5%)
Metalúrxico e eléctrico	Grao en Enxeñaría Eléctrica (20,0%) Grao en Enxeñaría en Química Industrial (20,0%) Grao en Economía (17,6%) Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (16,7%) Enxeñaría Técnica Industrial (16,5%) Enxeñaría Industrial (13,8%) Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (14,3%) Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5%),
Financeiro	Licenciatura de Economía (23,8%) Licenciatura de Ciencias Económicas e Empresariais – Sección Económicas (19,3%) Licenciatura de Administración e Dirección de Empresas (19,1%) Licenciatura de Ciencias Económicas e Empresariais – Sección Empresariais (15,5%) Licenciatura de Dereito Económico-Empresarial (13,7%) Grao en Comercio (12,5%) Grao en Economía (11,8%) Grao en Administración e Dirección de Empresas (10,6%)
Outros servizos sociais	Grao en Traballo Social (64,3%) Grao en Educación Social (50,0%) Diplomatura de Educación Social (47,1%) Diplomatura de Traballo Social (45,7%) Grao en Comercio (12,5%) Grao en Educación Infantil (11,4%) Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (11,1%)
Energía e ambiente	Grao en Enxeñaría da Enerxía (44,4%) Enxeñaría de Minas (24,1%) Grao en Ciencias Ambientais (22,2%) Grao en Enxeñaría Eléctrica (20,0%) Enxeñaría Industrial (10,5%) Grao en Enxeñaría en Química Industrial (10,0%) Grao en Enxeñaría Mecánica (9,1%) Enxeñaría Técnica Industrial (8,5%)
Alimentación	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (33,3%) Licenciatura de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (32,6%) Enxeñaría Técnica Agrícola (16,7%) Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (14,3%) Grao en Comercio (12,5%) Grao en Economía (11,8%) Diplomatura en Turismo (10,0%) Grao en Ciencias do Mar (7,1%).

Sector económico	Titulación
Construción	Grao en Enxeñaría da Enerxía (22,2%) Enxeñaría de Minas (10,2%) Grao en Enxeñaría en Química Industrial (10,0%) Grao en Enxeñaría Mecánica (9,1%) Enxeñaría Técnica Industrial (7,4%) Grao en Enxeñaría Forestal (7,1%) Enxeñaría Técnica Forestal (7,1%) Diplomatura de Ciencias Empresariais (5,9%)
Téxtil-confección	Grao en Tradución e Interpretación (14,3%) Grao en Administración e Dirección de Empresas (11,3%) Diplomatura en Turismo (10,0%) Grao en Educación Primaria (7,7%) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (7,7%) Grao en Traballo Social (7,1%) Diplomatura en Xestión e Administración Pública (6,5%) Grao en Comunicación Audiovisual (5,9%).
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	Grao en Enxeñaría Agraria (50,0%) Enxeñaría Técnica Agrícola (23,8%) Enxeñaría Técnica Forestal (21,2%) Grao en Enxeñaría Forestal (14,3%) Grao en Comercio (12,5%) Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (11,6%) Grao en Ciencias Ambientais (11,1%) Licenciatura de Ciencias do Mar (9,6%).
Sanidade privada	Grao en Fisioterapia (62,5%) Diplomatura en Fisioterapia (42,2%) Grao en Enfermaría (25,9%) Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (16,7%) Diplomatura en Enfermaría (12,8%) Licenciatura en Física (8,3%) Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (5,0%) Diplomatura en Traballo Social (3,3%).
Química, plástico, vidro e envases	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (42,9%) Grao en Química (30,0%) Grao en Bioloxía (20,0%) Licenciatura en Química (15,5%) Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (12,5%) Grao en Economía (11,8%) Grao en Enxeñaría en Química Industrial (10,0%) Licenciatura en Bioloxía (7,4%).
Turístico	Grao en Turismo (75,0%) Diplomatura en Turismo (53,3%) Grao en Ciencias do Mar (21,4%) Licenciatura de Filoloxía Xermánica (14,3%) Licenciatura de Historia (12,8%) Grao en Ciencias Ambientais (11,1%) Licenciatura en Comunicación Audiovisual (8,7%) Grao en Educación Infantil (8,6%)

Sector económico	Titulación
Transporte e loxística	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial (28,6%) Grao en Linguas Estranxeiras (8,3%) Diplomatura en Ciencias Empresariais (5,3%) Grao en Dirección e Xestión Pública (5,0%) Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais – Sección Empresariais (3,5%) Diplomatura en Xestión e Administración Pública (3,2%) Grao en Tradución e Interpretación (2,9%) Enxeñaría Industrial (2,8%)
Telecomunicacións	Enxeñaría de Telecomunicación (12,9%) Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (7,9%) Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (6,3%) Grao en Publicidade e Relacións Públicas (2,8%) Enxeñaría Industrial (1,9%) Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (1,9%)
Deporte, lecer e cultura	Grao en Xeografía e Historia (50,0%) Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (44,4%) Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (25,7%) Grao en Comercio (12,5%) Grao en Bioloxía (6,7%) Grao en Comunicación Audiovisual (5,9%) Grao en Tradución e Interpretación (5,7%) Grao en Educación Social (5,6%) Grao en Publicidade e Relacións Públicas (5,6%)
Distribución	Grao en Enxeñaría en Química Industrial (10,0%) Grao en Ciencias do Mar (7,1%) Diplomatura en Xestión e Administración Pública (6,5%) Grao en Educación Social (5,6%) Grao en Publicidade e Relacións Públicas (5,6%) Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte (5,6%)
Xurídico	Grao en Dereito (50,0%) Licenciatura en Dereito (25,7%) Licenciatura en Dereito Económico-Empresarial (15,7%) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (7,7%) Diplomatura en Graduado Social (1,6%)
Papel, gráficas, edición e reprodución	Licenciatura en Filloxía Galega (11,8%) Grao en Belas Artes (11,3%) Licenciatura en Belas Artes (8,5%) Grao en Bioloxía (6,7%) Licenciatura en Comunicación Audiovisual (6,5%) Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (5,2%)
Aseguradoras	Grao en Dirección e Xestión Pública (5,0%) Diplomatura en Graduado Social (4,9%) Licenciatura en Economía (4,0%)
Comunicación audiovisual	Licenciatura en Comunicación Audiovisual (32,6%) Grao en Comunicación Audiovisual (29,4%) Grao en Publicidade e Relacións Públicas (11,1%) Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas (7,6%)
Minaría	Enxeñaría de Minas (16,8%) Grao en Comercio (12,5%)

Sector económico	Titulación
Madeira	Grao en Enxeñaría en Química Industrial (10,0%) Enxeñaría Técnica Forestal (9,1%) Grao en Enxeñaría Forestal (7,1%)
Aeronáutica	Grao en Linguas Estranxeiras (8,3%) Grao en Enxeñaría Mecánica (4,5%) Enxeñaría de Telecomunicación (3,0%) Enxeñaría Industrial (2,2%)
Arte	Licenciatura en Belas Artes (10,0%) Grao en Belas Artes (6,5%) Licenciatura en Filoloxía Galega (5,9%)
Cerámica	Grao en Belas Artes (1,6%) Licenciatura en Química (0,7%)

O Anexo 109 mostra a distribución porcentual dos sectores económicos segundo a titulación completada na Universidade de Vigo.

4.5.8 Análise por lugar de traballo

Neste apartado compárase, para cada zona xeográfica definida (Galicia, outras Comunidades Autónomas e resto do mundo), os principais sectores en que traballan as persoas tituladas pola Universidade de Vigo que responderon a enquisa.

Galicia presenta porcentaxes máis altas en sectores como o público (28,8% contra o 27,5% do resto do mundo e 23,1% doutras Comunidades Autónomas), educación privada (8,2% contra 6,4% do resto do mundo e 4,4% doutras Comunidades Autónomas), metalúrxico e eléctrico (4,4% contra 4,1% do resto do mundo e 2,9% doutras Comunidades Autónomas), outras actividades sociais (3,6% contra 2,5% do resto do mundo e 2,3% doutras Comunidades Autónomas) e alimentación (3,3% contra 2,0% doutras Comunidades Autónomas e 1,7% do resto do mundo).

Outros sectores entre os que destaca Galicia como lugar de traballo son a agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal; cerámica; madeira; téxtil e confección e xurídico.

Entre as persoas tituladas que traballan noutras Comunidades Autónomas destaca o peso máis elevado de sectores como o servizo a empresas (18,6% contra 13,6% de Galicia e 9,4% do resto do mundo), servizos informáticos (8,0% contra 7,2% do resto do mundo e 4,7% de Galicia) e finanzas (4,3% contra 3,5% de Galicia e 2,0% do resto do mundo).

Outros sectores con máis proporción de titulados/as que traballan noutras Comunidades Autónomas son aeronáutica; arte; aseguradoras; comunicación audiovisual; distribución; papel, gráficas, edición e reprodución; química, plástico, vidro e envases e o das telecomunicacións.

Os que traballan no resto do mundo presentan porcentaxes máis altas en sectores como automoción (6,3% contra 5,9% de Galicia e 3,4% doutras Comunidades Autónomas) e o da enerxía e ambiente (6,0% contra 5,8% doutras Comunidades Autónomas e 2,2% de Galicia). Outros sectores

como a construción; deporte, lecer e cultura; minaría; sanidade privada; transporte e loxística e turismo tamén mostran porcentaxes máis altas entre as persoas tituladas que traballan no estranxeiro.

Cadro nº62: Distribución porcentual dos sectores económicos segundo o lugar do traballo

	Galicia	Outras Comunidades Autónomas	Resto do mundo
Aeronáutica	0,1	2,0	1,4
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	2,2	0,8	1,7
Alimentación	3,3	2,0	1,7
Arte	0,2	0,3	0,2
Aseguradoras	0,8	0,9	0,6
Automoción	5,9	3,4	6,3
Cerámica	0,1	0,0	0,0
Comunicación audiovisual	0,6	1,0	1,0
Construción	2,7	2,0	3,6
Deporte/lecer/cultura	1,2	0,9	1,7
Distribución	1,0	1,6	1,1
Educación privada	8,2	4,4	6,4
Energía/ambiente	2,2	5,8	6,0
Finanzas	3,5	4,3	2,0
Madeira	0,6	0,3	0,5
Metalúrxico e eléctrico	4,4	2,9	4,1
Minaría	0,6	0,9	1,0
Outras actividades sociais	3,6	2,3	2,5
Papel, gráficas, edición e reprodución	0,8	1,0	0,7
Público	28,8	23,1	27,5
Química, plástico, vidro, envases	1,7	2,8	2,5
Sanidade privada	2,0	1,5	2,1
Servizos a empresas	13,6	18,6	9,4
Servizos informáticos	4,7	8,0	7,2
Telecomunicacións	1,0	3,0	1,5
Téxtil, confección	2,1	1,5	1,7
Transporte, loxística	1,3	1,6	1,7
Turístico	1,3	2,4	3,5
Xurídico	1,3	0,4	0,1
Outros	0,1	0,0	0,3

4.5.8.1 Persoas que traballan en Galicia

4.5.8.1.1 Provincias

Na provincia de Pontevedra destacan, por orde de importancia, o sector público (27,7%), servizos a empresas (14,3%), educación privada (9,2%) e automoción (8,5%).

Na provincia de Ourense destaca o sector público (37,2%) seguido, a máis distancia, por servizos a empresas (9,2%), educación privada (8,8%), outras actividades sociais (7,8%) e alimentación (5,1%).

Na de Lugo, o sector público (33,0%) é seguido polos servizos a empresas (12,1%) e a educación privada (7,8%).

Finalmente, na Coruña destacan o sector público (23,4%), servizos a empresas (16,3%) e servizos informáticos (10,8%) ben como o metalúrxico e eléctrico (7,5%).

O Anexo 110 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos nas provincias galegas.

4.5.8.1.2 Cidades

Entre os titulados/as que traballan en Vigo destaca o sector público (24,1%), seguido por servizos a empresas (16,5%), educación privada (9,7%), automoción (9,1%), servizos informáticos (5,7%) e finanzas (4,4%).

Na cidade de Ourense tamén é maioritario o sector público (35,9%) seguido, a máis distancia, por servizos a empresas (11,0%), educación privada (9,8%), outras actividades sociais (8,1%) e alimentación (4,5%).

Similares porcentaxes presenta Pontevedra, onde tamén destaca o sector público (43,3%) contra os servizos a empresas (12,4%), educación privada (9,4%) e finanzas (3,4%).

Na Coruña os sectores principais son os servizos a empresas (21,9%), sector público (13,4%) e servizos informáticos (13,1%) por en cima do metalúrxico e eléctrico (8,6%), téxtil e confección (5,1%) e educación privada (4,3%).

En Santiago de Compostela o sector público (30,9%) duplica ao de servizos informáticos (16,6%), servizos a empresas (14,3%), moito por enriba de telecomunicacións (5,2%) e educación privada (3,7%).

Na cidade de Lugo destaca o sector público (28,4%) sobre os servizos a empresas (14,7%), educación privada (9,5%), enerxía e ambiente (7,4%) e automoción (5,3%).

Finalmente, en Ferrol predominan as persoas que traballan no sector público (43,6%), seguido polo metalúrxico e eléctrico (14,5%), educación privada e outras actividades sociais (9,1% ambos).

O Anexo 111 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos nas cidades galegas.

4.5.8.2 Persoas que traballan no resto de España

4.5.8.2.1 Comunidades Autónomas

O seguinte cadro mostra, para cada sector económico, as Comunidades Autónomas con máis porcentaxe de persoas tituladas que traballan nese sector.

Cadro nº63: Sector económico representativo por Comunidades Autónomas

Sector económico	Comunidade Autónoma
Aeronáutica	Castela-A Mancha (4,3%), Comunidade de Madrid (3,5%), Andalucía (2,6%)
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	Cantabria (6,7%), Andalucía (5,1%), País Basco (4,1%)
Alimentación	Aragón (10,0%), Rexión de Murcia (8,3%), Castela e León (6,3%)
Arte	Asturias (2,6%), Cataluña (0,6%)
Aseguradoras	Andalucía e Asturias (2,6% ambas), Comunidade de Madrid (1,5%)
Automoción	País Valenciano (13,2%), Cataluña (9,2%), Navarra (8,7%), Castela e León (6,3%)
Comunicación audiovisual	País Valenciano (2,6%), Cataluña (2,3%)
Construción	Extremadura (12,5%), Illas Canarias (7,9%), País Basco (4,1%), Comunidade de Madrid (2,6%)
Deporte, lecer e cultura	Illas Canarias (5,3%), Navarra (4,3%), Cataluña (1,8%), Comunidade de Madrid (0,7%)
Distribución	Castela-A Mancha (4,3%), País Basco (4,1%), Illas Baleares (3,7%), Cataluña (2,8%), Asturias (2,6%)
Educación privada	A Rioxa (50,0%), Rexión de Murcia (25,0%), Cantabria (13,3%), Castela e León (11,4%), Aragón (10,0%)
Enerxía e ambiente	Cantabria (20,0%), Navarra (13,0%), Extremadura (12,5%), Rexión de Murcia (8,3%), Cataluña (7,8%), Castela e León (7,6%), Illas Baleares (7,4%)
Financeiro	Aragón (10,0%), Comunidade de Madrid (5,9%), País Valenciano (5,3%), Asturias (5,1%), Navarra e Castela-A Mancha (4,3% ambas)
Madeira	País Valenciano (2,6%), País Basco (2,0%), Castela e León (1,3%)
Metalúrxico e eléctrico	Asturias (15,4%), Extremadura (12,5%), País Basco (12,2%), Aragón (10,0%)
Minaría	Aragón (10,0%), Navarra (4,3%), Andalucía, País Valenciano e Asturias (2,6% cada unha)
Outros servizos sociais	Cantabria (20,0%), Rexión de Murcia (8,3%), País Valenciano (7,9%), País Basco (6,1%), Navarra (4,3%), Castela e León (3,8%), Illas Baleares (3,7%)
Papel, gráficas, edición e reprodución	Navarra (8,7%), Illas Baleares (3,7%), Asturias e Andalucía (2,6% ambas)
Química, plástico, vidro e envases	Extremadura (12,5%), Cantabria (6,7%), Andalucía e Asturias (5,1% ambas), Navarra (4,3%), Illas Baleares (3,7%)
Sanidade privada	Illas Baleares (3,7%), Cataluña (3,2%), Comunidade de Madrid (1,7%), Castela e León (1,3%)
Sector público	Ceuta (100,0%), Rexión de Murcia (50,0%), Illas Canarias (47,4%), Castela-A Mancha (39,1%), Extremadura (37,5%), Illas Baleares (37,0%)
Servizos a empresas	A Rioxa (25,0%), Comunidade de Madrid e País Basco (22,4% ambas), Cataluña (22,0%), Andalucía (20,5%), Aragón (20,0%), País Valenciano (18,4%), Cantabria (13,3%), Castela-A Mancha (13,0%), Asturias (12,8%)
Servizos informáticos	Comunidade de Madrid (11,1%), Asturias (10,3%), Castela e León (8,9%), Andalucía (7,7%), Cataluña (7,3%), País Basco (6,1%), Castela-A Mancha (4,3%)

Sector económico	Comunidade Autónoma
Telecomunicacións	Cantabria (6,7%), Comunidade de Madrid (4,8%), Castela-A Mancha (4,3%), Asturias (2,6%), Castela e León (2,5%), Cataluña (1,8%)
Téxtil-confección	País Valenciano (10,5%), Castela-A Mancha (4,3%), Cataluña (3,2%), Illas Canarias (2,6%)
Transporte e loxística	Estremadura (12,5%), Illas Canarias (2,6%), Cataluña (2,3%), Comunidade de Madrid (2,2%)
Turístico	Illas Baleares (22,2%), Illas Canarias (13,2%), Asturias e Andalucía (5,1% ambas)
Xurídico	Illas Canarias (2,6%), Comunidade de Madrid (0,6%), Cataluña (0,5%)

O Anexo 112 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos por Comunidades Autónomas.

4.5.8.2.2 Provincias

O seguinte cadro mostra, para cada sector económico, as provincias españolas con máis porcentaxe de persoas tituladas que traballan nese sector.

Cadro nº64: Sector económico representativo por provincias

Sector económico	Provincias
Aeronáutica	Toledo (7,7%), Sevilla (6,7%), Guipúscoa (5,3%)
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	Lleida (100,0%), Cádiz (33,3%), Murcia (14,3%)
Alimentación	Burgos (30,0%), Avila (28,6%), Zaragoza (12,5%)
Arte	Oviedo (3,1%), Barcelona (0,5%), Madrid (0,4%)
Aseguradoras	Málaga (14,3%), Oviedo (3,1%)
Automoción	Palencia (50,0%), Tarragona (27,3%), Valencia (25,0%), Valladolid (13,0%), Burgos (10,0%), Barcelona (8,5%), Navarra (8,7%)
Comunicación audiovisual	Alacante (6,3%), León (4,5%), Barcelona (2,5%)
Construción	Cáceres (33,3%), Alaba (11,1%), Santa Cruz de Tenerife (10,5%), Tarragona (9,1%)
Deporte, lecer e cultura	As Palmas e Santa Cruz de Tenerife (5,3% ambas), Navarra (4,5%), Barcelona (2,0%), Madrid (0,7%)
Distribución	Alaba (11,1%), Toledo (7,7%), Valencia (6,3%), Biscaia (5,0%), León (4,5%), Illas Baleares (3,7%), Asturias (2,6%), Barcelona (3,0%)
Educación privada	Palencia e A Ríoxa (50,0% ambas), Murcia (25,0%), Cantabria (13,3%), Salamanca (16,7%), Avila e Granada (14,3%), León (13,6%), Zaragoza (12,5%), Alaba (11,1%), As Palmas (10,5%)
Enerxía e ambiente	Cidade Real (50,0%), Badaxoz (20,0%), Cantabria (20,0%), Salamanca (16,7%), Xirona e Granada (14,3% ambas), León (13,6%) e Navarra (13,0%)
Financeiro	Albacete (50,0%), Castellón (16,7%), Málaga (14,3%), Zaragoza (12,5%)
Madeira	Valencia (6,3%), Guipúscoa (5,3%), León (4,5%), Barcelona (0,5%)
Metalúrxico e eléctrico	Badaxoz (20,0%), Tarragona (18,2%), Guipúscoa (15,8%), Asturias (15,4%), Zaragoza (12,5%), Alaba (11,1%)
Minaría	Huelva (50,0%), Castellón (16,7%), Zaragoza (12,5%)
Outros servizos sociais	Cantabria (20,0%), León (13,6%), Alaba (12,5%), Guipúscoa (10,5%)
Papel, gráficas, edición e reprodución	Xaén (100,0%), Navarra (8,7%), Illas Baleares (3,7%), Asturias (2,6%)

Sector económico	Provincias
Química, plástico, vidro e envases	Granada (28,6%), Badaxoz e Guadalajara (20,0% ambas), Xirona (14,3%), Alaba (11,1%)
Sanidade privada	Valladolid (4,3%), Illas Baleares (3,7%), Barcelona (3,5%), Madrid (1,7%)
Sector público	Almería, Ceuta, Huesca, Teruel e Zamora (100,0% cada unha), Santa Cruz de Tenerife (68,4%), Cáceres (66,7%), Toledo (53,8%), Albacete, Castellón, Murcia e Soria (50,0% cada unha), Alacante (43,8%), Avila, Xirona e Málaga (42,9% cada unha), Guipúscoa (42,1%), Burgos e Sevilla (40,0% ambas), Illas Baleares (37,0%).
Servizos a empresas	Cuenca (100,0%), Cidade Real (50,0%), Alaba (33,3%), Biscaia (30,0%), Granada e Málaga (28,6% ambas), Alacante e Zaragoza (25,0% ambas), Barcelona (23,6%), Madrid (22,4%), Guadalajara e Sevilla (20,0% ambas), Toledo (18,8%), Cádiz (16,7%)
Servizos informáticos	Salamanca (33,3%), Valladolid (21,7%), Sevilla (20,0%), Biscaia (15,0%), Madrid (11,1%)
Telecomunicacións	Cantabria (6,7%), Valladolid (8,7%), Toledo (7,7%)
Téxtil-confección	Guadalajara (20,0%), Castellón (16,7%), Alacante (12,5%), Tarragona (9,1%)
Transporte e loxística	Badaxoz (20,0%), Santa Cruz de Tenerife (5,3%), Barcelona (2,5%)
Turístico	Segovia (100,0%), Huelva e Soria (50,0% ambas), As Palmas (21,1%), Illas Baleares (22,2%), Cádiz (16,7%), Xirona (14,3%)
Xurídico	As Palmas (5,3%), Madrid (0,6%), Barcelona (0,5%)

O Anexo 113 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos por provincias españolas.

4.5.8.2.3 Cidades representativas

O cadro nº65 mostra, para cada sector económico, a cidade representativa española con máis porcentaxe de persoas tituladas que traballan nese sector.

Cadro nº65: Sector económico representativo por cidade representativa española

Sector económico	Cidade
Aeronáutica	Xetafe (53,8%), Sevilla (7,1%), Valladolid (5,0%)
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	Madrid (0,2%)
Alimentación	Pamplona (9,1%), Barcelona (2,4%)
Arte	Oviedo (9,1%), Barcelona (0,6%)
Aseguradoras	Madrid (1,7%)
Automoción	Valencia (28,6%), Pamplona (18,2%), Valladolid (10,0%), Palma de Maiorca (6,3%), Barcelona (5,4%)
Comunicación audiovisual	Alacante (9,1%), Ponferrada (7,7%), Barcelona (3,0%)
Construción	Santa Cruz de Tenerife (20,0%), Bilbao (9,1%), Madrid (2,6%)
Deporte, lecer e cultura	As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Barcelona (1,8%), Madrid (0,9%)
Distribución	Oviedo (9,1%), Ponferrada (7,7%), Barcelona (2,4%)
Educación privada	Xixón e Valladolid (10,0% ambas), Pamplona (9,1%), As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Ponferrada (7,7%), Sevilla (7,1%)
Enerxía e ambiente	Ponferrada (15,4%), Santa Cruz de Tenerife e Valladolid (10,0% ambas), Bilbao, Oviedo e Pamplona (9,1% cada unha), As Palmas de Gran Canaria (8,3%), San Sebastián (7,8%)

Sector económico	Cidade
Financeiro	Bilbao e Pamplona (9,1% ambas), As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Valencia (7,1%), Madrid (6,2%)
Madeira	Valencia (7,1%), Barcelona (0,6%)
Metalúrxico e eléctrico	Xixón (20,0%), Ponferrada (15,4%), Bilbao (9,1%), San Sebastián (8,3%)
Minaría	Ponferrada (7,7%), Barcelona (0,6%)
Outros servizos sociais	San Sebastián (16,7%), Ponferrada (15,4%), Valencia (14,3%), Xixón (10,0%), Bilbao (9,1%)
Papel, gráficas, edición e reprodución	Xixón (10,0%), Palma de Maiorca (6,3%)
Química, plástico, vidro e envases	Pamplona (9,1%), As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Madrid (2,4%)
Sanidade privada	Palma de Maiorca (6,3%), Valladolid (5,0%), Barcelona (3,6%)
Sector público	San Sebastián (66,7%), Santa Cruz de Tenerife (60,0%), Palma de Maiorca (43,8%), Sevilla (42,9%), Alacante e Pamplona (36,4% ambas), As Palmas de Gran Canaria (33,3%), Oviedo (27,3%), Valladolid (25,0%), Xixón (20,0%), Madrid (19,9%), Xetafe e Ponferrada (15,4% ambas), Barcelona (12,0%)
Servizos a empresas	Alacante e Bilbao (36,4% ambas), Oviedo (27,3%), Barcelona (26,9%), Madrid (23,9%), Sevilla e Valencia (21,4% ambas), Xixón (20,0%)
Servizos informáticos	Valladolid (20,0%), Sevilla (14,3%), Madrid (12,4%), Bilbao e Oviedo (9,1% ambas)
Telecomunicacións	Xixón e Valladolid (10,0% ambas), Madrid (5,1%)
Téxtil-confección	Alacante (18,2%), As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Xetafe (7,7%), Valencia (7,1%)
Transporte e loxística	Santa Cruz de Tenerife (10,0%), Xetafe (7,7%)
Turístico	Palma de Maiorca (25,0%), Oviedo (9,1%), As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Valencia (7,1%)
Xurídico	As Palmas de Gran Canaria (8,3%), Barcelona e Madrid (0,6% ambas)

O Anexo 114 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual de sectores económicos en Cidades representativas españolas.

4.5.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

4.5.8.3.1 Países estranxeiros

O cadro nº66 mostra, para cada sector económico, os países estranxeiros con máis porcentaxe de persoas tituladas que traballan nese sector.

Cadro nº66: Sector económico representativo por país estranxeiro

Sector económico	País
Aeronáutica	Emirados Árabes Unidos (25,0%)
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	Islandia (100,0%), Canadá (22,2%), Italia (20,0%)
Alimentación	Marrocos (100,0%), Finlandia (50,0%), Ecuador (20,0%)
Arte	Austria (10,0%)
Aseguradoras	Barbados (100,0%), Brasil (6,3%)
Automoción	República Checa (33,3%), Alemaña (18,3%), Francia (10,3%), Portugal (7,5%), Brasil (6,3%)

Sector económico	País
Comunicación audiovisual	Austria (10,0%)
Construción	Bangladesh, Nicaragua e Namibia (100,0% cada un), Panamá e Arxelia (50,0% ambos), Bolivia (33,3%), Australia (28,6%), Ecuador (20,0%), Suíza (15,4%), Austria (10,0%)
Deporte, lecer e cultura	Xeorxia (100,0%), China e Emirados Árabes Unidos (25,0% ambos), Brasil (6,3%)
Distribución	Brasil (6,3%)
Educación privada	Casaquistán (100,0%), Colombia (37,5%), Bolivia, Singapur e Xapón (33,3% cada un), Chile (27,8%), Perú (21,4%), Ecuador (20,0%), Arxentina (13,3%), Portugal (7,5%), Brasil (6,3%)
Enerxía e ambiente	Arxelia, Catar e Indonesia (50,0% cada un), Noruega (44,4%), Xapón e África do Sul (33,3% ambos), Chile (22,2%), Dinamarca (16,7%), Irlanda (12,0%), Austria (10,0%), Brasil (6,3%)
Como se pode observar na gráfica nº197, a presenza masculina aumenta co tamaño da empresa, pasando do 15,4% que traballan en microempresas (contra 21,0% de mulleres) ao 16,1% en medias empresas (contra 13,0% de mulleres) e ao 54,3% en grandes empresas (contra 50,5% de mulleres).

Gráfica n°197: Tamaño da empresa segundo o xénero



Se analizarmos a distribución por xéneros de cada categoría de empresa obsérvase que, aínda sendo maioritaria a presenza feminina en cada unha delas, esta é máxima nas de tamaño menor (62,8% nas microempresas e 57,5% nas pequenas contra 37,2% e 42,5% de homes, respectivamente).

Gráfica n°198: Distribución porcentual do tamaño da empresa segundo o xénero




4.8.5 Análise por ámbitos académicos

Existen relacións de dependencia estatística por ámbitos académicos ($p\text{-valor} \leq 0,05$). Portanto, a maioría de persoas tituladas nos ámbitos das Ciencias da Saúde, Científico e Tecnolóxico traba-

llan en empresas de grande tamaño (74,2%, 60,4% e 57,4%, respectivamente), contra os mínimos dos ámbitos Multidisciplinar (39,7%), Arte e Humanidades (43,0%) e Xurídico-Social (46,6%).

A porcentaxe máis alta de titulados/as que traballan en microempresas ten lugar nas ramas Multidisciplinar (28,2%), Arte e Humanidades (27,8%) e Xurídico-Social (22,8%).

Gráfica nº199: Tamaño da empresa segundo ámbitos académicos




4.8.6 Análise por tipoloxía de estudos

Salvo as persoas que completaron Graos (43,7%) e Mestrados Universitarios (47,7%), títulos de recente implantación na Universidade de Vigo, a maioría das persoas tituladas en ciclos que respondeu a enquisa formulada traballa en empresas de grande tamaño. Así sendo, fano nunha grande empresa 63,1% das persoas que completaron Enxeñarías Superiores, seguido polo 52,0% dos titulados/as en Diplomaturas, 51,2% de Enxeñarías Técnicas, 50,3% de Licenciaturas e 50,0% de Títulos Propios.

As porcentaxes máis altas de persoas que traballan nunha microempresa prodúcense entre os titulados/as en Graos (23,9%), Licenciaturas (22,0%), Mestrados (20,3%), Diplomaturas (19,4%), Enxeñarías Técnicas (16,1%) e Enxeñarías Superiores (8,6%).

Gráfica nº200: Tamaño da empresa segundo a tipoloxía de estudos



4.8.7 Análise por titulación

4.8.7.1 Traballo en grande empresa

Traballan en grandes empresas a totalidade dos graduados/as en Química, seguido pola Diplomatura en Enfermaría (87,3%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (85,7%), graduados/as en Enfermaría (82,8%), Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (80,0%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (75,0%) e en Bioloxía (73,3%), Enxeñaría de Telecomunicación (69,1%), Enxeñaría Técnica de Telecomunicación (68,8%), Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (66,7%), Licenciatura en Ciencias do Mar (65,6%), Enxeñaría en Informática (64,1%), licenciaturas en Física (63,9%), Psicopedagogía (62,9%) e en Bioloxía (61,8%), Diplomatura en Xestión e Administración Pública (61,3%), Enxeñaría Industrial (60,1%) e Grao en Enxeñaría en Química Industrial (60,0%).

Polo contrario, as porcentaxes máis baixas de traballadores en grandes empresas rexístranse entre os graduados/as en Estudos de Galego e Español, Enxeñaría Agraria e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (0,0% cada unha), seguido polos graduados/as en Enxeñaría da Enerxía (12,5%), Educación Social (16,7%), Fisioterapia (21,3%), Educación Primaria (21,6%), Ciencias Ambientais (22,2%) e Comunicación Audiovisual (23,5%). Entre os titulados/as en titulacións a extinguir destacan a Diplomatura en Fisioterapia (34,9%), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (35,6%), diplomaturas en Ciencias Empresariais (36,6%), Turismo (36,7%) e Relacións Laborais (36,9%), ben como as licenciaturas en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (37,1%), Tradu-

ción e Interpretación (37,8%) e en Publicidade e Relacións Públicas (37,9%) e Enxeñaría Técnica Agrícola (40,0%).

4.8.7.2 Traballo en microempresas

As porcentaxes máis elevadas de persoas que traballan nesta categoría de empresas prodúcese entre a totalidade de graduados/as en Enxeñaría Agraria seguidos polos graduados/as en Fisioterapia (61,7%), Estudos de Galego e Español (60,0%) e en Xeografía e Historia (50,0%), Licenciatura en Comunicación Audiovisual (46,7%), graduados/as en Dereito (45,5%), Ciencias Ambientais (44,4%) e en Consultoría e Xestión da Información (40,0%), Licenciatura en Dereito (39,9%), Diplomatura en Fisioterapia (39,5%), graduados/as en Educación Social (38,9%) e en Belas Artes (38,6%), Licenciatura en Historia (38,5%), Grao en Enxeñaría da Enerxía (37,5%), Licenciatura en Belas Artes (36,8%), Grao en Comunicación Audiovisual (35,3%) e Diplomatura en Graduado Social (35,0%).

As porcentaxes máis baixas de titulados/as que traballan en microempresas corresponden aos graduados/as en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría en Organización Industrial, Enxeñaría Informática, Enxeñaría en Química Industrial e Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (0,0% cada un), seguido pola Diplomatura e Grao en Enfermaría (3,3% e 3,4%, respectivamente), Grao en Enxeñaría Mecánica (4,5%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (5,3%), Enxeñaría de Telecomunicación (5,9%), graduados/as en Bioloxía e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (6,7% ambas), Enxeñaría en Informática (7,6%), licenciaturas en Psicopedagogía (8,4%) e Ciencias do Mar (9,6%) e Enxeñaría Industrial (9,9%).

O Anexo 132 mostra o cadro de datos da distribución porcentual do tamaño de empresa segundo a titulación.


4.8.8 Análise por lugar de traballo

Constátase a existencia de relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor} \leq 0,05$) de maneira que, aínda que as empresas de grande tamaño son maioritarias entre as persoas que traballan noutras Comunidades Autónomas (67,0%) e no resto do mundo (64,6%), en Galicia representan unicamente o 48,1%.

Esta diferenza trasládase á maior proporción de persoas que en Galicia traballan tanto en microempresas (21,5% contra 8,2% do resto do mundo e 8,9% doutras Comunidades Autónomas) como de tamaño pequeno (16,2% contra 10,9% doutras Comunidades Autónomas e 11,2% do resto do mundo).

A proporción de persoas que en Galicia traballan en empresas de tamaño medio (14,3%) é levemente superior á doutras Comunidades Autónomas (13,2%) e inferior á rexistrada no resto do mundo (16,1%).

Gráfica n°201: Tamaño da empresa segundo o lugar do traballo




4.8.8.1 Persoas que traballan en Galicia

4.8.8.1.1 Provincias

As empresas de grande tamaño só son maioritarias entre as persoas que traballan na provincia da Coruña (50,1%) contra 38,4% de Lugo e 47,9% nas provincias de Ourense e Pontevedra.

En consecuencia, Lugo é a demarcación provincial con máis presenza de empresas de tamaño micro (27,6%) e pequeno (19,7%), mentres que na Coruña son menos frecuentes as micro (16,7%) e pequenas (15,9%) empresas.

Gráfica n°202: Tamaño da empresa nas provincias galegas




4.8.8.1.2 Cidades

Salvo en Lugo (35,5%), a maioría das persoas que traballan nas cidades galegas fano nunha organización de grande tamaño, oscilando entre o valor máis alto de Ferrol (61,1%) e o de Vigo (50,1%).

As microempresas son máis frecuentes entre as persoas tituladas que traballan en Lugo (24,7%) e Ourense (23,3%) contra A Coruña (14,1%) e Ferrol (14,8%).

Gráfica nº203: Tamaño da empresa nas cidades galegas



4.8.8.2 Persoas que traballan no resto de España

4.8.8.2.1 Comunidades Autónomas

Salvo as persoas que traballan na Rexión de Murcia, País Basco e Cantabria, a maioría de titulados/as que traballa noutras Comunidades Autónomas faino en empresas de grande tamaño. A frecuencia máis elevada de grandes empresas prodúcese entre as persoas tituladas que traballan en Ceuta (100,0%), Extremadura (87,5%), Castela-A Mancha (78,3%) e Comunidade de Madrid (74,5%).

O traballo en microempresas alcanza rexistros considerábeis entre as persoas que traballan na Rioxa (33,3%), Asturias (21,1%) e Castela e León (16,5%). Na Comunidade de Madrid e Cataluña, territorios que concentran a maioría de persoas emigradas, esta categoría de empresa representa 6,5% e 9,6%, respectivamente.

Cadro nº96: Tamaño da empresa por Comunidades Autónomas

	Microempresa	Pequena empresa	Media empresa	Grande empresa
A Ríoxa	33,3	0,0	0,0	66,7
Andalucía	10,5	13,2	13,2	63,2
Aragón	10,0	20,0	0,0	70,0
Asturias	21,1	2,6	10,5	65,8
Cantabria	13,3	13,3	26,7	46,7
Castela e León	16,5	10,1	11,4	62,0
Castela-A Mancha	0,0	13,0	8,7	78,3
Cataluña	9,6	14,7	16,1	59,6
Ceuta	0,0	0,0	0,0	100,0
Comunidade de Madrid	6,5	8,5	10,5	74,5
Estremadura	0,0	12,5	0,0	87,5
Illas Baleares	11,1	7,4	18,5	63,0
Illas Canarias	10,5	10,5	15,8	63,2
Navarra	13,0	4,3	21,7	60,9
País Basco	8,0	20,0	28,0	44,0
País Valenciano	5,4	16,2	8,1	70,3
Rexión de Murcia	0,0	33,3	25,0	41,7

4.8.8.2.2 Provincias

O traballo en empresas de grande tamaño representa a totalidade das persoas que traballan nas provincias de Albacete, Cáceres, Ceuta, Huesca, Segovia e Teruel. Presentan porcentaxes superiores á media estatal (67,0%), as persoas que traballan nas provincias de Xirona (85,7%), Toledo (84,6%), Cádiz (83,3%), Badaxoz, Burgos, Guadalaxara e Zamora (80,0% cada unha), Madrid (74,5%), Santa Cruz de Tenerife (73,7%), Valencia (73,3%), Málaga (71,4%) e Alacante (68,8%).

O traballo en microempresas é significativo entre as persoas que traballan nas provincias de Soria (50,0%), A Ríoxa (33,3%), León (31,8%), Asturias (21,1%), Zamora e Sevilla (20,0% ambas).

O Anexo 133 mostra o cadro de datos de distribución porcentual do tamaño de empresa por provincias españolas.

4.8.8.2.3 Cidades representativas

As porcentaxes máis elevadas de persoas que traballan en grandes empresas prodúcense en Xixón (80,0%) Xetafe (76,9%) e Madrid (75,1%) contra os mínimos de Oviedo (36,4%), Bilbao (41,7%) e Ponferrada (46,2%).

Polo contrario, o traballo en microempresas é significativo entre os titulados/as que traballan en Oviedo (63,6%), Ponferrada (38,5%) e Sevilla (21,4%) e nulo en Xetafe, Valencia, Palma de Maiorca e Donostia-San Sebastián.

Cadro nº97: Tamaño da empresa nas cidades representativas españolas

	Microempresa	Pequena empresa	Media empresa	Grande empresa
Alacante	9,1	18,2	9,1	63,6
As Palmas de Gran Canaria	16,7	8,3	8,3	66,7
Barcelona	10,8	15,0	16,2	58,1
Bilbao	8,3	25,0	25,0	41,7
Donostia-San Sebastián	0,0	0,0	41,7	58,3
Madrid	6,8	8,1	10,0	75,1
Oviedo	63,6	0,0	0,0	36,4
Palma de Maiorca	0,0	6,3	31,3	62,5
Pamplona	9,1	0,0	18,2	72,7
Ponferrada	38,5	7,7	7,7	46,2
Santa Cruz de Tenerife	10,0	10,0	20,0	60,0
Sevilla	21,4	14,3	7,1	57,1
Valencia	0,0	23,1	7,7	69,2
Valladolid	15,0	10,0	15,0	60,0
Xetafe	0,0	7,7	15,4	76,9
Xixón	10,0	0,0	10,0	80,0

4.8.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

4.8.8.3.1 Países estranxeiros

Traballan en grandes empresas a totalidade de persoas emigradas a África do Sul, Bangladesh, Bulgaria, Croacia, Cuba, Eslovaquia, Estonia, Finlandia, Gana, Guiné Bissau, Hungría, Illa de Reunión (Francia), India, Indonesia, Lituania, Luxemburgo, Malta, Namibia, Papúa Nova Guiné, Paraguai, República Dominicana, Romanía, Rusia, Singapur, Tailandia, Uruguai e Xapón.

Superan a media de traballo en grandes empresas (64,6%), as persoas que traballan en Dinamarca (91,7%), Austria (88,9%), Italia (81,8%), Brasil e EUA (80,0% ambos), Países Baixos (75,9%), Emirados Árabes Unidos, Grecia, Noruega e Polonia (75,0% cada un), Australia (71,4%), Colombia (68,8%), Reino Unido (68,1%), Irlanda (68,0%) e República Checa (66,7%).

Os países onde é máis frecuente o traballo en microempresas son O Salvador (100,0%), Andorra e Panamá (50,0% ambos), Arxentina, Bolivia e Venezuela (33,3% cada un), Suecia e Ecuador (20,0% ambos) e Polonia e Chile (16,7% ambos).


O Anexo 134 mostra máis detalladamente a distribución porcentual do tamaño da empresa por países.

4.8.8.3.2 Cidades representativas

Salvo en Munique (46,2%), o traballo en empresas de grande tamaño é maioritario en todas as Cidades avaliadas, destacando os casos de Xenebra (92,3%), Cambridge (81,8%) e Porto (76,0%).

Por outro lado, o traballo en microempresas é significativo entre as persoas tituladas emigradas a Berlín (23,1%), Bruxelas (15,8%) e Dublín (14,3%) contra Munique (0,0%).

Gráfica nº204: Tamaño da empresa nas cidades representativas estranxeiras



4.8.9 Análise por antigüidade no posto de traballo

4.8.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

O tempo medio de antigüidade no posto de traballo é directamente proporcional ao tamaño da empresa, de maneira que aumenta co número de empregados da organización, pasando de 58,241 meses nas microempresas a 88,578 nas grandes empresas.

Cadro nº98: Tempo medio de antigüidade segundo o tamaño da empresa

	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Grande empresa	88,578	7,381	79,728
Media empresa	74,047	6,171	72,487
Pequena empresa	71,303	5,942	76,366
Microempresa	58,241	4,853	64,593

4.8.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Entre as persoas que traballan en grandes empresas son máis frecuentes os intervalos de máis antigüidade no posto de traballo (igual o máis de 15 anos), co 13,8% dos titulados/as que traballan, contra as de tamaño medio (9,0%), pequeno (9,3%) ou microempresas (6,4%).

Polo contrario, entre as persoas que traballan en microempresas son máis frecuentes os intervalos de menos antigüidade (igual o menos que un ano), co 29,2%, contra as de tamaño grande (18,7%), medio (22,1%) e pequeno (25,2%).

Cadro nº99: Tempo de antigüidade por intervalos segundo o tamaño da empresa

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Grande empresa	10,6	8,0	11,1	18,5	22,7	15,2	9,5	4,3
Media empresa	13,4	8,7	13,6	21,7	20,3	13,4	6,1	2,9
Pequena empresa	15,3	9,9	13,9	21,1	18,7	11,8	7,3	2,0
Microempresa	16,1	13,1	16,7	23,0	15,5	9,2	5,3	1,1

Unha análise da distribución porcentual do tamaño da empresa en función do tempo de permanencia no posto de traballo (cf. cadro nº100) permite concluír, por un lado, que a grande empresa é a entidade de traballo maioritaria dos titulados/as cunha antigüidade superior a 5 anos e, por outro, que as microempresas presentan unha porcentaxe considerábel (media do 23,7%) con tempos de permanencia menores a 5 anos.

Cadro nº100: Tamaño da empresa segundo o tempo de permanencia

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Grande empresa	43,6	44,8	44,9	47,9	58,1	59,6	62,7	71,2
Media Empresa	15,1	13,4	15,1	15,4	14,2	14,4	11,2	13,1
Pequena empresa	17,8	15,7	16,0	15,5	13,6	13,1	13,8	9,2
Microempresa	23,4	26,1	24,0	21,2	14,1	12,9	12,4	6,5

4.8.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

4.8.10.1 Modalidade de contratación

Existen diferenzas significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) entre a modalidade de contratación e a categoría de empresa onde as persoas tituladas traballan. Portanto, a maioría (57,5%) de titulados/as que traballan por conta allea nunha empresa faino nunha organización de grande tamaño contra 11,2% que está empregado nunha microempresa. Polo contrario, unha esmagadora maioría (80,7%) de persoas que traballa por conta propia desenvolve a súa profesión nunha microempresa.

Cadro nº101: Tamaño da empresa segundo a modalidade de contratación

	Microempresa	Pequena empresa	Media empresa	Grande empresa
Conta allea	11,2	15,6	15,7	57,5
Conta propia	80,7	9,3	2,6	7,4

4.8.10.2 Tipo de contrato

A proporción de persoas que traballan por conta propia é inversamente proporcional ao tamaño da empresa. Portanto, rexístrase unha maior porcentaxe (47,4%) de persoas que traballan en microempresas contra as de tamaño medio (2,0%) e grande (1,6%).

Salvo nas microempresas (31,5%), os contratos de duración indefinida é a categoría maioritaria en empresas de tamaño medio (69,0%), grande (68,0%) e pequeno (64,7%). A contratación eventual oscila entre o mínimo de 16,4% nas microempresas e 22-23% no resto de categorías.

A presenza de bolsas é directamente proporcional ao tamaño da empresa, pasando de 1,5% nas microempresas a 3,8% dos contratos nas grandes empresas. Os contratos en prácticas son máis frecuentes nas empresas de menor tamaño.

A ausencia de contrato sómente existe entre as persoas que traballan en micro (0,3%) e pequenas empresas (0,2%).

Cadro nº102: Modalidade de contratación e tipo de contrato segundo o tamaño da empresa

	Microempresa	Pequena Empresa	Media empresa	Grande empresa
Bolsa	1,5	1,9	2,5	3,8
En prácticas	2,9	3,3	2,3	2,4
Eventual	16,4	22,8	23,8	23,8
Indefinido	31,5	64,7	69,0	68,0
Outro	0,0	0,2	0,4	0,4
Propia	47,4	6,9	2,0	1,6
Sen contrato	0,3	0,2	0,0	0,0

4.8.10.2.1 Traballo na empresa privada

A maioría de contratos na empresa privada son de carácter indefinido e mostran unha relación directamente proporcional ao tamaño da organización, de maneira a seren máis frecuentes nas empresas de grande tamaño (76,3%) que nas microempresas (60,7%).

Porén, a distribución de contratos temporais é inversamente proporcional ao tamaño da empresa, oscilando entre un máximo de 17,6% nas microempresas a un mínimo de 8,7% nas de grande tamaño. De forma similar, os contratos por obra ou servizo están máis estendidos nas empresas de menor tamaño (12,9%) que nas grandes (8,6%).

No caso das bolsas ou contratos en prácticas non se observa a existencia dunha relación específica co tamaño da empresa.

Cadro nº103: Tipo de contrato na empresa privada segundo o tamaño da empresa

	Microempresa	Pequena Empresa	Media empresa	Grande empresa
Bolsa	2,5	1,4	1,8	2,6
En prácticas	5,7	3,9	2,5	3,9
Indefinido	60,7	70,4	72,3	76,3
Por obra/servizo	12,9	10,6	11,0	8,6
Sen contrato	0,5	0,2	0,0	0,0
Temporal	17,6	13,2	11,9	8,7
Outros	0,0	0,3	0,5	0,0

4.8.10.2.2 Traballo para a administración pública

Na función pública obsérvase unha relación entre o tipo de contrato e o tamaño da organización en que se desenvolve o traballo. Así sendo, as modalidades de contrato de duración indefinida son maioritarias nas entidades de tamaño grande (60,1%), medio (55,9%) e pequeno (61,6%) contra o 42,9% das microempresas, nas que a porcentaxe das modalidades eventuais (funcionariado interino, persoal temporal/eventual e contrato por obra/servizo) é equivalente.

Aínda que o funcionariado de carreira é máis frecuente nas entidades de maior tamaño (46,2%), a frecuencia do persoal fixo ou indefinido é inversamente proporcional ao tamaño (41,1% nas entidades pequenas contra 13,9% nas grandes).

Entre as modalidades eventuais destaca a proporción máis elevada de contratos por obra ou servizo, bolsas e contratos en prácticas nas entidades de menor tamaño.

Cadro nº104: Tipo de contrato na función pública segundo o tamaño da empresa

	Microempresa	Pequena Empresa	Media empresa	Grande empresa
Funcionariado de carreira	8,6	20,5	23,1	46,2
Persoal fixo ou indefinido	34,3	41,1	32,8	13,9
Funcionariado interino	8,6	6,3	6,7	17,6
Persoal eventual/temporal	28,6	18,8	22,4	12,4
Por obra/servizo	5,7	5,4	5,2	2,8
Bolsa	11,4	8,0	8,2	5,6
En prácticas	2,9	0,0	1,5	0,5
Outro	0,0	0,0	0,0	0,9


4.8.11 Análise por rama de actividade

As empresas de grande tamaño representan 86,4% das persoas que traballan no ámbito público contra 35,9% nas entidades sen ánimo de lucro e 38,7% nas empresas privadas.

A presenza da microempresa é máis alta na empresa privada (25,8%) e entidades non lucrativas (17,0%) que no sector público (2,0%).

As entidades non lucrativas presentan máis proporción de persoas que traballan tanto en empresas de tamaño medio (25,7%) como de pequeno (21,4%).

Gráfica nº205: Tamaño da empresa segundo a rama de actividade



4.8.12 Análise por sector económico

As empresas de grande tamaño son maioritarias no sector público (86,2%), financeiro (84,4%), automoción (72,7%), aeronáutica (69,0%), telecomunicacións (64,4%), téxtil-confección (58,1%), distribución (56,4%), enerxía e ambiente (52,4%), aseguradoras (51,5%), madeira (51,0%) e en química, plástico, vidro e envases (50,3%).

Polo contrario, as empresas de menor tamaño (microempresas) son preponderantes en sectores como a arte (94,1%) e xurídico (79,3%). Alén diso, presentan porcentaxes notábeis no sector do papel, gráficas, edición e reprodución (44,3%), deporte/lecer/cultura (43,1%), turístico (39,9%), sanidade privada (38,7%), servizos a empresas (38,1%), construción (37,0%), cerámica (33,3%), comunicación audiovisual (31,3%), aseguradoras (30,9%) e en agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (30,8%).

O Anexo 135 mostra o cadro de datos da distribución do tamaño de empresa segundo o sector económico.

4.8.13 Análise por área funcional

As empresas de grande tamaño presentan máis porcentaxe de persoas que exercen funcións investigadoras (13,9% contra 2,3% das microempresas) e de prevención e saúde (7,4% contra 2,8% de microempresas).

Entre as empresas de tamaño medio son máis frecuentes os departamentos que desenvolven funcións de produción (24,5% contra 8,8% das microempresas) e de informática (8,0% contra 1,8% de microempresas).

Nas pequenas empresas destacan as funcións de ensino/docencia (20,4% contra 10,8% de microempresas) e administración e finanzas (14,6% contra 8,6% das grandes empresas).

Finalmente, nas microempresas a situación máis habitual (29,9%) é a carencia de áreas funcionais diferenciadas contra 2,3% das empresas de grande tamaño, ben como as funcións de dirección xeral (12,6% contra 3,2% das grandes empresas), atención ao cliente (5,2%) e recursos humanos (2,4%).

Cadro nº105: Distribución porcentual das áreas funcionais segundo o tamaño da empresa

	Microempresa	Pequena empresa	Media empresa	Grande empresa
Administración e finanzas	13,5	14,6	10,6	8,6
Atención ao cliente	5,2	3,1	3,5	4,6
Dirección xeral	12,6	6,7	4,3	3,2
Enseño/Docencia	10,8	20,4	16,2	20,0
I+D+i/Investigación	2,3	6,6	10,4	13,9
Informática	1,8	3,1	8,0	5,9
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	29,9	5,8	1,6	2,3
Prevenición e saúde	2,8	4,0	3,8	7,4
Produción	8,8	19,7	24,5	17,3
Recursos humanos	2,4	2,2	2,3	1,8
Servizos xerais	4,2	4,9	6,4	7,8
Vendas e marketing	5,7	8,8	8,3	7,3


4.8.14 Análise por categoría profesional

A presenza de persoal directivo nunha organización é inversamente proporcional ao tamaño da empresa. Por iso, a proporción de directivos/as nas microempresas (26,7%) é máis alta á existente nas empresas de tamaño grande (6,9%), medio (7,8%) e pequeno (10,1%). Esta porcentaxe máis elevada de directivos/as nas microempresas tradúcese nunha frecuencia máis baixa de mandos intermedios (10,8%) contra as empresas de tamaño medio (23,2%), grande (22,4%) e pequeno (21,9%).

En todas as categorías de empresas é maioritaria a proporción de técnicos/as cualificados, oscilando entre un máximo de 63,9% nas grandes empresas e 52,2% nas microempresas.

Finalmente, a presenza de empregados/as non cualificados nas microempresas (10,3%) é superior ás de tamaño pequeno (7,0%), medio e grande (6,8% ambas).

Gráfica nº206: Tamaño da empresa segundo a categoría profesional




5. VALORACIÓN DO POSTO DE TRABALLO ACTUAL

5.1 Relación do traballo actual cos estudos

5.1.1 Global

O 74,9% das persoas inquiridas afirmaron que o seu traballo actual está relacionado cos estudos que realizaron na Universidade de Vigo. Un 14,1% afirmou que o seu emprego actual ten pouca relación cos seus estudos. A porcentaxe de persoas tituladas que desenvolven na actualidade unha profesión sen nengunha relación coa titulación cursada é do 11,0%.

Gráfica nº207: Relación do traballo actual cos estudos




5.1.2 Evolución quinquenal

Como se observa na gráfica nº208, a porcentaxe de persoas tituladas que responderon que o seu traballo actual está relacionado cos estudos realizados oscila entre un máximo de 76,7% das persoas que completaron o seus estudos no quinquenio 2001-05 e o mínimo de 73,1% dos que o fixeron entre 2011-15. Apesar de o diferencial entre ambos valores non ser moito significativo (3,6 puntos), constátase a existencia de dúas tendencias no período avaliado: unha crecente, comprendida entre 1990-2005, seguida doutra decrecente entre 2006-15.

En consecuencia, a proporción máis elevada de persoas que manifestaron que o seu emprego está pouco o nada relacionado cos seus estudos prodúcese entre as persoas tituladas no último quinquenio (26,9%) contra o mínimo de 23,3% no período 2001-05.


Gráfica nº208: Evolución quinquenal da relación do traballo actual cos estudos



5.1.3 Evolución anual

A gráfica nº208 mostra a evolución anual da relación do traballo actual cos estudos.

Gráfica nº209: Evolución anual da relación do traballo actual cos estudos




5.1.4 Análise por xénero

Ao contrastar esta variábel por xéneros encóntranse diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$) tal como se mostra na gráfica nº210.

Obsérvase que, aínda que sexa levemente superior a porcentaxe de homes que exercen traballos relacionados cos seus estudos (76,0% contra 73,9% de mulleres), estas presentan unha porcentaxe moito superior de tituladas (13,5% contra 8,1% de homes) que nunca traballaron nun emprego relacionado coa titulación que realizaron na Universidade de Vigo.

Gráfica nº210: Relación do traballo actual cos estudos segundo o xénero




5.1.5 Análise por ámbitos académicos

Por ámbitos académicos, existen diferencias estadísticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$). As persoas que completaron titulacións da rama das Ciencias da Saúde manifestaron maioritariamente (93,9%) a existencia de relación directa entre o traballo actual e os estudos realizados. A bastante distancia áchanse a rama Tecnolóxica (78,2%), Xurídico-Social (73,2%), Científica (71,7%) e Arte e Humanidades (66,6%).

A maioría (51,4%) das persoas que completaron estudos pertencentes ao ámbito Multidisciplinar acha que o seu emprego pouco ou nada ten a ver cos estudos realizados.

Gráfica nº211: Relación do traballo actual cos estudos segundo ámbitos académicos




5.1.6 Análise por tipoloxía de estudos

Como reflicte a gráfica nº212, existen relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor} \leq 0,05$) neste campo. As persoas que completaron ciclos longos manifestaron en máis grao a existencia de relación entre o seu traballo actual e os estudos realizados (83,0% de Enxeñaría Superiores e 74,5% de Licenciaturas) que os ciclos curtos (74,0% de Enxeñaría Técnica e 73,5% de Diplomaturas).

No caso dos Grados, a relación entre o posto de traballo actual e os estudos ascende ao 76,1%, moito superior á relación mostrada por aqueles que completaron Mestrados (61,5%) ou Títulos Propios (66,7%).

Gráfica nº212: Relación do traballo actual cos estudos segundo a tipoloxía de estudos



5.1.7 Análise por titulación

Manifestaron que o traballo actual está relacionado cos estudos universitarios realizados a totalidade das persoas graduadas en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Enxeñaría Informática, Estudos de Galego e Español, Química e o 97,8% dos graduados/as en Fisioterapia, Enxeñaría en Informática (96,8%), Diplomatura de Enfermaría (96,6%), graos de Publicidade e Relacións Públicas (94,4%), Economía (94,1%) e en Enfermaría (92,9%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais-Sección Empresariais (90,8%), Diplomatura en Fisioterapia (89,2%), Licenciatura en Psicopedagogía (89,1%), graos en Ciencias Ambientais e Enxeñaría da Enerxía (88,9% ambos), Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (88,6%), graos en Comercio, Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación e en Turismo (87,5% cada un), Grao en Enxeñaría en Organización Industrial e Licenciatura en Filoloxía Galega (85,7% ambos).

Polo contrario, manifestaron en maior proporción que o seu emprego actual non ten relación cos seus estudos a totalidade das persoas graduadas en Xeografía e Historia, ben como o 71,4% de licenciadas en Filoloxía Xermánica e en Historia (42,9%), Grao en Ciencias do Mar (35,7%), Diplo-

matura en Graduado Social (34,4%), Grao en Educación Infantil (31,4%), Diplomatura en Relacións Laborais (31,4%), graos en Traballo Social (28,6%) e en Belas Artes (27,3%), Licenciatura en Filoloxía Hispánica (27,0%), Grao en Educación Primaria (25,6%), Enxeñaría Técnica Forestal (22,4%), Grao en Tradución e Interpretación (22,2%), diplomaturas en Xestión e Administración Pública (20,8%) e en Turismo (20,0%).


O Anexo 136 mostra a distribución porcentual da relación do traballo actual cos estudos realizados.

5.1.8 Análise por lugar de traballo

Como se observa na gráfica nº213, as persoas tituladas que traballan en Galicia manifestan en máis proporción (75,8%, contra 73,1% do resto do mundo e 71,1% doutras Comunidades Autónomas) que o seu posto de traballo actual está relacionado cos seus estudos.

Esta valoración tradúcese na proporción máis alta (28,9%) de persoas tituladas que traballa noutras Comunidades Autónomas cuxo traballo está pouco o nada relacionado cos seus estudos contra 24,2% de Galicia e 26,9% do resto do mundo.

Gráfica nº213: Relación do traballo actual cos estudos segundo o lugar de traballo




5.1.8.1 Persoas que traballan en Galicia

5.1.8.1.1 Provincias

Como se pode observar na gráfica nº214, a relación entre o traballo actual cos estudos oscila entre un valor máximo de 78,6% das persoas tituladas que traballan en empresas/organizacións localizadas na provincia de Lugo e un mínimo do 75,3% dos que traballan na de Pontevedra.


Gráfica nº214: Relación do traballo actual cos estudos nas provincias galegas



5.1.8.1.2 Cidades

As persoas que traballan nas cidades de Lugo e Ferrol, co 85,3% e 81,4% respectivamente, son as que mostran en maior grado a existencia de relación existente entre o seu traballo actual e os estudos realizados contra as porcentaxes inferiores dos que traballan en Vigo (74,0%) e A Coruña (74,2%). Por outro lado, os titulados/as que traballan en Vigo e Ourense manifestan as porcentaxes máis elevadas (12,4% e 11,4%, respectivamente) da inexistencia de relación entre o seu traballo actual e os estudos.

Gráfica nº215: Relación do traballo actual cos estudos nas cidades galegas




5.1.8.2 Persoas que traballan no resto de España

5.1.8.2.1 Comunidades Autónomas

Por Comunidades Autónomas, tal como mostra a gráfica nº216, as persoas tituladas que mostraron a valoración máis alta sobre a relación do seu traballo actual cos estudos realizados traballan en empresas/organizacións localizadas en Aragón (87,5%), Extremadura (85,7%), Cantabria (78,6%) e Andalucía (77,1%). Por outro lado, a ausencia de relación entre o emprego actual e os estudos rexistra os valores máis altos entre os que traballan na Rioxa (50,0%), País Valenciano (27,6%), Illas Baleares (25,0%) e Illas Canarias (22,9%).

Gráfica nº216: Relación do traballo actual cos estudos nas Comunidades Autónomas



5.1.8.2.2 Provincias

Por provincias, mostran un grao en relación total entre o traballo actual cos estudos realizados as persoas que traballan en Albacete, Cáceres, Cidade Real, Granada, Huesca, Xaén, Palencia, Teruel e Zamora e, algo menos, os que traballan en Málaga (85,7%), Xirona e Zaragoza (83,3% ambas) e León (81,3%).


Os valores superiores de ausencia de relación entre o emprego actual e os estudos prodúcense entre os titulados/as que traballan nas provincias de Cuenca (100,0%), Castellón e A Rioxa (50,0% ambas) e en Cádiz, As Palmas e Alacante (33,3% cada unha).

Más detalladamente, o Anexo 137 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da relación entre o traballo actual cos estudos por provincias.

5.1.8.2.3 Cidades representativas

As persoas que traballan nas cidades de Ponferrada (90,0%), Valencia (81,8%) e Sevilla (76,9%) manifestaron en maior grado a existencia de relación entre o seu emprego actual e os estudos. Polo contrario, as que o fan en Donostia-San Sebastián e As Palmas de Gran Canaria (27,3% ambas), Valladolid e Oviedo (22,2% ambas) e Palma de Maiorca (21,4%), presentan os valores máis altos de inexistencia de relación entre o traballo actual e os estudos realizados.

Gráfica nº217: Relación do traballo actual cos estudos nas cidades representativas españolas



5.1.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

5.1.8.3.1 Países estranxeiros

Existe unha relación entre o traballo actual e os estudos realizados na UVIGO na totalidade das persoas tituladas que traballan en Andorra, Austria, Bangladesh, Catar, Croacia, Cuba, Xeorxia, Gana, Illa de Reunión (Francia), Islandia, Xapón, Casaquistán, Lituania, Luxemburgo, Malta, Marrocos, Nicaragua, Noruega, Panamá, Papúa Nova Guiné, Paraguai, Romanía, Rusia, África do Sul e Tunisia e, con porcentaxes inferiores, os que traballan en Perú (92,3%), Canadá (88,9%), Países Baixos (82,6%), Polonia (81,8%), Colombia e Ecuador (80,0% ambos), Alemaña (77,0%) e Reino Unido (75,5%).


Os que manifestan máis inadecuación entre o traballo actual e estudos son a totalidade dos que traballan en países como Bulgaria, Estonia, Finlandia, Grecia e República Dominicana, seguidos polos emigrados/as en Eslovaquia (50,0%), Singapur, Suecia e Emirados Árabes Unidos (33,3% cada un), Australia (28,6%) e Irlanda (25,0%).

O Anexo 138 mostra con máis detalle o cadro de datos coa distribución porcentual da relación entre o traballo actual e os estudos en cada país estranxeiro.

5.1.8.3.2 Cidades representativas

Por cidades, as persoas máis satisfeitas coa relación existente entre o seu traballo actual e os estudos realizados traballan en Xenebra (92,3%), Munique (88,9%) e Cambridge (85,7%). A maior insatisfacción con este parámetro dáse entre os que traballan en Dublín (21,4%), Porto (19,0%) e Londres (18,2%).

Gráfica nº218: Relación do traballo actual cos estudos nas cidades representativas estranxeiras



5.1.9 Análise por antigüidade no posto de traballo

5.1.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Como mostra o cadro nº106, a relación entre emprego actual e estudos realizados é directamente proporcional ao tempo de permanencia no posto de traballo.

Cadro nº106: Relación do traballo actual cos estudos segundo o tempo medio de antigüidade no posto de traballo

	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Relacionados	87,759	7,313	79,768
Pouco relacionados	79,711	6,643	77,662
Sen relación	68,209	5,684	71,973

5.1.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Como mostra o cadro nº107, as persoas cunha antigüidade no seu posto de traballo superior a 15 anos manifestan en maior proporción (81,1%) a existencia de relación entre o seu traballo e os estudos realizados respecto ás persoas cun tempo de permanencia no seu posto de traballo inferior a un ano (70,4%).

Cadro nº107: Relación do traballo actual cos estudos segundo o tempo de antigüidade por intervalos

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Relacionados	67,5	73,4	73,6	74,3	77,7	76,3	81,7	80,5
Pouco relacionados	15,8	14,4	14,7	14,6	13,0	14,3	10,9	12,7
Sen relación	16,7	12,2	11,7	11,1	9,3	9,4	7,4	6,8

5.1.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

5.1.10.1 Modalidade de contratación

Como mostra o cadro nº108, as persoas que traballan por conta propia manifestan máis relación (77,8%) do seu traballo actual cos estudos realizados que os que o fan por conta allea (74,5%). Aliás, estes últimos presentan unha porcentaxe mais elevada de persoas que realizan un traballo non relacionado cos seus estudos (11,2%).

Cadro nº108: Relación do traballo actual cos estudos segundo a modalidade de contratación

Modalidade de contratación	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Conta allea	74,5	14,3	11,2
Conta propia	77,8	12,4	9,8

5.1.10.2 Tipo de contrato

Por tipoloxía de contrato, a relación entre o traballo actual e os estudos realizados é maior entre os bolseiros/as (85,4%) e os contratos en prácticas (81,9%) que entre os indefinidos (75,4%) e os eventuais (69,6%). O 40,0% das persoas que traballan sen contrato manifestan que o seu emprego non ten nengunha relación cos seus estudos.

Cadro nº109: Relación do traballo actual segundo a modalidade de contratación e tipo de contrato

Tipo de contrato	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Indefinido	75,4	14,6	10,0
Eventual	69,6	15,0	15,4
Bolsa	85,4	12,1	2,5
En prácticas	81,9	11,7	6,4
Sen contrato	60,0	0,0	40,0
Propia	77,8	12,4	9,8
Outro	80,0	4,0	16,0

5.1.10.2.1 Traballo na empresa privada

No seo das empresas/organizacións privadas, as persoas tituladas empregadas como bolseiras (83,8%) e con contratos en prácticas (81,4%) mostran máis relación entre o traballo e os estudos que as eventuais con contratos por obra ou servizo (62,4%) ou temporais (63,9%). O 40,0% das persoas que traballan sen contrato manifestan que o seu traballo non está relacionado co seus estudos.

Cadro nº110: Relación do traballo actual cos estudos segundo o tipo de contrato na empresa privada

	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Bolsa	83,8	13,1	3,0
En prácticas	81,4	12,4	6,2
Indefinido	74,7	15,6	9,7
Por obra/servizo	62,4	18,2	19,4
Sen contrato	60,0	0,0	40,0
Temporal	63,9	16,2	19,8

5.1.10.2.2 Traballo para a administración pública

De forma similar ás persoas que traballan en empresas/organizacións privadas, manifestan unha maior relación entre o traballo actual cos estudos as persoas que traballan en prácticas (90,9%) e bolseiras (87,0%) que as que o fan con contratos por obra ou servizo (72,3%), o funcionariado de carreira (77,2%) e o persoal fixo ou indefinido (77,8%). Paradoxalmente, o funcionariado de carreira é o colectivo que mostra en maior grao a inexistencia de relación entre o seu traballo actual e os estudos realizados.

Cadro nº111: Relación do traballo actual cos estudos segundo o tipo de contrato na función pública

	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Bolsa	87,0	11,0	2,0
En prácticas	90,9	0,0	9,1
Funcionariado de carreira	77,2	11,7	11,1
Funcionariado interino	79,1	11,1	9,8


	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Persoal eventual/temporal	81,4	10,9	7,7
Persoal fixo ou indefinido	77,8	12,3	9,9
Por obra/servizo	72,3	19,1	8,5
Outro	76,5	5,9	17,6

5.1.11 Análise por rama de actividade

As persoas que traballan en entidades de tipo non lucrativo manifestan unha maior relación entre o posto de traballo actual e os estudos realizados (80,7%) contra os que traballan na función pública (78,9%) e na empresa privada (72,6%).

A ausencia de relación entre o emprego actual e os estudos entre as persoas que traballan na empresa privada (12,1%) duplica á existente entre os que traballan en entidades non lucrativas (6,5%) e é superior á da función pública (9,4%).

Gráfica nº219: Relación do traballo actual cos estudos segundo a rama de actividade



5.1.12 Análise por sector económico

As persoas tituladas que manifestan maior relación entre o seu emprego actual e os estudos realizados traballan no sector xurídico (91,8%), telecomunicacións (84,2%), sanidade (83,9%), educación privada e financeiro (82,1% ambos), enerxía e ambiente (81,7%), comunicación audiovisual e minaría (80,0% ambos), metalúrxico e eléctrico (79,4%), público (79,0%), agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (77,9%), automoción (77,6%) e cerámica (75,0%).

Polo contrario, os sectores económicos nos que as persoas inquiridas manifestan en maior grao a inexistencia de relación entre o seu traballo e estudos realizados son a distribución (40,7%),

turístico (39,8%), téxtil e confección (36,7%), cerámica (25,0%), aseguradoras (20,0%), arte (18,8%) e alimentación (17,4%).

Cadro nº112: Relación do traballo actual cos estudos segundo o sector económico

	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Aeronáutica	64,7	35,3	0,0
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	77,9	15,2	6,9
Alimentación	68,0	14,6	17,4
Arte	62,5	18,8	18,8
Aseguradoras	50,9	29,1	20,0
Automoción	77,6	14,9	7,5
Cerámica	75,0	0,0	25,0
Comunicación audiovisual	80,0	12,0	8,0
Construción	68,7	19,9	11,4
Deporte/lecer/cultura	74,1	15,3	10,6
Distribución	44,4	14,8	40,7
Educación privada	82,1	13,5	4,4
Energía/ambiente	81,7	12,7	5,6
Finanzas	82,1	8,0	9,9
Madeira	73,8	19,0	7,1
Metalúrxico e eléctrico	79,4	15,2	5,5
Minaría	80,0	7,5	12,5
Outras actividades sociais	72,2	14,3	13,5
Papel, gráficas, edición, reprodución	69,1	20,6	10,3
Público	79,0	11,4	9,6
Química, plástico, vidro, envases	68,6	18,3	13,1
Sanidade privada	83,9	6,0	10,1
Servizos a empresas	72,1	15,0	12,9
Servizos informáticos	73,6	18,5	7,8
Telecomunicacións	84,2	10,9	5,0
Téxtil, confección	42,4	20,9	36,7
Transporte, loxística	59,2	26,5	14,3
Turístico	44,1	16,1	39,8
Xurídico	91,8	6,8	1,4
Outros	83,3	0,0	16,7

5.1.13 Análise por área funcional

As persoas que desempeñan funcións de investigación (90,9%), ensino ou docencia (87,5%), prevención e saúde (82,9%) son as que manifestan en maior grao que o seu posto de traballo está relacionado cos seus estudos. A seguir áchanse as persoas que traballan nas áreas funcionais de recursos humanos (76,6%), informática (76,1%), dirección xeral (76,0%) e administración e finanzas (75,1%).

Polo contrario, non existe relación entre o emprego actual e os estudos entre o 45,5% das persoas que traballan no departamento de atención ao cliente e, a máis distancia, entre os que tra-

ballan en servizos xerais (20,7%), vendas e marketing (20,2%) ou en empresas que carecen de áreas funcionais diferenciadas (14,8%).

Cadro nº113: Relación do traballo actual cos estudos segundo a área funcional


Área funcional	Relacionados	Pouco relacionados	Sen relación
Administración e finanzas	75,1	14,5	10,4
Atención ao cliente	32,9	21,3	45,8
Dirección xeral	76,0	17,0	7,0
Ensino/Docencia	87,5	9,0	3,5
I+D+i/Investigación	90,9	7,3	1,8
Informática	76,1	16,8	7,1
No existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	71,0	14,3	14,8
Prevención e Saúde	82,9	8,6	8,6
Produción	73,3	17,4	9,3
Recursos humanos	76,6	13,3	10,1
Servizos xerais	61,3	18,0	20,7
Vendas e marketing	59,3	20,4	20,2

5.1.14 Análise por categoría profesional

Por categoría profesional, tal como se observa na gráfica nº220, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$). Os directivos/as (80,4%) e técnicos/as cualificados (78,6%) son as categorías profesionais que mostran máis relación entre o seu posto de traballo actual e os estudos realizados.

A maioría de empregados/as non cualificados (53,7%) manifesta que non existe relación entre o seu posto de traballo actual e os seus estudos.

Gráfica nº220: Relación do traballo actual cos estudos segundo a categoría profesional




5.1.15 Análise por tamaño da empresa

As persoas que traballan en empresas de tamaño pequeno (76,1%) e grande (75,8%) manifestan un grao semellante de existencia de relación entre o seu posto de traballo actual e os estudos realizados cos que traballan na microempresa (71,4%) e media empresa (74,6%).

Polo contrario, as maiores porcentaxes de inexistencia de relación entre o emprego actual e os estudos universitarios rexístranse entre os que traballan en microempresas (14,9%) e empresas de gran tamaño (10,4%) contra a media (9,6%) e pequena (9,7%) empresa.


Gráfica nº221: Relación do traballo actual cos estudos segundo o tamaño da empresa



5.1.16 Análise segundo a realización de doutoramento

Como mostra a gráfica nº222, as persoas que realizaron un doutoramento manifestan en maior grao a existencia de relación entre o seu posto de traballo actual e os estudos realizados (89,7% contra 74,0%).

Gráfica nº222: Relación do traballo actual cos estudos segundo a realización de doutoramento




5.2 Relación do traballo actual co nivel académico

5.2.1 Global

A sobrecualificación é unha variábel que indica a proporción de persoas tituladas que desenvolve un traballo con procuras e exigencias inferiores aos estudos realizados. O 22,4% das persoas tituladas inquiridas áchanse nesta situación; isto é, as exigencias do seu emprego actual son inferiores ao seu nivel académico adquirido na Universidade de Vigo. Polo contrario, o 70,1% manifesta que realiza un traballo adecuado á súa cualificación. Finalmente, un 7,5% acha que as exigencias do seu traballo actual son superiores ao seu nivel de formación.

Gráfica nº223: Relación do traballo actual co nivel académico




5.2.2 Evolución quinquenal

A sobrecualificación a respecto do traballo actual experimenta unha tendencia crecente ao longo do período analizado, pasando dunha porcentaxe mínima de 18,7% entre os titulados/as na primeira década (1990-2000) para un máximo de 27,4% no último quinquenio (2011-15).

O desenvolvemento dun traballo consoante co nivel académico adquirido é maioritario en todos os quinquenios avaliados. Cunha tendencia decrecente, oscila entre un máximo de 74,4% no quinquenio 1996-2000 a un mínimo de 65,2% no quinquenio 2011-15.

Finalmente, o desenvolvemento dun traballo cuxas exigencias son superiores ao nivel académico adquirido na Universidade de Vigo oscila entre un máximo de 9,6% entre as persoas que completaron os seus estudos no quinquenio 2006-10 e un mínimo de 7,0% no quinquenio 1996-00.


Gráfica nº224: Evolución quinquenal da relación do traballo actual co nivel académico



5.2.3 Evolución anual

A gráfica nº225 mostra a evolución anual da relación do traballo actual co nivel académico.


Gráfica nº225: Evolución anual da relación do traballo actual co nivel académico



5.2.4 Análise por xénero

Por xéneros, existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor}\leq 0,05$). As mulleres inquiridas manifestan máis sobrecualificación que os homes (25,1% contra 19,2%). Esta diferenza tradúcese na proporción máis alta de homes que desenvolven un traballo consoante o nivel académico adquirido (72,8% contra 67,8%).

Gráfica nº226: Relación do traballo actual co nivel académico segundo o xénero




5.2.5 Análise por ámbitos académicos

Por ámbitos académicos tamén se detecta a presenza de relacións de dependencia estatística ($p\text{-valor}\leq 0,05$). A sobrecualificación presenta porcentaxes máis altas entre as persoas que completaron titulacións pertencentes aos ámbitos Multidisciplinar (30,6%), Xurídico-Social (27,9%) e Arte e Humanidades (25,4%) que os titulados/as nas Ciencias da Saúde (5,1%), Tecnolóxico (16,4%) e Científico (23,2%).

A rama das Ciencias da Saúde presenta o índice máis baixo de sobrecualificación, sendo en único caso en que esta porcentaxe (5,1%) é inferior á de persoas que desenvolven un traballo cuxas exigencias son superiores ao nivel académico adquirido (5,6%).

A adecuación das exigencias do posto de traballo actual ao nivel académico adquirido no ámbito das Ciencias da Saúde (89,2%) é superior ao Tecnolóxico (76,0%), Arte e Humanidades (67,0%), Científico (66,3%), Multidisciplinar (65,3%) e Xurídico-Social (65,0%).

Gráfica nº227: Relación do traballo actual co nivel académico segundo ámbitos académicos




5.2.6 Análise por tipoloxía de estudos

Por tipoloxía de estudos, a sobrecualificación está ligada aos ciclos curtos. Por un lado, esta é máis alta entre as persoas que completaron unha Diplomatura (25,0%) a unha Licenciatura (24,1%) e entre os que realizaron unha Enxeñaría Técnica (18,1%) a unha Enxeñaría Superior (14,4%). Por outro lado, a sobrecualificación presenta porcentaxes superiores entre as persoas que completaron un Mestrado (27,7%) e un Grao (25,9%), titulacións de recente implantación.

A maior adecuación das exigencias profesionais ao nivel académico adquirido prodúcese entre as persoas que completaron unha Enxeñaría Superior (80,4%) e Título Propio (77,8%), seguido polas Enxeñarías Técnicas (71,6%), Licenciaturas (68,5%), Diplomaturas (67,9%), Mestrados (66,4%) e Graos (63,7%).

Gráfica nº228: Relación do traballo actual co nivel académico segundo a tipoloxía de estudos



5.2.7 Análise por titulación

A proporción de persoas que desenvolven un posto de traballo cuxas exigencias profesionais son inferiores ao nivel académico adquirido é maioritaria entre os titulados/as na Diplomatura en Xestión e Administración Pública (62,5%), Licenciatura en Filoloxía Xermánica (57,1%), graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (55,6%), Educación Infantil (54,3%), Enxeñaría Agraria e en Xeografía e Historia (50,0% ambos). A seguir, a sobrecualificación presenta proporcións notábeis entre as persoas que completaron os graos en Belas Artes (49,1%), Relacións Laborais e Recursos Humanos (46,2%) e en Traballo Social (42,9%), Diplomatura en Graduado Social (41,0%), diplomaturas en Relacións Laborais e en Turismo, Grao en Estudos de Galego e Español (40,0% cada un), Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (38,4%), Grao en Educación Primaria (35,9%), Grao en Ciencias do Mar e Licenciatura en Comunicación Audiovisual (35,7% ambos), Licenciatura en Historia (34,3%), Diplomatura en Ciencias Empresariais (32,6%), graos en Educación Social (31,6%), Administración e Dirección de Empresas (31,5%), Turismo (31,3%) e en Dereito (30,8%), Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais - Sección Económicas (30,7%), Grao en Tradución e Interpretación (30,6%) e Enxeñaría Técnica Agrícola (30,4%).

O desempeño dun posto de traballo cuxas exigencias son superiores ao nivel académico adquirido é máis frecuente entre as persoas graduadas en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (66,7%), Ciencias do Mar (28,6%), Bioloxía (26,7%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (25,0%), Comunicación Audiovisual (23,5%), Dereito (23,1%), Tradución e Interpretación e Ciencias Ambientais (22,2% ambos), Consultoría en Xestión da Información e Enxeñaría Eléctrica (20,0% ambos), Licenciatura en Publicidade en Relacións Públicas (16,6%) e Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (15,4%). Entre as titulacións en proceso de extinción tamén destacan as porcentaxes nas licenciaturas en Filoloxía Xermánica (14,3%) e en Ciencias do Mar (13,0%), Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión (11,6%), Enxeñaría Técnica Industrial (11,3%) e Diplomatura en Fisioterapia (10,8%).

O Anexo 139 mostra o cadro de datos da distribución porcentual da relación do traballo actual co nivel académico segundo titulacións.


5.2.8 Análise por lugar de traballo

Por lugar de traballo existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \leq 0,05$).

De feito, a sobrecualificación é máis frecuente entre as persoas que traballan en Galicia (24,0%) que entre as que o fan no resto do mundo (15,1%) e noutras Comunidades Autónomas (18,4%).

Por outro lado, a valoración de que o emprego actual é superior ao nivel académico adquirido entre as persoas que traballan no resto do mundo (14,5%) é superior á dos que traballan en Galicia (5,9%) e noutras Comunidades Autónomas (11,8%).

Gráfica nº229: Relación do traballo actual co nivel académico segundo o lugar de traballo




5.2.8.1 Persoas que traballan en Galicia

5.2.8.1.1 Provincias

Por provincias, tal como mostra a gráfica nº230, non existen diferenzas estatisticamente significativas ($p\text{-valor} \geq 0,05$) relativamente á relación do traballo actual co nivel académico adquirido na Universidade de Vigo. No entanto, a sobrecualificación é levemente superior entre os que traballan en Pontevedra (24,8%) contra os que o fan na Coruña (21,9%).


Gráfica nº230: Relación do traballo actual co nivel académico nas provincias galegas



5.2.8.1.2 Cidades

A sobrecualificación, tal como mostra a gráfica nº231, é superior entre as persoas que traballan en Pontevedra (25,4%) e Vigo (25,3%) contra os mínimos de Ferrol (16,3%) e Lugo (18,7%). Por outro lado, mostran unha maior relación entre o traballo actual e o seu nivel académico os titulados/as que traballan en Ferrol (74,4%), A Coruña (72,6%) e Lugo (72,0%).

Gráfica nº231: Relación do traballo actual co nivel académico nas cidades galegas




5.2.8.2 Persoas que traballan no resto de España

5.2.8.2.1 Comunidades Autónomas

A sobrecualificación, tal como mostra a gráfica nº232, presenta valores superiores entre as persoas tituladas que traballan en Ceuta (100,0%), A Ríoxa (50,0%), Illas Canarias (40,0%), Cantabria (35,7%) e País Valenciano (34,5%).

Por outro lado, a relación do traballo actual co nivel académico é máis adecuada entre os titulados/as que traballan en Estremadura (85,7%), Rexión de Murcia (80,0%), Andalucía (77,1%), Navarra (76,2%), Aragón (75,0%), Comunidade de Madrid (73,2%) e Cataluña (72,3%).

Gráfica nº232: Relación do traballo actual co nivel académico nas Comunidades Autónomas



5.2.8.2.2 Provincias

Manifestaron que o seu traballo actual se axeita ao nivel académico adquirido a totalidade de titulados/as que traballan nas provincias de Albacete, Cáceres, Granada, Huelva, Huesca, Xaén, Lleida, Palencia e Teruel e a maioría dos que o fan en Málaga (85,7%), Murcia e Zamora (80,0% ambas), Biscaia (77,8%), Navarra (76,2%), Avila, Badaxoz, León e Tarragona (75,0% cada unha), Madrid (73,2%) e Barcelona (72,2%).

A sobrecualificación é notábel entre os que traballan en Ceuta (100,0%), Alaba (55,6%), Burgos, Castellón, A Rioxa e Soria (50,0% cada unha), Santa Cruz de Tenerife (47,1%), Toledo (44,4%), Cantabria (36,4%), ben como en Alacante, Cádiz, Zaragoza, Valladolid e As Palmas (33,3% cada unha).

Para máis información, o Anexo 140 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da relación entre o traballo actual e o nivel académico nas provincias españolas.

5.2.8.2.3 Cidades representativas

As persoas tituladas que traballan en Bilbao (80,0%), Xetafe (77,8%), Madrid (72,2%), Palma de Maiorca (71,4%) e Barcelona (70,8%) mostraron a maior adecuación do seu posto de traballo ao nivel académico adquirido na UVIGO.

A sobrecualificación é significativa entre as persoas que traballan en Oviedo (44,4%), Valladolid (38,9%), As Palmas de Gran Canaria (36,4%) e en Valencia e Donostia/San Sebastián (27,3% ambas).

Cadro nº114: Relación do traballo actual co nivel académico nas cidades representativas españolas

	Adecuado	Inferior	Superior
As Palmas de Gran Canaria	36,4	36,4	27,3
Barcelona	70,8	9,0	20,1
Bilbao	80,0	20,0	0,0
Donostia-San Sebastián	54,5	27,3	18,2
Madrid	72,2	15,7	12,1
Oviedo	44,4	44,4	11,1
Palma de Maiorca	71,4	21,4	7,1
Pamplona	70,0	10,0	20,0
Ponferrada	70,0	10,0	20,0
Sevilla	69,2	7,7	23,1
Valencia	63,6	27,3	9,1
Valladolid	55,6	38,9	5,6
Xetafe	77,8	22,2	0,0
Xixón	70,0	20,0	10,0

5.2.8.3 Persoas que traballan no resto do mundo

5.2.8.3.1 Países estranxeiros

Por países, a adecuación do traballo actual ao nivel académico é máxima entre as persoas emigradas a Bangladesh, Bolivia, Catar, Croacia, Cuba, Ecuador, Eslovaquia, Finlandia, Xeorxia, Gana, Guiné Bissau, Illa de Reunión (Francia), Islandia, Xapón, Lituania, Malta, Marrocos, Namibia, Nicaragua, Panamá, Papúa Nova Guiné, Paraguai, Romanía, Rusia, África do Sul e Suecia, ben como en Chile (92,9%), Brasil (92,3%), Países Baixos (87,0%), Austria (85,7%), Suíza (83,8%), Arxentina (81,8%), Noruega e República Checa (80,0% ambos).

A sobrecualificación alcanza os niveis máis altos entre as persoas que traballan en Bulgaria, Estonia, Uruguai e Venezuela (100,0% en cada un) e, con valores medios, Grecia e Hungría (50,0% ambos), Australia (42,9%), Emirados Árabes Unidos e Singapur (33,3% ambos) e Dinamarca (30,0%).

Dunha forma máis detallada o Anexo 141 mostra o cadro de datos coa distribución porcentual da relación entre o traballo actual e o nivel académico nos países estranxeiros.

5.2.8.3.2 Cidades representativas

Manifestaron que o seu traballo actual se axeita ao nivel académico adquirido na UVIGO a totalidade das persoas que traballan en Xenebra e, con valores altos, os que o fan en Munique (77,8%), Lisboa (75,0%), Berlín (72,7%), Bruxelas (72,2%), Porto e Cambridge (71,4% ambas).

Polo contrario, a sobrecualificación é considerábel entre aqueles que traballan en Londres (20,0%), Porto (19,0%), Berlín (18,2%), Dublín e Cambridge (14,3%).

Cadro nº115: Relación do traballo actual co nivel académico nas cidades representativas estranxeiras

	Adecuado	Inferior	Superior
Berlín	72,7	18,2	9,1
Bruxelas	72,2	11,1	16,7
Cambridge	71,4	14,3	14,3
Dublín	57,1	14,3	28,6
Lisboa	75,0	12,5	12,5
Londres	58,2	20,0	21,8
Munique	77,8	11,1	11,1
París	61,1	0,0	38,9
Porto	71,4	19,0	9,5
Xenebra	100,0	0,0	0,0

5.2.9 Análise por antigüidade no posto de traballo

5.2.9.1 Tempo medio de antigüidade (en meses)

Como se pode observar no cadro nº116, a sobrecualificación é máis frecuente entre as persoas con menos antigüidade no seu posto de traballo. A adecuación das exixencias do emprego actual ao nivel académico adquirido presenta máis tempo medio de permanencia.

Cadro nº116: Tempo medio de antigüidade segundo a relación do traballo co nivel académico adquirido

Relación do emprego actual co nivel académico	Tm(meses)	Tm(anos)	Desviación típica
Adecuado	89,965	7,497	79,895
Superior	80,818	6,735	76,766
Inferior	68,524	5,710	74,158

5.2.9.2 Tempo de antigüidade por intervalos

Como mostra o cadro nº117, a sobrecualificación é indirectamente proporcional ao tempo de permanencia no traballo. Así sendo, esta é máxima entre as persoas con antigüidade no posto de traballo menor a seis meses (33,1%), chegando a reducirse á metade entre as persoas con antigüidade superior a 15 anos (15,8%).

A adecuación do emprego actual ao nivel académico é directamente proporcional ao tempo de antigüidade, oscilando entre un mínimo de 59,9% entre as persoas do menor intervalo de antigüidade a un máximo de 77,1% nas persoas cunha permanencia superior a 15 anos no seu posto de traballo.

A porcentaxe de persoas que consideran que as exigencias do seu emprego actual superan o seu nivel académico presenta unha evolución irregular, sendo máxima entre as persoas con antigüidade comprendida entre 2 e 10 anos (8,2% de media).

Cadro nº117: Tempo de antigüidade por intervalos segundo a relación do traballo co nivel académico adquirido

	0-6 meses	6-12 meses	12-24 meses	24-60 meses	60-120 meses	120-180 meses	180-240 meses	Máis de 240 meses
Adecuado	59,9	64,8	68,3	69,2	71,5	75,8	79,2	74,9
Inferior	33,1	27,0	23,7	22,3	20,4	17,4	14,1	17,5
Superior	7,0	8,2	7,9	8,4	8,1	6,8	6,7	7,6

5.2.10 Análise por modalidade de contratación e tipo de contrato

5.2.10.1 Modalidade de contratación

Por modalidade de contratación, as persoas que traballan por conta propia (73,3%) coidan en maior proporción que as que o fan por conta allea (69,6%) que o seu emprego se axeita ao nivel adquirido na Universidade de Vigo.

Igualmente, a porcentaxe de persoas que traballan por conta propia (12,4%) que manifestan que as exigencias do seu emprego actual son superiores ao seu nivel académico duplica aos que traballan por conta allea (6,9%).

En consecuencia, a sobrequalificación está máis estendida entre as persoas que traballan por conta allea (23,4%) que entre os que o fan por conta propia (14,3%).

Cadro nº118: Relación do traballo actual co nivel académico adquirido segundo a modalidade de contratación

	Adecuado	Inferior	Superior
Conta allea	69,6	23,4	6,9
Conta propia	73,3	14,3	12,4

5.2.10.2 Tipo de contrato

A opinión de que o posto de traballo actual é adecuado ao nivel académico adquirido está máis estendida entre os bolseiros/as (75,9%), traballadores/as por conta propia (73,3%) e indefinidos (72,3%) contra os eventuais (61,9%) ou en prácticas (68,1%).

A opinión máis frecuente entre as persoas que traballan sen contrato (80,0%) é que as exigencias do seu traballo son inferiores ao seu nivel académico adquirido. A seguir, a máis distancia, áchanse os traballadores eventuais (32,1%), contratados en prácticas (22,3%) e indefinidos (21,2%).

As persoas que traballan sen contrato tamén consideran en maior proporción que o traballo que desenvolven é superior ao seu nivel académico (20,0%), seguido polos que traballan por conta propia (12,4%) e, a máis distancia, os traballadores eventuais (5,9%) e indefinidos (6,5%).

Cadro nº119: Relación do traballo actual co nivel académico adquirido segundo o tipo de contrato

	Adecuado	Inferior	Superior
Indefinido	72,3	21,2	6,5
Eventual	61,9	32,1	5,9
Bolsa	75,9	15,1	9,0
En prácticas	68,1	22,3	9,6
Propia	73,3	14,3	12,4
Sen contrato	0,0	80,0	20,0
Outro	68,0	20,0	12,0

5.2.10.2.1 Traballo na empresa privada

As persoas con contrato indefinido coidan en maior grao (73,0%) que o seu traballo actual se axeita ao nivel académico adquirido, seguido polos que traballan en prácticas (67,8%) e bolseiros/as (67,7%).

A sobrecualificación é maioritaria entre as persoas que traballan sen contrato (80,0%) e alcanza porcentaxes considerábeis entre os traballadores eventuais con contrato por obra ou servizo (41,5%) e temporal (40,9%).

Cadro nº120: Relación do traballo actual co nivel académico adquirido segundo o tipo de contrato na empresa privada

	Adecuado	Inferior	Superior
Bolsa	67,7	22,2	10,1
En prácticas	67,8	23,2	9,0
Indefinido	73,0	19,9	7,1
Por obra/servizo	54,5	41,5	3,9
Sen contrato	0,0	80,0	20,0
Temporal	54,1	40,9	5,0
Outro	71,4	28,6	0,0

5.2.10.2.2 Traballo para a administración pública

Entre as persoas que traballan para a administración pública, o funcionariado de carreira é o que presenta o nivel máis elevado de sobrecualificación (26,8%), seguido polo persoal fixo ou indefinido (19,8%), funcionariado interino (18,5%) e persoal eventual ou temporal (17,8%).

A adecuación máis alta do emprego actual ao nivel académico adquirido prodúcese entre os bolseiros (84,0%) e persoas eventuais por obra ou servizo (78,7%).

Cadro nº121: Relación do traballo actual co nivel académico adquirido segundo o tipo de contrato na función pública

	Adecuado	Inferior	Superior
Bolsa	84,0	8,0	8,0
En prácticas	72,7	9,1	18,2
Funcionariado de carreira	68,4	26,8	4,8
Funcionariado interino	74,2	18,5	7,3
Persoal eventual/temporal	72,5	17,8	9,7
Persoal fixo ou indefinido	75,1	19,8	5,1
Por obra/servizo	78,7	17,0	4,3
Outro	70,6	17,6	11,8

5.2.11 Análise por rama de actividade


Por rama de actividade constátase a existencia de relacións de significancia estatística ($p\text{-valor}\leq 0,05$).

A porcentaxe de persoas que traballan en entidades sen ánimo de lucro e no ámbito público (73,0% e 72,1%, respectivamente) achan en máis proporción que o seu emprego actual se axeita ao seu nivel académico adquirido contra os que o fan na empresa privada (68,8%).

A sobrecualificación é máis frecuente entre as persoas que traballan na empresa privada (23,5%) contra as que o fan nunha entidade non lucrativa (18,2%) o no ámbito público (20,7%).

Finalmente, a opinión de que as exixencias do emprego actual son superiores ao nivel académico adquirido é máis alta entre os que traballan en entidades non lucrativas (8,9%) que no ámbito público (7,2%) e a empresa privada (7,6%).

Gráfica nº233: Relación do traballo actual co nivel académico segundo a rama de actividade



5.2.12 Análise por sector económico

Por sectores económicos, a sobrecualificación é maioritaria entre as persoas que traballan na distribución (56,8%), turismo (53,4%), téxtil e confección (51,8%). A máis distancia, é máis frecuente entre os que traballan no sector de deporte, lecer e cultura (35,3%), aseguradoras (34,5%), alimentación (30,1%), outras actividades sociais (29,8%), transporte e loxística (28,6%) e agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal (25,5%). As menores porcentaxes de sobrecualificación danse entre as persoas que traballan no sector xurídico (4,1%), sanidade privada (8,7%), madeira (9,5%) e comunicación audiovisual (10,0%).

A consideración de que as exixencias do emprego actual son superiores ao nivel académico adquirido é máis frecuente entre as persoas que traballan en sectores como a arte (31,3%), papel, gráficas, edición e reprodución e aeronáutica (11,8% ambos), xurídico (11,0%), deporte/lecer/cultura (10,6%), servizos a empresas (10,2%) e na minaría, comunicación audiovisual e construción (10,0% cada un).

A adecuación do emprego actual ao nivel académico adquirido é máis frecuente entre os que traballan nos sectores da cerámica (100,0%), xurídico (84,9%), sanidade (84,6%), madeira (81,0%), comunicación audiovisual (80,0%), telecomunicación (79,2%), finanzas (76,0%) e educación privada (75,8%).

Cadro nº122: Relación do traballo actual co nivel académico adquirido segundo o sector económico

Sector económico	Adecuado	Inferior	Superior
Aeronáutica	73,5	14,7	11,8
Agricultura, gandería, caza, pesca, silvicultura e forestal	64,8	25,5	9,7
Alimentación	67,6	30,1	2,3
Arte	50,0	18,8	31,3
Aseguradoras	63,6	34,5	1,8
Automoción	73,3	17,6	9,2
Cerámica	100,0	0,0	0,0
Comunicación audiovisual	80,0	10,0	10,0
Construción	66,8	23,2	10,0
Deporte/lecer/cultura	54,1	35,3	10,6
Distribución	40,7	56,8	2,5
Educación privada	75,8	18,9	5,4
Enerxía/ambiente	74,6	16,9	8,5
Finanzas	76,0	14,9	9,2
Madeira	81,0	9,5	9,5
Metalúrxico e eléctrico	70,3	22,9	6,8
Minaría	70,0	20,0	10,0
Outras actividades sociais	62,9	29,8	7,3
Papel, gráficas, edición, reprodución	64,7	23,5	11,8
Público	72,2	21,1	6,8
Química, plástico, vidro, envases	72,5	19,0	8,5
Sanidade privada	84,6	8,7	6,7
Servizos a empresas	68,2	21,6	10,2

Sector económico	Adecuado	Inferior	Superior
Servizos informáticos	71,8	20,4	7,8
Telecomunicacións	79,2	15,8	5,0
Téxtil, confección	44,6	51,8	3,6
Transporte, loxística	67,3	28,6	4,1
Turístico	40,7	53,4	5,9
Xurídico	84,9	4,1	11,0
Outros	66,7	33,3	0,0

5.2.13 Análise por área funcional

Por área funcional do posto de traballo, a sobrecualificación está máis estendida entre as persoas que desenvolven funcións ligadas á atención ao cliente (66,4%), servizos xerais (39,1%), administración e finanzas (30,9%), vendas e marketing (27,4%) contra as mínimas porcentaxes que presentan os que traballan en investigación (6,9%) ou dirección xeral (8,2%).

Coidan que desenvolven un traballo con exigencias superiores á súa formación académica as persoas que realizan funcións ligadas á dirección xeral (13,5%), investigación (12,7%) e os que traballan en organizacións sen áreas funcionais diferenciadas (10,0%).

Finalmente, a adecuación do emprego actual ao nivel académico adquirido é máis frecuente entre os que desenvolven funcións ligadas á prevención e saúde (82,9%), investigación (80,4%), ensino e docencia (79,5%) e dirección xeral (78,3%).

Cadro nº123: Relación do traballo actual co nivel académico adquirido segundo a área funcional

	Adecuado	Inferior	Superior
Administración e finanzas	62,2	30,9	6,9
Atención ao cliente	30,9	66,4	2,7
Dirección xeral	78,3	8,2	13,5
Ensino/Docencia	79,5	15,2	5,3
I+D+i/Investigación	80,4	6,9	12,7
Informática	71,6	23,3	5,1
Non existen áreas funcionais diferenciadas na empresa	63,9	26,1	10,0
Prevención e saúde	82,9	11,2	5,9
Producción	72,4	19,6	8,0
Recursos humanos	68,4	23,4	8,2
Servizos xerais	56,7	39,1	4,1
Vendas e marketing	66,3	27,4	6,2

5.2.14 Análise por categoría profesional


Por categoría profesional constátase a existencia de relacións de significancia estatística ($p\text{-valor} \leq 0,05$). Así sendo, a sobrecualificación é máis frecuente (84,3%) entre as persoas tituladas que

traballan como empregadas non cualificadas e mínima entre directivos/as (6,5%) e mandos intermedios (13,3%). No caso das persoas que traballan como técnicas cualificadas ascende ao 21,0%.

As persoas que traballan con categoría directiva coidan en maior grao (14,5%) que as exigencias do seu posto de traballo superan o seu nivel académico adquirido contra o mínimo do 1,6% entre os empregados/as non cualificados/as.

Finalmente, a opinión de que o emprego actual se axeita ao nivel académico adquirido depende da categoría na empresa, sendo maior entre os directivos/as (79,0%) e mandos intermedios (78,9%) que nos técnicos/as cualificados (72,1%) e empregados/as non cualificados (14,0%).

Gráfica nº234: Relación do traballo actual co nivel académico segundo a categoría profesional




5.2.15 Análise por tamaño da empresa

En función do tamaño da empresa, a sobrecualificación é máis frecuente nas empresas máis pequenas. Así sendo, é máis elevada nas microempresas (28,1%) e pequenas empresas (24,4%) que nas empresas de tamaño grande (20,3%) e medio (21,2%).

A valoración de que o emprego actual se axeita ao nivel académico adquirido está máis estendida entre as persoas que traballan en medias (72,1%) e grandes empresas (71,9%) que nas microempresas (63,2%) e de tamaño pequeno (69,6%).

Gráfica n°235: Relación do traballo actual co nivel académico segundo o tamaño da empresa




5.2.16 Análise por relación do traballo actual cos estudos realizados

Tal como mostra a gráfica n°236, o 80,0% das persoas cuxo traballo actual está relacionado cos estudos realizados manifestan que as exixencias profesionais actuais se axeitan ao nivel académico adquirido, porcentaxe que desce ao 51,3% entre as que exercen un traballo pouco relacionado cos seus estudos e ao 26,4% no caso de inexistencia de relación entre o traballo e os estudos realizados.

A sobrecualificación é maioritaria (68,2%) entre as persoas que desempeñan un posto de traballo non relacionado cos seus estudos, descendo ao 41,7% entre os que realizan un traballo pouco relacionado e ao 12,1% entre as que teñen un traballo relacionado cos seus estudos.

As exixencias do posto de traballo actual son superiores ao nivel académico adquirido na UVIGO en maior proporción entre as persoas cuxo traballo está relacionado cos estudos (8,0%) que entre aquelas cuxo traballo non está relacionado cos estudos realizados (5,5%).

Gráfica nº236: Relación do traballo actual co nivel académico segundo os estudos realizados




5.2.17 Análise por realización de doutoramento

As persoas que realizaron un doutoramento mostran unha maior satisfacción no tocante á relación existente entre o seu emprego actual e o nivel académico adquirido (75,1% contra 69,7% entre as persoas no doutoras), como tamén é máis frecuente a apreciación de que as exixencias do traballo que realizan é superior ao seu nivel académico (12,4% contra 7,2%).

Polo contrario, a sobrecualificación é máis frecuente entre as persoas que non realizaron un doutoramento (23,0% contra 12,6%).

Gráfica nº237: Relación do traballo actual co nivel académico segundo a realización de doutoramento



PARTE

IV

Análise das respostas á pregunta aberta

O cuestionario aplicado incluía unha última pregunta na que, de forma aberta, cada persoa titulada podía acrescentar os comentarios que estimar oportunos. Analizando a taxa de resposta conséntase que non existen diferenzas significativas ($p\text{-valor}>0,05$) en función do xénero, ámbito académico e tipoloxía de estudos.

Para desenvolver esta epígrafe, por un lado, realízanse unhas reflexións de carácter xeral co obxectivo de dar a coñecer aspectos globais ligados coas persoas tituladas. Por outro, son analizadas pormenorizadamente e por ámbitos de coñecemento un leque de observacións que, complementares ao solicitado nos puntos concretos da enquisa, quixeron voluntariamente deixar plasmado sobre as súas experiencias profesionais as persoas que responderon o cuestionario proposto.

Para a realización deste apartado formuláronse dúas vías diferenciadas. Unha consistía en reproducir literalmente os escritos realizados polas persoas tituladas que quixeron voluntariamente expor a relación entre a súa experiencia profesional e os estudos realizados. Outra, tentaría sintetizalas e redactalas, sen que iso comportase perda algunha da opinión que cada un dos inquiridos/as quixo plasmar. Optouse por esta segunda opción, pois a primeira acarretaba engadir a este estudo un amplo anexo desproporcionado en extensión a respecto do libro que se edita.

A segunda opción, que foi a levada a cabo, tivo a dificultade de que se partía de opinións expostas con diferentes formas de redacción, lingua, sintaxe ou mesmo metodoloxía narrativa. Unificalas foi tarefa difícil e talvez non se teña conseguido na súa totalidade. Por iso, o lector/a observará que esta parte está redixida con diferentes rexistros e dunha forma máis heteroxénea para se adaptar ás ideas expostas polos inquiridos/as contra o dos outros apartados do presente libro.

1. REFLEXIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Neste apartado desenvólvense reflexións de carácter xeral sobre a docencia, empregabilidade, o futuro da universidade, o Programa Erasmus, o desemprego, os titulados/as galegos, as políticas que promoven o I+D+i e o abandono e retorno. Todos estes temas son expostos ao xeito de reflexión polos autores deste estudo e que son concordantes cunha ampla maioría de persoas tituladas consultadas.

1.1 Sobre a docencia

O profesorado debe actuar como guía: ensinar a pensar, analizar e sintetizar e estimular o debate para a consecución de puntos de encontro e diverxencias. O docente ten de saber comunicar; implicar o alumno e xestionar discusións en grupo.

Hai que ensinar ao alumnado que se debe estar aberto a todo e que se aprende dos erros, lembrando que nada se consegue sen esforzo nunha sociedade onde o alumnado dispón de tantos recursos de información que o poden afastar da necesaria concentración se non a sabe peneirar. Previamente, habería que informar ao alumnado, antes de tomar unha decisión en relación ao seu futuro profesional, sobre as titulacións, independentemente da súa vocación. Isto é, informar, mais non actuar sobre as súas tendencias que deben ser libres, deixando constancia que a aprendizaxe comporta esforzo e que, do contrario, non hai aprendizaxe. A vocación que cada estudante ten por unha determinada carreira universitaria é un parámetro importante a levar en conta para determinar o seu futuro rendemento académico.

Por outra parte, cabe indicar que, en determinadas titulacións, o docente debería ter tido unha relación directa co mundo do traballo, pois nalgunhas actividades profesionais, é conveniente coñecelas previamente.

As sociedades máis avanzadas exigen unha boa formación intelectual e profesional e as empresas solicitan titulados/as que dominen temas concretos non desenvolvidos nen na docencia nen na investigación universitaria. Existen un bon coñecemento do mercado internacional e capacidade para se mexer con fluidez nun ámbito a cada vez máis competitivo e interdisciplinar.

1.2 Sobre a empregabilidade

A información sobre a inserción profesional dos titulados/as universitarios é un dos indubidábeis défices das estatísticas oficiais¹⁴². En nivel estatal, algunhas universidades realizan este tipo de estudos, mais a variedade de contidos e metodoloxías fan con que non sexan compatíbeis entre si os resultados das distintas Comunidades Autónomas. Entre as conclusións sinálase que, dos titulados/as no curso 2009-10, o 92% residía en España no 2014 contra o 8% que o facía no estranxeiro, e que só o 76% dos titulados/as no 2010 estaban a traballar no 2014 con grandes diferenzas entre os pertencentes aos ámbitos de Ciencias da Saúde e Tecnolóxico, co 96 e 87% respectivamente, e os de Arte e Humanidades (55%).

A crise económica actual condicionou que o mercado de traballo español non produza suficientes ocupacións de alta cualificación en comparanza con outros países da UE a capacidade para a aprendizaxe, a motivación, a competencia para resolver problemas son cualidades valoradas no desempeño das súas funcións profesionais.

¹⁴² Cf. "La Universidad española en cifras 2014-15" e a "Enquisa de Inserción Laboral de Titulados Universitarios (EILU)" do INE.

Sob a firme crenza de que non hai igualdade entre as diversas xeracións porque cada unha herda un mundo diferente á anterior, na actual o novo titulado interrelaciónase co mundo tecnolóxico, onde o seu smartphone é case parte integral do seu ser e as redes sociais constitúen unha forma de comunicación que utilizan através das súas mensaxes que reciben e responden con rapidez.

O grao en empregabilidade das persoas tituladas polas universidades galegas nas PEMES galegas é baixo. Así sendo, a xeito informativo, pódese constatar que só o 13% delas dispuñan de persoal universitario, sinalando, aliás, que, para un 90% das PEMES consultadas, a formación universitaria non era a adecuada para as necesidades do mercado. O minifundismo empresarial galego é a razón desta situación, na que o titulado/a universitario traballa en actividades non moito relacionadas cos estudos realizados e, portanto, vese condenado a emigrar para outros países, proceso que podería mitigarse cun adecuado estudo que puxese de manifesto a oferta real das titulacións impartidas. A universidade non pode vivir de costas viradas á empresa.

Estas reflexións insírense no manifestado por unha ampla maioría das persoas tituladas consultadas, que afirman que o modelo universitario non satisfai as necesidades do mercado debido á falta de contidos prácticos. Por iso, as titulacións deberían plasmar unha formación básica que permitise ao titulado/a adaptarse con certa rapidez a calquera nova tecnoloxía que se encontre no mercado de traballo; isto é, conxugar a teoría aprendida coa realidade profesional e tornarse así en persoas creativas, pois o sistema educativo tal como está establecido non favorece a creatividade.

En resumo, as titulacións deberían ser “xeralistas” e os Mestrados orientados a unha maior especialización.

1.3 Sobre o futuro da Universidade

A eficiencia educativa dun país reside na estabilidade das directrices educativas. Os exemplos de países como a Finlandia e Corea do Sul poñen de manifesto que debe chegarse a un acordo sobre os obxectivos docentes e investigadores entre os axentes políticos e sociais para conseguir, deste xeito, unha maior estabilidade tanto na duración dos planos de estudo como no financiamento. É preciso, portanto, un pacto educativo que acorde as reformas cos anteditos obxectivos, que dean seguranza e certeza. Nos últimos 40 anos sucedéronse no Estado español até oito leis de educación distintas que non conseguiron establecer uns criterios de calidade adaptados á sociedade que os procura.

O informe OCDE “Política educativa en perspectiva 2015” pon en destaque a necesidade de acomodar os sistemas educativos a un mundo mutábel, que o futuro depende da nosa capacidade de aprender e que hai que pór o coñecemento ao servizo dunha sociedade na que a tecnoloxía avanza de forma exponencial e que sirva, alén diso, para resolver problemas que, se callar, aínda non se formularon. Non se pode pensar que o aprendido fica para sempre.

A universidade do futuro será interactiva alén de resolver problemas concretos formulados pola sociedade e debería ser unha fonte de coñecemento e non un depósito do xa coñecido ou sabido, feito que acarreta por parte do alumnado un reclamo para aprender e un esforzo do profesorado na súa tarefa docente-investigadora. E non esquezamos que o importante no ensino é estimular no alumnado imaxinación, creatividade, curiosidade e preparalo, como aprendizaxe, para calquera fracaso temporal do que saíran con coñecementos para retomar as súas tarefas profesionais. A universidade está obrigada a ensinar e innovar (Albert Einstein deixou escrito que especializar os novos implica reducir a súa curiosidade, pois desta forma acóutase a imaxinación e a creatividade, e que se debe estimular o pensamento crítico cunha visión global...). É preciso, xa que logo, aprender a interrelacionar os coñecementos impartidos ao alumnado, o que require unha mellor comunicación entre o profesorado dos departamentos, conseguindo así unha maior cohesión da institución académica.

1.4 Sobre o Programa Erasmus

No curso 2014-15 España foi un dos estados europeos que máis estudantes recebeu do Programa Erasmus sobrepasando os 30.000, o que representa o 3% do alumnado universitario, seguida de cerca pola Francia e Italia. No entanto, nas universidades públicas presenciais españolas o número de estudantes estranxeiros era só o 1% do total do alumnado que realizaba estudos de grao contra o 5% dos de mestrado e 14% de doutoramento.

Relativamente á Universidade de Vigo, no curso 2012-13, esta institución situouse no posto número 50 do Ranking das universidades europeas que máis estudantes (máis de 700) participaron no Programa Erasmus e no 20º das españolas. Os países máis solicitados polo alumnado vigués (curso 2015-16) foron Italia, Alemaña, Portugal, Polonia, Francia e Reino Unido.

As facultades de Filoloxía e Tradución, Ciencias Económicas e Empresariais e a Escola de Enxeñaría Industrial son os centros onde o alumnado participa máis deste programa de mobilidade internacional. Por outra parte, sobre os estudantes estranxeiros que chegaron á Universidade de Vigo ao abrigo do Programa Erasmus¹⁴³, a maioría escolleu esta institución, entre outras consideracións, pola semellanza das materias coas da súa titulación de orixe e tamén polo seu prestixio e cultura. O 61% deste alumnado escolleu esta institución académica como primeira opción e o 77% declarou que recomendaría esta institución nos seus países de orixe. Dun total de 43 nacionalidades, os grupos máis numerosos dentre estes estudantes proceden de Italia, Alemaña e Polonia.

Cabe lembrar que o Programa Erasmus¹⁴⁴, creado en 1987, desenvólvese no ámbito da Europa. Impulsado en 1969 por Sofía Corradi, contribuíu para a formación de toda unha xeración estudantil máis aberta e europeísta. Inicialmente comezou con 29 países, entre os cais España, e actualmente suman 45.

¹⁴³ A maioría dos estranxeiros chegan através do Programa de intercambio Erasmus, mais tamén ao abeiro doutros acordos bilaterais, entre os que predominan as nacionalidades latinoamericanas.

¹⁴⁴ Acrónimo de European Region Action Scheme for the Mobility of University Students.

No curso 2015-16, dos 21.133 alumnos matriculados na Universidade de Vigo, 586 eran estranxeiros que estudaban un grao, un mestrado ou un programa de doutoramento. Actualmente e debido, entre outras causas, a problemas demográficos, as universidades do sistema universitario español priorizan a captación de estudantes estranxeiros mellorando así o seu prestixio e a súa posición dentro do espazo educativo mundial. Nalgunhas delas creáronse delegacións de ex-alumnos (egresados/as) que captan potenciais estudantes, fundamentalmente da América Latina. Apesar disto, o número de estudantes internacionais é reducido e o de profesorado practicamente inexistente.

1.5 Sobre o desemprego

Moitas persoas tituladas teñen que aceptar traballos para os que están sobrecualificados, a razón áchase en que as persoas recén tituladas encóntranse nunha época histórica con alto desemprego, baixo crecemento económico e desigualdade e, por iso, corren o risco de posuír un poder adquisitivo inferior ao dos seus pais. No exercicio das súas profesións será preciso dispor dunha alta mobilidade e flexibilidade e adaptarse a unha formación constante ao longo da súa vida profesional, xa que a empregabilidade estará en relación co seu nivel de formación.

O informe da *Fundación Conocimiento y Desarrollo* refire que no ano 2013 o 32% dos titulados/as foi contratado para un traballo de menor cualificación á que posuía. As empresas procuran perfís proactivos e con grande adaptabilidade á mudanza, sendo as habilitacións máis consideradas a capacidade de análise, tolerancia perante a tensión, ben como os coñecementos propios do posto de traballo a desempeñar. En nivel estatal, ás persoas tituladas non lles faltan coñecementos teóricos mais outros tipos de habilitacións como o traballo en equipo, resolución de problemas, capacidade de análise e dominio do inglés, entre outros. Tamén se constataba que o 45% dos titulados/as, catro anos após terminaren os seus estudos, desempeñaba traballos abaixo da súa cualificación e que un 24% dedicábase a profesións que non requirían calquera tipo de estudo previo. Por outra parte, Administración e Dirección de Empresas (ADE) era a titulación máis procurada cun 4,5% das ofertas de emprego entre titulados/as¹⁴⁵, seguida polas enxeñarías Industrial e Informática.

No Informe OIE sobre mocidade e mercado profesional afírmase que as persoas tituladas manifestan unha certa decepción e desilusión logo de concluír os seus estudos debido tanto á desinformación profesional como á má relación existente entre as titulacións estudadas e as necesidades do mercado de traballo, o que comporta dificultades na procura do seu primeiro emprego. Por isto, moitos recén titulados/as escollen estudos de posgrao para poder profundar en temáticas ligadas á xestión empresarial, ou por outras áreas funcionais da empresa.

Através de Adecco e do Portal Infoemplego pódense coñecer as titulacións máis procuradas nas ofertas de emprego. Así sendo, en Galicia destacan os estudos de Informática (9% do total das procuras de emprego), seguido de Telecomunicacións, Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Industrial.

145) Informe de Adecco Professionals sobre os estudos con máis saídas profesionais.

Nos estudos técnicos, as persoas tituladas teñen dificultades para alcanzar altos cargos directivos ao non dispoñen de coñecementos sobre temas financeiros, relacións internacionais, marketing..., xa que os coñecementos tecnolóxicos adquiridos serven fundamentalmente para cargos técnicos, non para postos directivos.

1.6 Sobre os titulados/as galegos

Segundo o informe da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), o 34%, 39% e 41% dos titulados/as nos anos 2011, 2012 e 2013, respectivamente, seguían sen traballo dous anos após teren concluído os seus estudos. Para a obtención do primeiro emprego, os contactos persoais son o medio máis usado. Destarte, o 83,7% lógrao en Galicia, porcentaxe moi superior ao 15,0% doutras Comunidades Autónomas e ao 1,3% do resto do mundo.

Segundo os datos do Portal de Traballo do Goberno Galego, en 2014 abandonaron Galicia por volta de 6.000 titulados/as cara outras Comunidades Autónomas (un 20% máis do que en 2013). Entre os anos 2003 e 2010 emigraron de Galicia unha media de 4.500 titulados/ano, sendo a Comunidade de Madrid o principal destino. En contrapartida, no 2014, viñeron a Galicia 3.000 titulados/as, practicamente a metade dos que emigraron. Nese ano calcúlase que había 70.000 titulados/as traballando en empregos que non requirían nengunha formación.

O estudo *Radiografía de la universidad española: liderazgo emprendedor e innovación*, recollía que os universitarios galegos aspiran máis a seren funcionarios (37%) do que a crear a súa propia empresa (11%) ou traballar nunha multinacional (16%).

1.7 Sobre as políticas que promoven a I+D+i

As empresas españolas invisten pouco en tecnoloxía e reaxen con lentitude perante as mudanzas tecnolóxicas. Segundo COTEC 2016, só un 11% das empresas son innovadoras. Alén diso, a porcentaxe de produtos de alta tecnoloxía sobre o total das exportacións é de 5,4% contra o 17,0% da UE ou o 21,6% da Francia.

O mesmo informe COTEC recolle as opinións dun panel de especialistas co obxecto de obter as súas opinións sobre os problemas e as tendencias do sistema español de innovación. Entre as conclusións, destacan:

1. O sistema educativo non proporciona as competencias acaídas para as necesidades de innovación das empresas europeas.
2. As empresas españolas non tiran proveito das capacidades científicas e tecnolóxicas do sistema público de I+D+i.
3. As políticas públicas non estimulan a I+D+i no sector empresarial.
4. As universidades e os centros públicos de investigación non orientan as súas actividades de I+D+i ás necesidades tecnolóxicas das empresas.
5. Os axentes financeiros españois non participan no financiamento da innovación.

6. Falta de orientación das universidades á solución dos problemas tecnolóxicos das empresas (considerando este como un dos problemas de máxima importancia).
7. Dificultades de financiamento e excesiva burocracia son queixas recorrentes para a creación de empresas.

Todo o exposto non impediu que algunhas universidades teñan duplicado en cinco anos as patentes nacionais realizadas (máis dun cento), o que coloca a España no posto número 18 en nivel europeo en innovación e propiedade intelectual. Non hai que esquecer que a innovación tecnolóxica se rexe por normas alicerzadas en que hai que estar aberto a todas elas e aprender dos erros.

1.8 Sobre o abandono

O curso académico 2014-15 foi o primeiro do que se dispón información sobre o alumnado que iniciou os seus estudos de grao catro anos antes, isto é, coa implementación do coñecido Espazo Europeo de Estudos Superiores (Programa Boloña) que impón titulacións de 240 créditos. En nivel estatal, a porcentaxe de abandono no antedito curso foi do 18%, con máximos no ámbito Tecnolóxico (25%) e mínimos nas Ciencias da Saúde (9%). As titulacións con menos abandono e que ocupan as primeiras posicións de rendemento (índice do rendemento académico para o conxunto do alumnado matriculado) foron aquelas relacionadas cunha baixa oferta e reducida matriculación e tamén as dun alto perfil vocacional, entre as cales, Bioloxía Humana (94%), Ciencias Microbiolóxicas (95%) ou Educación Infantil (93%).

Relativamente á taxa de abandono, a antedita fonte sinala que o 13% do alumnado matriculado faino no primeiro curso de estudos e un 5% muda de titulación.

1.9 Sobre o retorno dos titulados/as emigrados

En nivel profesional, logo dos anos investidos profesionalmente noutros países, para os titulados/as resulta difícil retornar, para alén de que hai menos opcións de traballo.

Nalgúns países como Australia¹⁴⁶, creouse un sistema SRA (Spanish Research in Australia) que agrupa investigadores que, como un lobby, actúan perante asociacións doutros países a fin de unir vontades para dialogar co goberno e, na práctica, establecer convenios de colaboración coas universidades españolas.

Un estudo da asociación de traballadores autónomos Vatae sobre os condicionantes para o retorno de xoves que viven no estranxeiro pon de manifesto que un 40% das persoas emigradas con idades entre 18 e 30 anos retornaría a España para emprender un traballo autónomo se

¹⁴⁶ Australia é un país con 23 millóns de habitantes e unha taxa de desemprego de 5%. Nos últimos 5 anos xoves españois emigraron para ese país a traballar temporalmente, pois é o terceiro país receptor de estudantes no mundo, e, da Europa, os españois son os terceiros despois da Italia e Reino Unido.

houberse políticas apropiadas. Por outra parte, un 54% acha que, no futuro, existen máis oportunidades en países da Unión Europea que en España.

2. Reflexións particulares

A seguir recóllese, a modo de reflexións particulares, a avaliación realizada polas persoas tituladas que responderon a enquisa sobre aspectos ligados á calidade da docencia, os métodos de ensino e de aprendizaxe considerando, en cada caso, diversos aspectos como se foi moi o pouco relevante no seu futuro, a relación teoría/práctica, as condicións de empregabilidade, as estadias no estranxeiro, as materias complementares á súa titulación e a propensión a alargar estudos adicionais á titulación que completaron. Por último, tamén se contemplan os comentarios ou suxestións de mellora nos planos de estudo e a posibilidade de colaboración dos titulados/as coa Universidade de Vigo para exporen temas ou experiencias profesionais aos estudantes en curso.

Desta forma, os seguintes apartados ofrecen as tendencias observadas nos distintos ámbitos académicos que inclúen aquelas titulacións impartidas na Universidade de Vigo entre 1990 e 2015 cunha mostra suficientemente representativa para tirar conclusións.

2.1 Ámbito Tecnolóxico

Perante a diversidade de respostas recollidas neste ámbito, para unha mellor comprensión do texto considerouse acaído agrupar as titulacións e analizalas en función dos seus contidos, profesorado e docencia, prácticas, empregabilidade, ben como suxestións comúns e específicas para cada titulación deste ámbito académico.

2.1.1 Sobre os seus contidos, profesorado e docencia

As persoas tituladas do ámbito tecnolóxico son as que se mostran máis críticas cos métodos de ensino, os contidos dos temarios e a aprendizaxe durante os estudos despois de confron-talo co exercicio profesional posterior. Os titulados/as en Enxeñaría Técnica Agrícola ou Enxeñaría Técnica Forestal consideran que a docencia debería ser máis especializada de acordo coas necesidades empresariais na medida que estas requiren profesionais con formación específica. Os contidos docentes deberían ser máis multidisciplinares e constantemente actualizados consoante o perfil e as saídas destas profesións. Por iso, nestas áreas, sería desexábel unha maior cooperación universidade-empresa privada desde o primeiro ano de estudos, a participación en proxectos de investigación conxuntos, ben como un programa de prácticas tanto en sectores de servizos como en programas de I+D co obxectivo de levar a cabo a investigación aplicada no plano empresarial. Aspecto que tamén refiren os titulados/as en Enxeñaría de Minas cando insisten na falta de prácticas contra a abundancia de teoría. En ambos os casos, as promocións máis antigas valoran mellor os coñecementos teóricos recibidos. En resumo, conclúen que os

planos de estudo parecen feitos para superar a avaliación das materias máis do que para encarar as necesidades da profesión e o mundo real.

As críticas son máis abundantes naqueles estudos que teñen un perfil máis concreto e inmediato de cara ao público, como Enxeñaría Electrónica, Enxeñaría en Informática, Enxeñaría de Telecomunicación,... onde a renovación de coñecementos é na actualidade maior. Así sendo, os titulados/as na especialidade de Electrónica de Enxeñaría Técnica Industrial, para alén de reclamar a reciclaxe de materias e profesorado, solicitan un maior equilibrio entre teoría e práctica e prescindir de tantas materias xenéricas para centrarse nas específicas ligadas á industria e á empresa.

As persoas tituladas en Enxeñaría de Telecomunicación, máis relacionada coas necesidades e exigencias do mundo real, para alén de reclamar unha docencia aplicada e menos teórica, destacan que sería conveniente dedicar máis tempo ás materias troncais, non ter tantas materias de contidos variados que saturan a titulación e, por exemplo, programar visitas guiadas a instalacións en funcionamento, tan importantes para esta titulación.

O mesmo exigen os titulados/as en Enxeñaría en Informática que, debido ao perfil da súa profesión e da súa actividade profesional, destacan a focaxe práctico-técnica do seu perfil e exigen non apenas coñecer a materia mais tamén o desenvolvemento de habilidades para desempeñar unha xestión eficaz no traballo ou na empresa, facer presentacións en público, coordinar equipos de traballo, mellorar as relacións persoais e xeito para lidar coas persoas, capacidade para resolver conflitos e non crealos, saber idiomas, valorar a xestión, adquirir práctica no planeamento de proxectos e na realización de traballos en equipo. O desenvolvemento destas habilidades tería de estar presente en moitas materias dos estudos cunha abordaxe máis práctica e, á súa vez, debería mellorar a coordinación mutua entre materias e entre o profesorado que as dá.

A diferenza da tendencia xeral noutras titulacións, as persoas tituladas en Enxeñaría Industrial na súa maioría valoran positivamente a docencia e o 25% ofrece respostas laudatorias sobre a docencia recibida e os contidos das materias, mesmo sinala que o software utilizado nas aulas prácticas está actualizado. Algúns indican tamén que o nivel da Escola de Enxeñaría Industrial de Vigo¹⁴⁷ é superior ao do resto de universidades do Estado, se ben tamén refiren que o nivel de existencia en horas de estudo e traballo persoal é superior ao impartido, polo que algúns se queixan porque o ensino se alicerza preferentemente en resultados (é "resultadista") e non fomenta o desenvolvemento persoal autónomo.

Moi distinta é a opinión das persoas tituladas en Enxeñaría Técnica Industrial, as cais se mostran máis críticas co nivel de actualización dos contidos das materias e coa súa aplicabilidade ao mundo real. Nesta titulación, as persoas tituladas dos primeiros anos son máis optimistas e fan unha valoración moi positiva da súa pasaxe pola Universidade de Vigo, a súa formación e os coñecementos adquiridos, o que lles proporcionou grande suceso profesional. Os máis recentes, polo contrario, achan que a universidade forma teoricamente máis non nos aspectos prácticos,

147) Antiga Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais.

organización, planeamento e xestión dos contidos recibidos. A formación, na que non existe equilibrio entre teoría e práctica, debería complementarse nesta titulación co que poden achar profesionais en activo que coñezan a natureza das empresas e o que o mercado de traballo procura dos titulados/as; isto é, resolución de problemas concretos, xerir proxectos, actividades, deseños, solucións con clientes, tratamento con fornecedores ou co persoal ao seu cargo.

Aínda que existen algunhas titulacións do sector tecnolóxico que non opinan sobre a docencia, todas elas concordan en exixir máis prácticas e menos teoría, ben como en referir que no sistema educativo tecnolóxico existe unha grande diferenza en favor do ensino teórico en detrimento dos aspectos prácticos e a súa aplicabilidade ao mundo empresarial e profesional. Solicitan máis colaboración universidade-empresa e máis aplicación da teoría ao mundo do traballo, especialmente cando se trata de materias específicas ou de sectores, como o das explotacións agrarias en Galicia, onde a troca de experiencias e o contacto real é imprescindible.

O soporte da Fundación Universidade-Empresa, como acontece en moitas universidades do Estado, parece ser o recurso máis solicitado en case todas as titulacións para a realización de prácticas en empresas. Especialmente as ramas de Telecomunicacións, Enxeñaría Electrónica e as Enxeñarías Técnicas solicitan que a maior integración da universidade coas empresas se estableza através de ligazóns máis fortes que a simples cooperación como, por exemplo, os convenios bilaterais, máis axudas para bolsas, proxectos para desenvolver conxuntamente ou intercambio de profesionais con experiencia na industria ou no traballo autónomo. A troca de informacións e de formadores é fundamental para estas titulacións tan competitivas en nivel global e europeo.

2.1.2 Sobre as prácticas

Relativamente ao argumento de incluír as prácticas de forma obrigatoria nos distintos métodos de ensino-aprendizaxe, as diferenzas xeracionais son palpábeis. Así sendo, as primeiras promocións de case todas as titulacións (persoas tituladas entre 1990-93) suxiren incluír prácticas nos últimos cursos dos estudos e favorecer o treinamento do estudante, máis que na práctica profesional, no dominio das estratexias de investigación e de metodoloxía. Polo contrario, as persoas tituladas máis recentes (entre 2011-14) insisten en comezar as prácticas profesionais ao mesmo tempo que os estudos e durante todo o tempo que se vaian adquirindo coñecementos teóricos cunha alternancia coherente entre traballo teórico na aula, estudo e práctica en empresas. Mesmo hai titulacións, entre as cales, Enxeñaría de Telecomunicación ou a especialidade de Electrónica de Enxeñaría Técnica Industrial, que chegan a propor que as prácticas sexan máis importantes que os exames e que se formulen como un proxecto no que os estudantes podan plasmar a súa creatividade, aprender a solucionar problemas e xestionar o tempo e mesmo iniciarse nunha actividade como emprendedores mostrando as necesidades reais do mercado e observando máis de cerca os temas de interese para a investigación futura. En Enxeñaría Informática, onde a empregabilidade non parece escasa, recomendan que a práctica profesional comece ao tempo que se estuda, pois a maioría das persoas tituladas dedícanse a actividades técnicas de xestión, dirección ou técnicos en informática de xestión.

2.1.3 Sobre a empregabilidade

As persoas tituladas en Enxeñaría Técnica Industrial achan que o título é multifuncional, serve para o específico e para a xestión administrativa coa que ten pouca relación directa. A aplicabilidade do título, neste sector, non é relevante en moitos casos. As promocións últimas da especialidade de Mecánica de Enxeñaría Técnica Industrial (entre 2011-15), salvo o grupo de militares involucrados en estudos para o desenvolvemento de I+D na Defensa, non traballan, en xeral, de acordo ao perfil para o que se formaron senón en departamentos de calidade en automoción cando eles se especializaron máis para o deseño, que debería ser a iniciativa máis innovadora de futuro, e non para manter contactos cos clientes, recibir e persuadir a fornecedores ou xestionar empresas de servizos. Algo similar opinan os titulados/as na especialidade de Enxeñaría Química, que afirman que poucos traballan no seu e que se dedican á docencia ou traballan en empresas marisqueiras, ou os enxeñeiros/as técnicos/as especializados en Electrónica que, aínda que arranxan emprego con facilidade, achan que é ás veces no campo da docencia, as oposicións de FP, a venda ou asesoramento de material eléctrico ou o traballo na Administración, especialmente as primeiras promocións.

Para moitas titulacións tecnolóxicas, onde os coñecementos avanza e mudan aceleradamente, a empregabilidade está estreitamente ligada á formación continuada e á mellora da información dos titulados/as. Moitos inquiridos/as trasladan mesmo a responsabilidade á universidade que, na súa opinión, debería preocuparse máis por ofrecer informacións sobre posibles saídas profesionais, ofertar Mestrados orientados á profesionalización e incrementar o contacto con empresas e co sector privado en xeral. A empregabilidade ten moito a ver con que as empresas coñezan o traballo e a investigación que realizan os departamentos da universidade. O persoal que necesita a empresa, afirman os titulados/as na especialidade de Electrónica de Enxeñaría Técnica Industrial, debe saír da propia universidade através de bolsas, prácticas ou contratos durante os primeiros anos de experiencia profesional. Estas exigencias son xerais e máis prementes en titulacións como Enxeñaría de Minas, Enxeñaría Técnica Forestal ou Enxeñaría Técnica Industrial en Química Industrial, que solicitan máis colaboración da universidade e esforzo para crear acordos con empresas para a integración profesional dos novos titulados/as. Caso paradigmático é a queixa dalgún enxeñeiro técnico Forestal que non entende como é que as universidades de Galicia, onde se extrae máis do 50% da madeira producida no Estado, non se preocupen por coñecer as razóns da falta de oportunidades para os seus enxeñeiros/as forestais ou de montes.

2.1.4 Suxestións comúns ás titulacións deste ámbito

Nos apartados anteriores recolléronse xa algunhas suxestións que, de maneira xeralizada, expresan as persoas tituladas en practicamente todas as titulacións: tendencia á especialización, reciclaxe e actualización de materias e da preparación do profesorado, máis equilibrio entre docencia teórica e práctica con particular impulso das prácticas en empresas, implementación de máis sinerxías entre equipos de traballo, cultura da negociación, planeamento de tarefas e actividades colectivas. Especial relevo ten a teima en todas as titulacións da necesidade do ensino de idiomas e dominio do inglés.

Ensinar estratexias de comunicación: aprender a redactar e falar en público correctamente e dominio accesíbel da linguaxe técnica.

Máis oferta de Mestrados e cursos de especialización online.

Potenciar o sistema de bolsas, con máis control das mesmas e alargar os programas Erasmus non só pola contribución de experiencia profesional mais tamén pola aprendizaxe lingüística, cultural e de formación xeralista.

2.1.5 Suxestións específicas segundo o tipo de titulación

Porén, as persoas tituladas manifestan tamén suxestións máis concretas, en relación coa especificidade das súas titulacións, que a seguir se expoñen brevemente:

- Dominio da informática con ambientes de programación, deseño de bases de datos e simulacións con modelos virtuais, desenvolvemento de aplicacións para Android e Robótica (Enxeñaría Informática)
- Uso de software mineiro e modelización de depósitos (Enxeñaría de Minas)
- Deseño e xestión de redes de telecomunicación, contacto con equipamentos (routers e ferramentas tecnolóxicas semellantes) (Enxeñaría de Telecomunicación).
- Emprendemento e sobre elaboración e presentación de proxectos (Enxeñaría Industrial).
- En case todas as titulacións existe unha parcela de titulados/as que ofrece a súa colaboración á universidade, ben de maneira xenérica (dar cursos ou formar nalgún aspecto demandado aos alumnos) ou ben en temas concretos. Así sendo, entre estes, destacan os temas de informática básica, desenvolvemento de aplicacións, xestión de proxectos e de contratación electrónica (Enxeñaría en Informática); sobre sistemas de telecomunicación tradicionais e novos servizos dixitais (Enxeñaría de Telecomunicación); cursos de electricidade, intensificación automática e electrónica e programas LINUX e iMx6q (Enxeñaría Electrónica) e sobre dirección e produción loxística, xestión de empresas en nivel internacional (Enxeñaría Técnica Industrial).

2.2 Ámbito Científico

Para o desenvolvemento deste ámbito académico considerouse acaído diferenciar as titulacións e analazalas en función das respostas obtidas.

2.2.1 Bioloxía

As opinións mostran certa insatisfacción, especialmente pola falta de coordinación que parece existir entre a universidade e o mundo do traballo. Afirmar que as materias deberían ser máis específicas e que sería necesario establecer maiores sinerxías entre a titulación e as empresas para desenvolver a investigación e as tarefas necesarias a fin de relacionar de forma eficaz a oferta e a procura de emprego.

Os titulados/as con máis antigüidade consideran que, cando comezaron os estudos, a relación coas empresas era practicamente inexistente, polo que adquirir experiencia para conseguir un emprego foi realmente complicado. Os titulados/as de media idade demandan máis cursos de especialización e, mormente, con horarios máis compatíbeis coa actividade profesional. Tamén critican a falta de práctica e de orientación ou guía ao acabar os estudos e acusan a falta de apoio logo despois dos mesmos. Afirmar que existe moita precariedade profesional en Galicia.

Polo contrario, os titulados/as máis novos piden máis colaboración con universidades estranxeiras, máis apoio á investigación, información sobre cursos de posgrao e formación complementaria. Tamén solicitan máis orientación na procura de traballo e informacións sobre as técnicas e recursos necesarios para preparar entrevistas, resolver ou superar un conflito nas negociacións profesionais.

2.2.2 Ciencias do Mar

En xeral, a docencia desta titulación non recibe críticas, senón que é percebida satisfactoriamente. As críticas están referidas, especialmente, á empregabilidade. Suxiren que a universidade non se implica na defensa desta titulación para defender a validez do título perante á administración autonómica.

Os titulados/as que terminaron os estudos hai máis anos critican que ao ser unha titulación nova, os créditos non estaban ben distribuídos e aínda carece de impulso os estudos. Mencionan o intrusismo de químicos e biólogos e un claro desfase entre os estudos e a realidade profesional, ben como a necesidade do coñecemento de linguas, especialmente inglés, unha materia tan importante para traballar ou alargar estudos no estranxeiro.

Para os titulados/as de media idade resultou difícil inserirse no mundo do traballo e procuran máis informacións sobre as posíbeis saídas profesionais ao terminar os estudos, ben como unha maior abordaxe empresarial en consonancia coa realidade do traballo e que non só sexa unha titulación de orientación teórica focada á investigación. Polo contrario, os titulados/as máis novos non se mostran críticos coa docencia recibida, mais suxiren que se dispoña de máis materias e contidos focados á alimentación e á construción de obra marítima, xa que é unha das saídas profesionais en Galicia.

2.2.3 Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

As persoas tituladas nestes estudos manifestan unha valoración máis homoxénea entre as diferentes promocións e piden máis formación específica sobre xestión e certificados de calidade. Neste sentido, solicitan máis promoción neste sector e máis axuda na inserción profesional xunto coa creación de bolsas de emprego. En xeral, sinalan a necesidade de traballar con casos reais e un maior achegamento á empresa.

2.2.4 Física

Aínda que mal se pronuncian sobre a docencia recibida, as persoas tituladas achan imprescindible que o alumnado receba máis formación práctica nunha titulación que ten a ver tanto coas ensinanzas técnicas.

A proporción entre teoría e práctica non parece a adecuada. Insisten en que a relación universidade-empresa debe intensificarse e aproveitar mellor as posibilidades da tecnoloxía instrumental que ofrece o mercado, especialmente en Vigo onde son fonte de economía importante a pesca e a industria mecánica (automoción, etc.).

É escaso o número de respostas, mais metade delas insiste en que a universidade debe ser máis creativa, máis aberta, permitir a participación do alumnado nas iniciativas que se propoñen para esta titulación. Ofrecense a dar cursos no ámbito do cálculo e a simulación aplicados á enxeñaría con software libre.

2.2.5 Química

Mantéñense parámetros similares ás anteriores titulacións, xa que tamén solicitan que se ofrezca orientación profesional no último ano de estudo, máis prácticas profesionais e horas de clases de prácticas.

Coidan necesario que os contidos dos programas de estudo sexan coherentes e que os departamentos fomenten unha maior relación universidade-empresa, alargando convenios para facer prácticas e facilitar así a incorporación ao mundo do traballo.

Relativamente ás materias que se poderían complementar refírense áreas como a prevención de riscos profesionais e materias sobre tratamento de problemas e xestión de calidade.

No tocante á empregabilidade, parece que a investigación é unha saída profesional a esta titulación, polo menos así aparece reflectido nas respostas. Ao mesmo tempo o traballo no estranxeiro é referido por algúns inquiridos/as, mais para traballar en perfís distintos ao adquirido ou para facer Mestrados de calidade.

Para finalizar, unha reclamación que realizan de forma conxunta é que haxa unha maior unión coas industrias da zona e que se ofrezan Mestrados de temática ambiental no seu ámbito.

2.3 Ámbito de Arte e Humanidades

Para o desenvolvemento deste ámbito de coñecemento seguiu-se a mesma metodoloxía que a aplicada no científico, reflectindo as reflexións obtidas daquelas titulacións cun número significativo de respostas.

2.3.1 Belas Artes

Sobre a docencia existen varias opinións e tendencias. Así sendo, refírese a que se conseguiría maior satisfacción se os contidos da titulación estivesen máis en consonancia coas tendencias actuais, pois falta proporcionar un maior impulso á titulación e contacto co mundo da arte. As primeiras promocións teiman na necesidade de aprender habilidades e competencias transversais para desenvolver proxectos e comunicación neste sector.

En xeral, a empregabilidade destes estudos non parece favorábel a teor do analizado nas enquisas, xa que abundan as opinións sobre carencia de emprego, lacunas profesionais e falta de saída no mercado actual. Varios inquiridos/as solicitan que se axude máis aos estudantes a se inserir no mundo do traballo ao terminar. Que se promova o estudo de Belas Artes como cultura, xa que debe ser potenciada nunha sociedade moderna. Algúns refiren que o traballo conseguido non tivo relación directa cos seus estudos e que as posíbeis saídas profesionais concéntranse en traballar como autónomo ou crear unha empresa. Existe certo sentimento de frustración polas poucas oportunidades profesionais se non teñen a posibilidade de desprazamento a cidades máis grandes como Madrid ou Barcelona, onde encontran oportunidades profesionais, moitas veces despois de se especializar coa realización dun mestrado.

Como suxestións mencionan a falta de especialización e de materias máis en consonancia co mundo profesional e formación en software e linguas e en como xerir proxectos. En especial os máis novos subliñan a importancia do inglés, xa que é requisito de acceso a determinados mestrados.

2.3.2 Filoloxía Hispánica

As persoas tituladas nestes estudos non se pronuncian, en xeral, de forma explícita sobre a calidade docente. Para a maioría, a docencia académica recibida foi fundamental para a súa profesión porque adquiriron unha boa formación. No entanto, moitos non traballan de acordo ao seu perfil como filólogos especializados. Isto demostra que a formación universitaria non sempre, nen exclusivamente, está en función do traballo que se supón se vai encontrar. Existen queixas sobre a falta de práctica e de dominio da didáctica da lingua e a literatura, referíndoa como unha carencia importante nesta titulación. Existe moi pouca empregabilidade como docentes de hispánicas, especialmente nas promocións que completaron os seus estudos entre 1990-98. Por iso, ofrecer máis información sobre saídas profesionais é percebido como unha grande necesidade.

As persoas tituladas a partir do 2005-10 suxiren cursos de formación sobre sistemas educativos en países estranxeiros que procuran profesorado de español como lingua estranxeira. Tamén expoñen a necesidade de convenios desde a universidade con centros educativos na mesma cidade universitaria que aseguren prácticas aos estudantes durante a realización dos estudos.

No tocante aos Mestrados solicitan unha capacitación práctica e profesionalizante para mellorar as posibilidades de emprego no seu perfil específico. Os cursos online serán os máis indicados debido a que moitas persoas non poden acceder con facilidade aos presenciais.

2.3.3 Filoloxía Inglesa

Segundo as persoas inquiridas, a docencia desta titulación adoece de aspectos prácticos e en filoloxía, sexa cal for o idioma, a práctica é un dos compoñentes importantes, xa que supón favorecer os aspectos culturais, trocar puntos de vista, coñecer os hábitos e costumes do país e contextos das linguas que se está a aprender. As linguas non se aprenden de forma illada. Non teñen viabilidade os coñecementos adquiridos mentres non se apliquen con precisión e para iso é precisa a práctica. As prácticas en empresa son sinaladas como partes esenciais de todas as disciplinas, especialmente en empresas de comercio exterior, industrias, banca ou compañías navais en Vigo.

A empregabilidade, caso ter a formación adecuada no idioma, é alta debido á necesidade de inglés en tantos medios; isto é, en calquera contexto, quer profesional, quer laboral, quer educativo, quer profesional. Arránxase traballo tanto como docente, tradutor ou intérprete.

Relativamente ás posíbeis melloras, expoñen a necesidade de incluír materias de logopedia, elocución e utilizar ben a respiración para exercer como docente adecuadamente. Aprecian seriamente as estadias no estranxeiro e os programas de mobilidade, especialmente as bolsas Erasmus.

2.3.4 Filoloxía Galega

A docencia é avaliada satisfactoriamente nesta titulación, aínda que pouco actualizada aos métodos novos avanzados e lonxe da práctica real. O profesorado está realmente motivado na xestión dos tempos e os recursos á súa man para que resulte positivo o ensino para os estudantes. A empregabilidade é menor do que se podería esperar por descoñecemento das saídas profesionais, segundo algunhas opinións. As saídas profesionais son fundamentalmente o ensino medio e universitario.

2.3.5 Historia

Sobre a docencia, aínda que esta titulación proporciona unha boa base de coñecementos e sólida formación, manifestan que a práctica non está vencellada á teoría, facendo con que as materias non alcancen os obxectivos propostos. Apesar de ser unha carreira na que aparentemente a práctica non sexa necesaria, hai moitas posibilidades de non poder traballar de acordo ao seu perfil, polo que o alumnado debe ser preparado igualmente nos aspectos prácticos das materias. Para algúns, a Historia está moi focada á preparación de oposicións para aqueles que van ser profesores de ensino medio e, no entanto, comentan que as materias deberían estar máis diver-

sificadas como noutras universidades europeas. Pídese poder combinar a historia con turismo, con patrimonio arqueolóxico, con patrimonio documental e con actividades de difusión cultural, encamiñadas cada unha de elas a públicos específicos. Falta diversificación para ser máis produtivas e aplicábeis estas titulacións. Segundo as opinións expresadas, da maneira en que están formulados estes estudos, a empregabilidade é moi escasa.

2.3.6 Tradución e Interpretación

Segundo as primeiras promocións, os contidos das materias son xeralistas e o título obtido non prepara adecuadamente para o desenvolvemento da profesión. Neste sentido, suxírense que faltan créditos de tradución especializada, máis materias de idiomas e que diminúan as que tratan sobre teoría da tradución.

Teiman en que debe de haber máis dedicación ao ensino das ferramentas de tradución, programas informáticos reais de uso habitual na profesión. Tamén requiren informacións sobre o funcionamento das axencias de tradución no mundo real, as necesidades dos profesionais de lingua, a procura de traballo tanto dentro como no estranxeiro, ben como comezar e encarar o autoemprego.

As últimas promocións son menos críticas e piden máis orientación ao mundo do traballo e máis atención ao idioma como medio de comunicación en vez de tanta énfase na gramática e a sintaxe.

Sobre a empregabilidade, comentan que é complicado dedicarse exclusivamente a traducir, para iso moitas veces hai que ir a cidades grandes como Madrid ou Barcelona o ben emigrar ao estranxeiro.

2.4 Ámbito xurídico-social

Neste apartado agrupáronse as respostas das titulacións de Administración e Dirección de Empresas coa Sección de Empresariais da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais e a de Economía coa Sección de Económicas da Licenciatura en Ciencias Económicas e Empresariais, ben como as diferentes especialidades da titulación xenérica de Mestre/a.

2.4.1 Administración e Dirección de Empresas e Sección Empresariais de Ciencias Económicas e Empresariais

Un dos puntos fracos referidos polas persoas tituladas en Administración e Dirección de Empresas ten a ver con que os contidos dos programas non teñen unha adecuada combinación de coñecementos teóricos e prácticos.

Relativamente á empregabilidade, unha parte das persoas inquiridas acha que os titulados/as nestes estudos non estaban abondo valorados no mercado de traballo do seu ámbito. Algúns

coidan e pensan que existe moito intrusismo de bolseiros ou técnicos doutros perfís, mentres que outros afirman que esta titulación abre moitas portas aínda que custe acceder a un emprego de calidade.

Como propostas piden que haxa máis horas dedicadas á práctica, mormente en materias ligadas ás nóminas, contabilidade, fiscalidade, que proporcionen máis base para traballar con produtos financeiros ou xestión de impostos. Principalmente demandan máis casos reais e máis achegamento á empresa. Por iso, achan necesario que acudan profesionais a expor a súa experiencia na empresa privada e máis contacto co antigo alumnado. Solicitan unha maior orientación ao acabar os estudos, xa que estes titulados/as parecen decidirse máis cara o ámbito profesional que á investigación.

Sobre as materias complementares que poden ser importantes de cara aos novos planos de estudos mencionan a informática e os idiomas (inglés), ben como aumentar a competencia en áreas como a xestión de métodos e tempo e máis orientación no relativo aos trámites na AEAT, facturas, IVA,...

Os titulados/as que finalizaron os seus estudos por volta do ano 2000 demandan máis conciliación horaria cos Mestrados, horarios mellores e máis cursos de formación. Os máis novos, polo contrario, suxiren que as prácticas sexan obrigatorias ao terminar os estudos.

A docencia para os titulados/as na Sección de Empresariais de Ciencias Económicas e Empresariais era valorada, en xeral, positivamente aínda que manifestan que carecía de actualización, debéndose adaptar máis á realidade. O profesorado manifestaba bon coñecemento da teoría, pero menos sobre a empresa e os estudantes precisan ese coñecemento práctico.

Afirman que é indispensable promover un maior coñecemento e aprendizaxe de idiomas, sendo moi críticos con este tema. Suxiren tamén un maior desenvolvemento de autonomía de traballo, especialmente pola necesidade do emprego no estranxeiro. Fan grande énfase no desenvolvemento dun espírito crítico na universidade polo importante que pode ser para favorecer a empregabilidade e arranxar mellores traballos. En xeral, móstranse moi críticos pola pouca ligazón da universidade coas empresas, comparan a súa situación e a súa universidade, da que se orgullan, coa organización da mesma en países europeos.

2.4.2 Economía e Sección de Económicas de Ciencias Económicas e Empresariais

A maioría dos que responderon a enquisa solicitan máis prácticas con profesionais, máis ligazón universidade-empresas e convenios para conseguir experiencia e menos carga teórica. Tamén máis compromiso por parte dos profesores para que axuden a conseguir metas e obxectivos que se deben formular nesta titulación.

Os programas académicos deben estar orientados á formación do alumnado cara a empresa, pois o que se estuda non prepara para o traballo, só para o estudo. Piden incentivar as prácticas

como algo máis necesario e insisten no ensino de idiomas. Algúns defenden que a información recibida, aínda que non sexa totalmente a adecuada, é a base para comezar a formarse, xa que se adquiren as capacidades propias da titulación.

Relativamente ás suxestións, solicitan que continúe o contacto coa universidade e ofrecen os seus coñecementos de xestión económica e a súa experiencia. Outra parte dos titulados/as pide que se ofrezan máis cursos profesionais e Mestrados públicos de posgrao. Algúns non encontran posibilidades de traballo no noso ámbito territorial e víronse forzados a emigrar para outro país. A falta de coñecemento de economía global tamén é unha queixa e outros admiten que só encontraron traballo após un mestrado de especialización.

2.4.3 Diplomatura en Ciencias Empresariais

No tocante á docencia, as promocións máis antigas afirman que o profesorado procedente da empresa privada non resultou acaído. Este colectivo solicita máis ofertas de Mestrados e cursos de formación de posgrao online, con formación a distancia, aulas virtuais,... Por outra parte, son os que máis se ofrecen para colaborar coa universidade.

As persoas tituladas de media idade, en xeral, solicitan máis prácticas, máis soporte na procura de emprego e compartir experiencias cos antigos alumnos. Tamén consideran esencial ofrecer máis información e orientación sobre expectativas de ocupación, máis axuda e guía xunto cun sistema sólido de bolsas. Neste sentido, coidan que son necesarias máis charlas e máis achegamento á empresa, ben como ao ensino do inglés.

Os titulados/as máis recentes teiman na necesidade de que esta titulación sexa moito máis práctica. Faltan prácticas en empresas e bolsas de emprego, ben como adecuar a oferta da titulación á procura das empresas. Tamén solicitan que desde as redes sociais da universidade se facilite máis informacións sobre o mercado de traballo e o tecido empresarial de Vigo. Consideran de grande importancia que melloren as axudas económicas aos programas de mobilidade para realizar prácticas no estranxeiro.

En xeral, solicitan máis aproximación á empresa real. As súas queixas non se focan tanto na baixa empregabilidade, como noutras titulacións, senón máis ben na falta de experiencia e ausencia de prácticas. A demanda de prácticas dáse especialmente entre os máis novos, contra os de máis idade, e piden máis contacto coas empresas.

Como suxestións para mellorar o plano de estudos indican que faltan cursos de actualización de materias: do traballo, contábel e fiscal, ben como o ensino de programas informáticos de xestión integral.

2.4.4 Ciencias da Actividade Física e do Deporte

A docencia nesta titulación é valorada satisfactoriamente, aínda que achan necesario que os contidos das materias se acheguen ás necesidades da realidade. Moitas delas están pouco conformes ás necesidades que requiren traballos de recén creación como animación turístico-deportiva ou traballo con crianzas.

Entre as suxestións, novamente obsérvase a teima en dispor de horas prácticas reais na titulación, do contrario é moi difícil arranxar emprego e por iso se ten que favorecer a experiencia práctica desde a universidade. Tamén se insiste en que o coñecemento de linguas é fundamental e que se mellore a oferta tanto de cursos de formación continuada como de posgrao.

Sería conveniente que se dese máis publicidade sobre o interese desta titulación, que se fagan convenios interesantes e se prestixien os bons profesores. Interesa a especialización en determinados deportes e poder contar con deportistas de elite. Achan que a especialización debería iniciarse algún curso antes de finalizar a carreira, suxestións formuladas polas promocións máis recentes, orgullosas e interesadas na súa titulación.

2.4.5 Dereito

A principal discrepancia no tocante á docencia prodúcese polo exceso de teoría e a falta de adecuación do ensino á realidade social, tanto como dos contidos que se estudan ou da metodoloxía desde a que se lecciona. Achan que a maior deficiencia destes estudos é a falta de conexión co mundo do traballo, a falta de prácticas que permitan coñecer realmente o exercicio da avogacía, o dereito aplicado aos casos reais. Unha maior ligazón entre persoas tituladas e o alumnado favorecería poder aprender da práctica e aplicar a teoría estudada. A maioría incide na carencia de formación práctica.

Sobre a empregabilidade proporcionan escasa información, mais encontraron traballo especialmente as promocións do 2001-05, ben mediante oposicións á administración galega, en escritorios, gabinetes privados, asesorías xurídicas ou, nalgúns casos, no ensino universitario.

As suxestións están orientadas a que se proporcionen máis prácticas na titulación, máis encontros con titulados/as, seminarios permanentes, trocas de coñecemento e información académica e de traballo ou de formación. Que a universidade oferte cursos de formación continuada, mestrados, cursos de posgrao de fácil acceso, cursos online para poder realízalos aínda que se traballe e sen tantos impedimentos burocráticos, como ás veces acontece, que impiden que os titulados/as se podan inscribir con facilidade. Porén, exigen que os cursos de especialización ou mestrados se publiciten co nome do profesorado que dará as aulas, ben como que se controle a calidade da súa formación.

A diferenza doutras titulacións, suxiren como materias complementares a aprendizaxe de oratoria, tan importante nos xuízos e nesta carreira en xeral ou como organizar un gabinete xurídico.

2.4.6 Dirección e Xestión Pública

Os inquiridos/as nesta titulación son minoritarios e non se pronuncian sobre a docencia, mais si sobre a empregabilidade, onde parece que o máis interesante é a vía de acceso á función pública. Ao seren estes postos de traballo que requiren oposicións, pronúncianse pola preparación dos titulados/as, argumentando que ao ser esta a súa principal vía de acceso ao mercado de traballo, débense levar a cabo máis cursos de especialización de cara á preparación de distintas ofertas públicas de emprego.

As respostas son negativas no sentido de que perciben falta recoñecemento na hora de acceder á administración pública e se declaran estar en desvantaxe face outras titulacións como ADE, Dereito, etc.

2.4.7 Mestre/a (grao e diplomatura)

Os estudos de Mestre/a necesitan profesores e sistemas de liberdade amplos e xenerosos que coñezan ben as necesidades do alumnado infantil, da súa natureza inquieta, aberta ao coñecemento, ao xogo, non á norma ríxida. Este alumnado non é homoxéneo, pois depende da súa faixa de idade, extremo que debe ser considerado. Por iso a docencia debería de estar en consonancia con estes ideais.

En xeral, perciben a docencia e a universidade como positiva, mais admiten que na hora de comezar o traballo, descóbreanse carencias no uso das TICS, novas metodoloxías e actualización docente que deberían ter antes de concluír os seus estudos.

Sobre a empregabilidade, varios fixeron mestrados sobre dificultades de aprendizaxe, procesos cognitivos e en dirección e xestión de centros educativos. Algúns diplomados/as achan interesante combinar esta diplomatura con certos módulos de FP, cursando un ciclo medio para encontrar mellor traballo. Todos teiman no interese de que a universidade ofrezca cursos de actualización de contidos e aprendizaxe de linguas. A universidade debe controlar a oferta para que non haxa fraude. Moitos mestres/as encontran máis fácil a empregabilidade ao teren completado os estudos de Pedagogía, Pedagogía Terapéutica, Primaria e Orientación.

Relativamente ás suxestións, a universidade debe ofertar programas e actividades baseadas en experiencias extra-docentes, seminarios e accións formativas de actualización de coñecementos e formación permanente, gratuíta e frecuente.

No ámbito da educación, as primeiras promocións (1995-98) da especialidade en Educación Primaria, non son tan críticas coa docencia e en xeral louvan a iniciativa da enquisa. Achan que debe haber mellor coñecemento do traballo que o que se leva a cabo en centros de educación especial na titulación de Mestre/a. Valórase como unha titulación vocacional, de lousa e patio e, portanto, achan que a universidade debe ofertar formación continuada.

As primeiras promocións de persoas tituladas nesta especialidade afirman que hai que promover máis a formación permanente do profesorado. Os comprendidos en idades intermedias piden principalmente máis materias prácticas desde os primeiros anos de inicio dos estudos e tamén que existan materias encamiñadas á preparación de oposicións, xa que esta é unha das grandes saídas destes titulados/as. De feito, algunhas opinións indican que o que máis lles serviu para o exercicio como docente foi o que aprenderon durante a preparación destas oposicións nas que adquiriron novas técnicas de innovación educativa.

Os máis novos solicitan que haxa máis bolsas de axuda pre-doutorais e máis convenios con institucións educativas para favorecer a inserción profesional ao terminar os estudos xa que non existen opcións no mundo de traballo real. Así mesmo, algunhas opinións indican o desexo de profundar en aspectos legislativos e de funcionamento de institucións escolares.

No ámbito das materias que poderían complementar os estudos actuais algúns refiren a posibilidade de incluír materias que traten a problemática de distintos trastornos presentes nos centros educativos e, destarte, potenciar a formación de mestres en atención á diversidade, por exemplo, en trastornos cada vez máis presentes como TDA, TDH.

As persoas tituladas na especialidade de Educación Infantil formulan queixas ligadas aos coñecementos, os cais non deben ser só teóricos mais tamén prácticos na aula, sendo necesario o aumento de horas prácticas reais. Os estudos do primeiro ciclo no Grao en Educación Infantil son de grande importancia para asegurar as bases do coñecemento.

Quéixanse os inquiridos/as da escasa e deficiente formación coa que terminan a carreira para comezar a traballar. Mal teñen coñecementos das necesidades especiais da profesión. Debería de haber materias máis focadas a traballos e cursos para ir mudando o sistema educativo.

Sobre a empregabilidade, debería haber axudas e bolsas de traballo para procurar complementos de formación. Tamén piden que se publiquen máis saídas profesionais, para alén das oposicións, e que haxa máis apoio ao alumnado. En ocasións, os traballos que encontran non coinciden co perfil da titulación e outras veces teñen que complementar a súa formación con outra titulación como, por exemplo, a Licenciatura en Psicopedagogía.

No tocante ás suxestións, solicitan posibilidades de cursos ou mestrados como formación continuada e posibilidade de facer un Grao para as persoas que xa traballan. Demandan información constante entre universidade e persoas tituladas. Os titulados/as das últimas promocións solicitan máis formación en innovación, detección e intervención da diversidade en aulas. Tamén suxiren que os períodos de prácticas se realicen antes de terminar a carreira, non no final, para poder aplicar a teoría que se está a estudar á práctica escolar. Alén diso, valoran a implantación de programas de intercambio e máis cursos focados na docencia.

As persoas tituladas de xeracións intermedias reclamaban unha mellor avaliación do alumnado en prácticas docentes e unha maior actualización no ámbito da metodoloxía docente.

2.4.8 Educación Social

No caso particular desta titulación, insisten en que debe conter máis prácticas e ofrecer un listado actualizado de sectores onde poder traballar. Os programas académicos deben estar en consonancia coa formación que necesitan para traballar nas empresas. Coidan absolutamente imprescindible o coñecemento de linguas.

A empregabilidade non está ben valorada debido ás poucas saídas e contratos de categoría inferior en empresas privadas, excepto aqueles que arranxan traballo como funcionarios ou os que polo seu dominio excelente de linguas conseguiron un traballo interesante. Quêixanse de que os estudantes deberían saber as escasas posibilidades de traballo desta titulación antes de comezar a carreira para evitar frustracións. Moitos teñen que emigrar ao estranxeiro perante a incerteza de non arranxar un traballo adecuado aos seus coñecementos, e os que o encontran, son salarios baixos. Con respecto ás carencias dos planos de estudo, mencionan a de traballar todas as fases de prevención, atención e rehabilitación.

2.4.9 Publicidade e Relacións Públicas

No tocante á docencia reclaman máis horas de práctica, menos teoría e prácticas de traballo de carácter obrigatorio. Tamén reclaman máis formación relativamente ás novas tecnoloxías, Internet ou a publicidade online.

Na titulación falta formación en técnicas de investigación que sirvan para traballar na comunicación desde calquera aspecto e localizar as fontes de información, pois as necesidades das empresas privadas son diferentes ás das institucións públicas, como se ve na elaboración de campañas, preparación de mensaxes, etc. Todo é diferente en cada situación, por iso, se as ferramentas de investigación fosen coñecidas, o traballo sería máis eficaz.

Para acceder ao mercado de traballo, algúns tiveron que saír de Galicia para encontrar traballo fóra. O autoemprego está moi estendido entre as persoas tituladas desta titulación, dedicándose á organización de eventos, dirección de festivais, gabinetes de prensa, consultorías,...

2.4.10 Psicopedagogía

Segundo as opinións recollidas, falta especialización nos docentes. Os contidos están lonxe da práctica docente e falta focalos á vida profesional. Se unha saída son as ofertas públicas de emprego, deben ser informados máis e mellor sobre o seu funcionamento e preparación. O alumnado adquire unha base cultural importante, mais non parece existir unha saída laboral concreta. Son valorados positivamente os complementos de formación en mestre/a ou pedagogía. Sería recomendábel potenciar a formación sobre igualdade de xénero en educación.

2.4.11 Comunicación Audiovisual

Os titulados/as das promocións próximas do ano 2000 afirman que a docencia debe ser máis práctica e que ten de existir máis especialización segundo áreas e tamén que as prácticas de traballo sexan obrigatorias. Demandan cursos de especialización, ben como unha focaxe máis aberta e internacional na universidade. Os máis novos, polo contrario, piden mellorar a comunicación e o intercambio de ideas e experiencias profesionais co antigo alumnado e que se propoñan máis cursos de formación continuada.

2.4.12 Relacións Laborais

Teiman na necesidade de intensificar a aplicación práctica e diminuír a parte teórica das materias, beneficiando así a empregabilidade. No tocante ás materias que deberían estar incluídas no currículo académico, mencionan as de ámbito xurídico aplicadas ao contexto do traballo real.

As promocións máis recentes (anos 2014 e 2015) desexan seguir especializándose e alargar estudos. Solicitan máis información e posibilidades de validación e de acceso a outros estudos (De-reito). Que se ofrezan mestrados especializados é unha demanda recorrente, xa que actualmente teñen que desprazarse a outras universidades, o mesmo acontece cos cursos de actualización de estudos presenciais e online, seminarios ou conferencias sobre dereito do traballo, seguranza social, que son temas sobre os que se precisa un coñecemento actualizado e a universidade debe procurar rigor nos contidos da oferta destes seminarios ou cursos.

Con respecto á empregabilidade, hai varios exemplos de boas saídas profesionais, especialmente nas primeiras promocións e, en moitos casos, debido á actitude da persoa. Tamén, entre os inquiridos/as, hai persoas que traballan en varios sectores, e comentan teren traballado sempre adaptándose ás situacións, desde a docencia até o asesoramento xurídico, xestión de librarías ou nos corpos policiais.

A maioría de persoas tituladas arranxan traballos de distinto tipo, en consellarías de traballo, en departamentos de emprego, como Técnicos de Desenvolvemento Local, como Orientadores Locais, Docentes de Cursos de FLP, AFD, xefes de persoal, asesorías de empresa. Estes estudos deben dedicar máis os seus esforzos á formación e dominio de habilitacións por parte dos estudantes. Saber resolver problemas en calquera situación, falar en público, traballar en equipa, adaptarse a distintas situacións do traballo, a mudanzas no traballo, etc.

2.4.13 Traballo Social

Segundo as persoas tituladas nestes estudos a docencia debe ser reforzada mediante as prácticas na profesión, xa que é de grande importancia para o estudantado.

Piden preparación lingüística e retórica de cara a realizar entrevistas de traballo e menos teoría e máis compromiso coas empresas para facer prácticas en diferentes seccións; isto é, maior impli-

cación da universidade que debe ensinar o recoñecemento do esforzo das persoas e remunerar en función do traballo ben feito. Son esenciais os cursos de inglés e informática e a actualización dos coñecementos dos profesores e os programas.

Relativamente á empregabilidade, con frecuencia optan por facer funcións en ONGS, porque non hai moitas outras saídas. Parece que nesta carreira é máis fácil encontrar traballo se se realizaron módulos como un ciclo superior de integración social. É frecuente que estes titulados/as teñan que facer algún curso de especialización.

Ofrécense para colaborar en seminarios e ensinar xestión de programas de estudo que se están a realizar sobre a Renda Básica Universal, sobre obrigacións fiscais e de traballo da administración ou ben sobre treino práctico perante o mercado de traballo.

2.4.14 Turismo

Mantense a tendencia de solicitar máis práctica en detrimento da teoría e tratar casos reais para ir cara unha especialización, ben como orientar ao alumnado sobre posíbeis saídas profesionais. Mencionan a posibilidade de que tamén se foque ao patrimonio e turismo cultural en vez de cara á economía para así aumentar a empregabilidade. A experiencia profesional máis frecuente está focalizada en dous sectores de actividades fundamentais: comercio e turismo.

2.5 Ciencias da Saúde

2.5.1 Enfermaría

Ao igual que outras diplomaturas e licenciaturas, non parecen pronunciarse sobre a calidade da docencia en si mesma, mais refiren a carencia de especialización e a falta de acceso aos mestrados e cursos de posgrao.

Sobre a empregabilidade, a diferenza doutras titulacións, non existen grandes queixas. Así sendo, as primeiras promocións (1991-97) parecen ter arranxado emprego en hospitais, escolas universitarias, unidades de urxencias e institucións privadas. Resulta interesante ver como ten favorecido ao sector, especialmente ás promocións máis recentes (2011-13), o feito de o Ministerio, na rama de Sanidade, ter proposto a expedición de títulos de especialidades como a de Enfermaría Pediátrica, entre outras, o que supuxo alargar a empregabilidade.

As suxestións que propoñen son referidas a unha maior integración entre teoría e práctica nos estudos, sen tantos contidos en Dereito ou Economía. Teiman, con firmeza, na necesidade de que a Universidade de Vigo ofrezca cursos de especialización, seminarios que, de forma sistemática, ofrezan orientación de emprego, mestrados, cursos de posgrao, especialmente para os recién graduados/as que reverta nunha maior preparación para o exercicio adecuado da profesión. Quéixanse da necesidade de enfermeiras e enfermeiros que existe no país e, no entanto, non se

preocupan as universidades de facer valer os seus títulos para que non se despracen os seus titulados/as por non encontrar traballo.

2.5.2 Fisioterapia

Achan que a docencia, ao igual que no resto de titulacións, debe adaptarse aos novos tempos con métodos innovadores. É unha titulación con máis respostas entre as últimas promocións (anos 2010-14) e suxiren que os profesores de universidade de materias eminentemente prácticas deben ter experiencia profesional. Nestas materias non deben primar os criterios de investigación teórica mais os aplicados á práctica e deben ser profesionais experimentados na mesma os que expliquen os contidos. Critican a ausencia de posgraos oficiais de especialización e cursos que ofrezan distintas perspectivas sobre a titulación.

2.6 Mestrados Universitarios

Aínda que costuman estar mellor valorados que os ensinos de grao, as persoas tituladas en mestrados seguen encontrando deficiencias na súa formulación, especialmente no que di respecto duns contidos de perfil pouco profesional que facilite a empregabilidade. De novo, os inquiridos/as en xeral e particularmente os que cursaron Mestrados pertencentes ao ámbito tecnolóxico seguen mostrándose moi críticos co sistema educativo e o planeamento docente dos cursos e non aceptan que un curso de especialización deste tipo resulte de pouca eficacia na hora de inserirse no mundo do traballo. Tanto as primeiras promocións como as máis recentes que cursaron un mestrado propoñen unha mellor combinación entre teoría e práctica e critican a ausencia de prácticas de emprego ou a curta duración do programa. Neste caso, non se dan tantas queixas polo exceso de carga teórica mais que a grande demanda se concentra en revisar a proporción entre teoría e práctica nas distintas materias. Un aspecto que recibe especial atención é o relativo ao establecemento de mecanismos que faciliten o acceso dos estudantes ao traballo, como é, por exemplo, a creación de bolsas de emprego propias do mestrado.

Apesar de existir opinións positivas, tamén se observan certas críticas ao proceso de ensino e á calidade docente, notando unha falta de innovación e actualización nas materias dadas. Estas deben ser novas, elaboradas de forma específica para o curso e destinadas á consecución duns obxectivos concretos e non como unha simple extensión das cursadas durante a titulación, con practicamente os mesmos contidos. Así mesmo, exigen que acudan profesionais externos que acheguen un coñecemento directo da empresa e que saiban transmitir as súas experiencias profesionais ao alumnado.

No ámbito científico, a adecuación das prácticas á teoría é tamén o aspecto peor valorado. A perspectiva xeral concéntrase en que a docencia e a investigación deben estar máis orientadas ao ámbito profesional, ás procura do mercado, e non tanto ao ámbito científico para servir como apoio ás investigacións en curso dos docentes. En opinión dalgúns inquiridos/as, créanse expectativas de traballo infundadas, a diferenza, por exemplo, do modelo anglosaxón, no que formación e traballo están directamente relacionados.

No ámbito da arte e humanidades os efectos da crise sentíronse especialmente. Para alén da falta de prácticas observada pola maioría de inquiridos/as, obsérvanse carencias na organización e actualización de contidos. Nos mestrados máis creativos, por exemplo, demándase principalmente a actualización aos novos métodos de comunicación. A empregabilidade neste sector moitas veces concéntrase nas ofertas públicas de emprego ou na emigración ao estranxeiro, con máis opcións de traballo para estas persoas tituladas. De pouco serve ter o título de mestrado sen experiencia de traballo e, portanto, o grao en satisfacción do estudante coas metodoloxías empregadas diminúe, se os coñecementos, habilidades e actitudes propostos non poden ser aplicados.

Nos mestrados pertencentes ao ámbito xurídico-social, cun alto grao en respostas, as opinións entre as primeiras promocións son máis desfavorábeis que entre as máis recentes. Obsérvase unha tendencia á mellora aínda que, de novo, a demanda de prácticas é común en todas as promocións, o que provoca unha avaliación negativa da coordinación, organización e satisfacción durante a realización das prácticas realizadas.

Relativamente á docencia, o desenvolvemento do sistema educativo e os contidos das diferentes materias son percebidos como algo afastados da realidade profesional e pídese máis ligazón entre estes sectores por parte das universidades tanto en nivel nacional como internacional. Nos últimos anos principalmente, é necesaria a introdución de novos materiais adaptados ás exixencias da docencia da era dixital como páxinas web que sirvan de encontro entre titulados/as e profesionais como xa se fai con suceso en moitos mestrados. Son moi valoradas a orientación e guía por parte do profesorado, ben como a figura do titor de mestrado. Como suxestión, mencionan o inglés e as ferramentas informáticas que nos últimos anos resulta imprescindible dominar xunto coas novas tecnoloxías.

Ao ser un grupo máis numeroso e confluír varios estudantes de doutoramento, outra grande demanda é que se facilite a posibilidade de mellorar o acceso e formulación dos cursos de doutoramento aos estudantes que o solicitan e que se aumente o número de bolsas e axudas para a realización de mestrados, opinión expresada principalmente polas promocións máis recentes. Dáse a circunstancia de que varias destas persoas tituladas decidiron cursar ou están a cursar o doutoramento, o que indica que se procura a especialización mediante a realización de cursos adicionais. Sobre a empregabilidade, manteñen que o aprendido non concorda coa realidade empresarial e que faltan acordos con empresas. O mestrado debe ser deseñado para o acceso profesional e debe contar cunha maior implicación por parte da universidade, co que probabelmente se logre unha mellor valoración do mesmo.

Estas valoracións, en xeral, concordan coas expresadas tamén polos titulados/as do ámbito das ciencias da Saúde que, do mesmo modo que no resto de ámbitos, suxiren a necesidade dunha maior oferta de formación non presencial ou online.

En conclusión, o grao en satisfacción no tocante ao cumprimento das expectativas dos inquiridos/as non parece moi elevado debido principalmente á sensación de falta de ligazón co futuro

